BOLETIN

DE LA

REAL ACADEMIA GALLEGA

Año LXVIII - Tomo XXXII | La Coruña, enero de 1975 | Número 357

ENCONTRO

Man na meixela, face cavilosa,
ecoante no ouvido a melodía
de árbores e regatos, Rosalía
no ceo azul soñaba a Terra nosa.

Erguéuse de contado, xubilosa.
¿Quén chegaba ao Alén? ¿Tolearía?
Aquela recollida lanzalía,
a caletrante ollada, preguizosa...

¡Era o mesmo Daniel! A criatura
a quen ela, fitando dende a outura,
por irmá tivo sempre na saudade.

Foi deica íl. Acesa de amizade
tendéulle a man iluminada e pura,
e ofrecéulle o seu lar na Eternidade.

SEBASTIÁN RISCO

COMENTARIO SEMIOLÓXICO E SOCIOLÓXIGO DUN TEXTO DE CASTELAO

Por X. ALONSO MONTERO

1

Propóñome facer un análisis sociolóxico e semiolóxico dun texto de Castelao, un texto que, además de pedir a berros semellante tratamento, poidera ser revelador. Trátase do primeiro relato do segundo libro de "Cousas" publicado en 1929. Que figure na porta do volume non debe ser casualidade. Compre, pró meu ouxetivo, reproducilo inteiro.

2

Si eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ó redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío i enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e dín cousas tristes que fan rîr, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen de risa os do *patio de butacas*.

E cando se fartan de rîr os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto i enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rîr, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rîr a cachón, baixará o pano moi amodiño.

3

Vexamos, en primeiro lugar, nestes dous actos de comunicación, os términos que coinciden:

— O emisor (un suposto autor de teatro).
— O código (a língua galega).
— O medio ou canle (un escenario).

Rexistremos xa a primeira discrepancia:

— No lance primeiro o asunto do mensaxe podería resumirse deste xeito: Unhos labregos, ós que lles morréu unha vaca, choran a fío e láianse con ditos maiúsculos.

— No segundo lance o asunto podería resumirse así: Xente do señorío, á que lles morréu unha cadeliña, choran a fío e láianse con ditos maiúsculos.

Tanto nun mensaxe como noutro os asuntos —distintos— semellan remitir a un mesmo tema: a perda de algo que nos doi. Si se entende que os datos e os episodios dun asunto inventaos e arránxaos un autor pra expresar axeitadamente un tema, no primeiro cadro o asunto expresa A pra ús e B pra outros, e no segundo o mesmo asunto expresa B pra quenes denantes entendían A.

Está ben patente que o status, que a situación socioeconómica, é a responsable dunha e de outra interpretación. A clase social, pois, condiciona a nosa sensibilidade, as nosas valoracións e o noso talante ante o arte mesmo. Esto parece suxerir Castelao. É un erro creer que no eido das humanidades 2 + 2 son catro; a verdade é verdade de clase, de tal xeito que tan certo é cinco coma tres (o catro é a idea que, ó marxen da complexidade sociolóxica da realidade, grabaron en nós os pregoeiros da Verdade, do Ben e da Beleza).

A peciña que estamos a comentar, máis que un conto, máis que un guión dunha obra de teatro, é un test, un test literario. Tal test proba elocuentemente que a clase social do destinatario condiciona a leutura do mensaxe, feito ó que non debe estar alleo o emisor, o creador. Neste test Castelao parece non manifestar preferencias (nin cos labregos nin coas fidalgas) xa que nos dous casos, cando íl se mete nos feitos, cando íl valora os feitos, exprésase así:

a) "...ditos paifocos de xentes... que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia".

b) "...ditos tristes que fan rír porque a morte dunha cadela non é para tanto".

Castelao esfórzase en adoutar un punto de vista superclasista: está por derriba de labregos e fidalgas, e, no intre de subestimar o comportamento de ús e de outros, non descalifica máis ós segundos que ós primeiros (ou sexa, esfórzase en aparentar a mesma inxusticia ou incomprensión con aquéles e con éstes). Mercede a esto, a este truco do test, nós, os leutores, non temos máis razós contra a vaca que contra a cadela. Deste xeito Castelao propónse que adoutemos o seu punto de vista (un punto de vista por enriba das clases). Agora ben, íl sabe que non o vai conseguir porque nós tamén somos dunha determinada clase, non necesariamente estimada.

Chegados eiquí, impónse preguntar: ¿Hai algún dato ou recurso na peciña comentada pola que asome Castelao a orella da parcialidade? Penso que sí. Repárese que nós saímos do teatro cando aínda sonan as gargalladas do pobo —non as dos señoritos—, cando o pobo está a manifestar a súa incomprensión ante o comportamento da outra clase social. Realmente o res-

ponsable do final, de que o final apareza protagonizado polo pobo, é, a nivel consciente ou subconsciente, Castelao. "Cousas", o libro ó que pertence este test, é un libro de manifesto antiseñoritismo, de aberta simpatía ás xentes do común. Sáibase, de tódalas maneiras, que hai dibuxos de Castelao, non poucos, onde a posición asumida é, decididamente, a popular. Nun deles unha nena probe do campo opina que o rei "comerá zucre", opinión propia dunha determinada visión do mundo.

Unha das leucións de Castelao reside eiquí: en amosarnos a nós, ós que sabemos que os reis xantan e cean caviar, que hai xentes que teñen unha conceución das cousas tan "real" coma a nosa. Esa conceución —despréndese dos mensaxes de Castelao— pode trocarse por outra cando cambien as realidades socioeconómicas que a condicionan. Neste "affaire" non pode haber hoxe por hoxe neutrales: ou se está coa cadela ou se está coa vaca.

SEMPRE EN CASTELAO

Por VICTORIA ARMESTO

Pensando sempre en Castelao coma íl sempre pensóu en Galicia, hoxe, no 25 cabo de ano do seu pasamento, lembrámonos saudosos daquil o seu engado enfeitizante que conquería os corazós.

Tense dito, e o noso filósofo Ramón Piñeiro percisóuno con belidas verbas, que Alfonso Rodríguez Castelao representa a concencia da Galicia. Era un home dunha fonda sinxeleza moral; o pobo olla nil o exemplo adoitado do home puro, alonxado de corrupción, o home patriótico que, doente pola saudade do eisilio morréu, coma diría o poeta irmán: "do mal dos bós e xenerosos, morréu do mal da terra".

Se a sinxeleza moral é sempre difícil de conquerir, o atranco foi maior nos tempos de Castelao que fora naqueles mainos dos devanceiros.

É verdade que, na mocedade, o mozo Castelao metéuse, ou metérono, nas pequenas loitas locaes do seu Rianxo nadal, nembargantes, no intre en que Castelao comprométese co o galeguismo, a traveso das *Irmandades da Fala* vaise alonxando da política cativa pra non se precurar senón daquela Galicia ideal que, coma unha estrela de prata brilaba no intre da súa concencia.

Ao mesmo tempo, asegún dixo fai poucos días un crítico literario que fora o seu amigo e discípulo no Instituto de Pontevedra, a traveso do galeguismo o arte do mestre Castelao tórnase máis fondo e ferinte. Dende o ano 1916, cando milita nas *Irmandades da Fala,* érguese até acadar a mesma categoría dun Daumir, dun Grosz, ou dun Hersfield, pois non se trataba somentes

da creazón artística senón de se servire dela coma vehículo que dictara un código moral.

Na súa percura de sinxeleza social a persoalidade de Alfonso Rodríguez Castelao vaise espritando até o punto en que, sen íl mesmo se decatare, entróu vivo na compaña dos mortos inmortáes que cantara no seu derradeiro discurso "Alba de Groria".

Semellante a Rosalía, denantes de morrer fíxose mito, cecáis porque ollando pra súa faciana inteleitual ollábase pra faciana doente da Galicia.

* * *

Irmáns, temos vivido tempos de infinda crueldade e por iso todos, inda aqueles que un día éramos nenos, levamos no corazón unha fonda ferida. O medo quedóu pendurado dos espritos como as pinas dos albres arousanos e por iso ún dos nosos novos poetas recoñece chorando: "Cánto terror levamos os homes".

* * *

Castelao: unha estrela da espranza. Nil ollamos o esprito inmorrente da raza, o xenio da terra, a estrela dos dilectos, a moral do pobo.

O mestre enseñóunos que non se lle pode ter medo ao pobo coma lle tiñan os vellos burgueses, porque o pobo e bóo e leva a costas un longo sofrire.

* * *

Unha proba de que Galicia non está morta, que alenta aínda a vella forza doutros tempos máis groriosos e que nela podan nascer seres coma o noso Castelao que alumean de novo a nosa espranza, que camiñan diante de nós pola beira de Nazaret.

* * *

Por iso, ficando en Castelao a nosa espranza, tódolos intentos de desmitificar a súa persoa, inda aqueles feitos coa millor das intenciós, deixan en nós un certo desacougo. Non é doado meter ao mestre en estructuralismos ou en capelas políticas.

Aínda eu, que teño o xenio ironista, pra falar de Castelao, gostaría ter o dose talento poético dun Platón na percura do seu mestre Sócrates.

* * *

Non se pode rebaixar a persoalidade moral do mestre fazéndoo correligionario desta ou aquela política. Castelao non pertece a ista ou aquela familia, non é da Cruña nin de Pontevedra.

Pertece igoalmente a todos os galegos que sintan a nosa terra e aos probremas da terra, aqueles que, sen acadar a outa sinxeleza, teñan anceios dunha maior perfeición moral.

* * *

Naquela Galicia, inda feudal, poboada por labregos, mariñeiros, velliñas, nenos famentos, cegos —amados polo noso artista— cregos de xamós e latines, caciques bóos e caciques maos (que os había das dúas crases), fidalgos e señoritos cursis que non querían falar o galego..., isa Galicia que refleixan os dibuxos e as caricaturas de Castelao, a persoalidade do mestre xurde igoalmente belida na súa faciana humán.

¿Cóma coñecer a Castelao e non querelo? Tense dito que o querían até os adversarios da política, que enemigos non os tivo endexamáis. A súa fina faz inteleitual aseméllao a un Bert Brecht, máis amabel. Foi atraente o seu físico: un home longo cal se na lesma longura a natureza mostrara a superioridade do mestre: Gulliver nun país cativo. A traveso dos anteollos os ollos do ironista, diría o poeta Pimentel, tiñan isa craridade profunda, queda, que algunhas veces sorprendemos na mar.

A *simpatía* de Castelao foi universalmente recoñecida. Cando fincaba desterrado en Badajoz o seu jefe chegóu a pedirlle sorrindo: "Castelao, haga el favor de no volver a la oficina, porque cuando usted aparece ya nadie trabaja".

* * *

A forza do seu engado cooperaba tamén a dualidade persoal: fillo do pobo Castelao pertecía polo ascenso de status emigratorio a cativa burguesía dunha vila. Na persoa do mestre óllanse

mariñeiros e labregos e opositores de crase meia (Castelao opositóu dúas veces pra gañar primeiro un duro diario e logos dous). Inteleitual, universitario, doutor de feitura europeizante, dono da cultura propia e allea, a ironía popular xurde a traveso do seu arte. É unha ironía que fuxe do sarcasmo.

Castelao é un moralista de vello roupaxe que mostra as chatas dunha sociedade inxusta tolamente aferrada a unha escala valdeira de valores.

O amor ao pobo, o amor á terra, á convivencia eisistencial, ista é a leición do mestre Alfonso Rodríguez Castelao.

ESQUEMA ARGUMENTAL DE "OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE"

Por RICARDO CARBALLO CALERO

A traxicomedia *Os vellos non deben de namorarse,* peza de literatura culta, non pode poseer un esquematismo tan acusado como un testo tradicional, ou unha obra pertecente a un xénero infraliterario, por máis que tal obra —a suposta— apareza como composta por un autor individual. A literatura popular —o conto tradicional, a novela folletinesca, rosa ou policíaca— artéllase mediante estereotipos que lle imprimen un carácter arquetípico, e esto permite construir con facilidade o modelo estructural do que o espécimen é realización. A literatura de intención artística persoal rompe aqueles moldes, e, non sendo unha proxeición do inconsciente colectivo, preséntase máis rebelde a unha descripción do patrón inmanente que esiste en todo producto cultural, pero non esclavo de trazados fixos cando o productor se move con independencia relativa no seu labor de creación poética.

Endebén, a peza de Castelao, mais que non sexa unha obra de orixe popular, utiliza elementos da arte popular, imita conscientemente os procedimentos da arte popular. Desde logo, non é unha obra inxenua, senón sentimental; pero asemade é inxenuista, e tal inxenuismo, anque se opón á inxenuidade folklórica, permite unha análise que moitas veces nos autoriza a reconstruir ou revelar un diseño orgánico esencial caracterizado por simetrías e paralelismos semellantes aos que constitúen a armazón da arte popular.

A peza consta de tres lances, que son ou pretenden ser versións distintas do mesmo drama. Os persoaxes, logo, deberán funcionar análogamente en todos os lances. Para servir á de-

mostración apuntada no título da obra, serviráse o autor dos mesmos argumentos revestidos de distinta linguaxe. Sendo a obra de carácter didáctico —ao menos no nivel superficial— [1], os persoaxes especificaránse pola súa función máis que polas súas calidades, serán actantes, forzas temáticas sin psicoloxía, que se acharán en determinada relación coa acción desenrolada. Así, poderemos establecer uns arquetipos aos que se reduzan por triadas os principáis actores da comedia. Craro está que a esactitude ou inesactitude con que esto se verifique dependerá da medida na que o autor —propositada ou involuntariamente— inxira na súa obra elementos e orientacións de tipo popular —é decir, na medida en que a súa obra sexa inxenuista ou inxenua.

Nos tres lances aparecen persoaxes reductíbeis pola súa función a sendos estereotipos, pois as tres partes do conxunto se definen como distintas formas dun mesmo apólogo, cunha conclusión moral que se espresa no título. O tema único: *un vello namórase dunha moza e morre en consecuencia,* trátase con tres variacións. Calquera que lea a obra ou presencie a súa representación, decátase desta realidade, polo demáis espresamente rexistrada polo proprio autor no prólogo da farsa. Prescindamos do epílogo, que ten por ouxeto recoller nun feixe as canas dos tres foguetes esparexidos nos lances, e intentemos ver de perto cómo Castelao modela en tres variacións o motivo que o seu testo desenrola.

Se é aceptada a formulación do motivo —e non vemos razóns para discutila, pois parez fundarse na evidencia—, teremos que os elementos esenciáis da farsa son os seguintes:

1. Persoaxes
   A) O Vello
   B) A Moza.
2. Forzas temáticas
   C) O Amor
   D) A Morte.

[1] No "Prólogo", o autor presenta esplícitamente como educativa, edificante ou docente a súa obra, aínda que ao mesmo tempo sostén que non é "de tesis". Mais sí "un aviso de tres estalos que lle damos aos vellos namoradeiros". O epílogo é de cheo didáctico. O título da peza é unha admonición. Endebén, moi porriba da sátira moral, se verdadeiramente o autor se propuña facela, está a descripción dun fenómeno esistencial, o estudo fenomenolóxico en forma dramática do amor dos ancianos. Neste sentido, o epílogo, co seu carácter aparente de moralidade, resulta máis ben perturbador, e prescindimos del na nosa análise.

3. Relación de causalidade antre as forzas temáticas.

É un esquema antre os posíbeis. Baséase na distinción antre elementos antropomorfos e forzas abstractas da acción. É decir, dunha banda, os actores que representan seres que no mundo real teñen categoría de persoas; e de outro, entidades que non teñen ese carácter, aínda que o autor poda servirse da personificación para poñérnolas perante os nosos ollos [2]. Mais se temos en conta que tanto o Vello como a Moza como o Amor como a Morte desempeñan un papel no progreso da acción, poden todos reunirse nun so elenco de axentes do drama, considerados como persoaxes ou forzas temáticas, distinción que perdería relevancia, ou que se neutralizaría.

Partindo do esquema proposto vemos as seguintes realizacións:

1. Persoaxes
   A) O Vello
      a Don Saturio
      a' Don Ramón
      a" O Señor Fuco.

Vexamos os rasgos que distinguen a estes tres vellos.

A primeira vista resalta a súa calificación social. O señor Fuco é un labrador; don Saturio é un boticario; don Ramón é un fidalgo. Supomos que a profesión de don Saturio o sitúa socialmente dentro da burguesía. Nada se nos dí da súa orixe. Podería ser fidalga, podería ser labrega. A nosa impresión é a de que nacería nun fogar da clase media. De todos xeitos, a súa vida enmárcao nela. Así que as tres clases sociáis básicas están representadas neste actante suxeito do drama.

Se consideramos a calificación moral, ouservamos unha gradación análoga, pero inversa. O máis humilde polo seu sangue é o máis nobre. Non podemos decir que o Boticario se conduce inmoralmente, pero o seu xeito de galantear a Lela non nos permite equiparalo ao señor Fuco en canto a respetabilidade. Don Ramonciño é un ser francamente degradado.

Así temos:

Escada social	*Escada moral*
a'	a"
a	a
a"	a'.

[2] É o que ocurre coa Morte, que, como nos autos sacramentáis, reviste figura de actor.

1. Persoaxes B) A Moza	b	Lela
	b'	Micaela
	b"	Pimpinela.

De Lela sabemos que ten un pai adoecido —é, pois, unha filla de familia—, e que matina casarse cun curabineiro. Témola por unha artesana. Micaela semella unha aldeana, decrárase pobre, e nada nos dí da súa familia. Pimpinela é filla de labregos comestos pola miseria. Seméllanos que na xerarquía social, aquí craramente condicionada pola situación económica, Pimpinela ocupa o banzo máis baixo, e Lela o cimo da escada.

Polo que se refire á ética da conducta, Pimpinela leva a palma. É honesta, e pensarémolo dúas veces antes de condenar que ceda á presión dos seus pais e se case co señor Fuco. Lela encirriquita ao Vello, e logo bota man do Carabineiro, que, como é forasteiro, pica máis doadamente en carne sobada[3]. Canto a Micaela, a súa esplotación do fidalgo en connivencia co Portugués preséntanola como unha desvergoñada sin escrúpulos. O orde aquí é simétrico ao dos suxeitos dos distintos lances. Os ouxetos perseguidos correspóndense respectivamente con eles.

Escada social	*Escada moral*
b	b"
b'	b
b"	b'.

2. Forzas temáticas C) O Amor	c	Amor de a
	c'	Amor de a'
	c"	Amor de a".

Como os protagonistas da peza apenas se caracterizan máis que pola paixón que lles inspira a respectiva muller —ouxeto, tanto na forma como no fondo—, a táboa de valores ten que corresponderse esactamente coa indicada para o portador da función en canto suxeito de moralidade. Como, segundo vimos, a xerarquía do actor suxeito se corresponde coa do ouxeto, teremos a escada:

Amor de a"	por b"
Amor de a	por b
Amor de a'	por b'.

[3] Lance 1.º, escea V.

A ordenación moral das accións coincide necesariamente coa ordenación moral dos actores, pois eses dous elementos están integrados nunha isotopía. A coincidencia do escalonamento das accións coa xerarquización dos ouxetos da acción é contínxente; pero seméllanos natural, para reforzo da significación, que o autor ouservara esa simetría. O suxeito máis digno ama o ouxeto máis digno, e o máis indigno o máis indigno.

2. Forzas temáticas
D) A Morte

d suicidio
d' intosicación etílica
d" fartazgo de felicidade[4].

A única xerarquización pertinente é aquí, como no caso do amor, unha xerarquización moral —desde o punto de vista da sociedade ao que o drama está referido. É moi significativo do esquematismo da peza que esta ordenación de tipos de morte coincide coa dos respectivos suxeitos. Era de agardar que o carácter didáctico da obra levara consigo esta correspondencia. A morte configura co risco definitivo a fisonomía do que morre. É decir, que, como nos contos de fadas, cadaquén recibe o don que debería recibir.

A escada é:

d"
d
d'.

Do que resulta que, se prescindimos do aspecto social dos persoaxes, os catro elementos homólogos dos catro actos da farsa xerarquízanse —moralmente— con perfecta correspondencia:

[4] O autor, no "Prólogo", define así as mortes respectivas: "O boticario Don Saturio, que non aturóu a falcatruada de Lela e mátase con solimán da súa propia botica; o fidalgo Don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrese de felicidade". No derradeiro caso, o lance mesmo pode testemuñar contra esta interpretación auténtica. Na escea V, véxanse as palabras do protagonista: "¡Roncar e fungar! Sofrir, digo eu..." e a mímese da morte do Vello, na que o Vello e a Morte se confunden, e o Vello se desdobra en víctima e asasino. No "Epílogo" todos aparecen de algún xeito como suicidas: Saturio matóuse con solimán da súa botica; Ramón matóuse con solimán da súa bodega e con viño das tabernas; Fuco matóuse con solimán do seu corazón. Éste dí: "Tamén eu me matéi... Ningún de vós morréu tan adoecido coma mín. Tí, Saturio, adormentácheste con xaropes da túa botica, para morreres sen dores. Tí, Ramón, morreches atordoado polo viño e non te decataches do pasamento. A miña morte foi arrabeada. Morrín coma un can da rabia, coma quen olla unha fonte de auga pura e non pode bebela. Eu morrín de sede". Vemos cómo nalgúns pormenores o pensamento do autor dista de ser diáfano.

a"	b"	c"	d"
a	b	c	d
a'	b'	c'	d'.

3. Relación de causalidade antre as forzas temáticas.

Afinal, o enunciado temático escollido dános noticia dunha relación antre os fenómenos indicados polos verbos, mediante unha locución consecutiva. O amor e a morte, así, están vencellados por unha relación que transporta ao suxeito dunha situación á outra:

1. O Vello ama ——> 2. O Vello morre.

O amor é causa da morte. A morte é consecuencia do amor.

O tránsito de namorado a morto que lle acontez ao protagonista, pode ser considerado como a peripecia, o troque de fortuna que marca o desenlace da traxedia segundo a teoría aristotélica. Este troque de fortuna, ao percurar a catarse, é para empeorar. Ou sexa, constitutivo de catástrofe, como na maior parte das traxedias clásicas.

É que, verdadeiramente, *Os vellos non deben de namorarse* reúne as condicións esenciáis dunha traxedia clásica. O seu herói é un actante neutro, que non ten máis carácter que o que lle dá a súa edade. Comete o erro de enfrentarse co destino ao pretender un ouxeto que está naturalmente fora do seu alcance. Está incurso en *hybris*. Sobrevén a némese conseguinte. A morte é a sanción con que se restaura o orde moral crebado polo abusivo proceder do herói. Ao cobizar a Moza, o Vello quer igualarse aos Deuses, que non coñecen a Vellez. E os Deuses condenan a súa vaidade sacrílega lembrándolle do xeito máis práctico que é un simple mortal.

Mais o tema tráxico está tratado cunha perspectiva cómica. O humor de Castelao percura os rasgos caricaturescos dunha situación que está chamada a promover a dór e a compaixón no espectador do drama. A obra é, pois, unha traxedia disfarzada de comedia. Unha traxicomedia, xa que logo.

CASTELAO NO TEATRO GALEGO

Por LEANDRO CARRÉ

Alfonso R. Castelao, o dibuxante humorístico galego coñecido en todo o mundo e en todo o mundo estimado como ún dos máis grandes artistas na súa cras da caricatura, non só polos deseños dos tipos caraiterísticos, cal pode aprezarse no seu libro "Cincuenta homes por dez reás", ou as súas mainíficas colaborazóns en xornáes diarios e revistas diversas, que amostran moitos cadros tráxicos no fundo e satíricos na forma e nos pés intenzoados que lles poñía aos seus deseños, espertando os sentimentos acusadores das inxusticias, dos danos, das cobizas que cangaban riba dos galegos; impostas polos gobernos ou por homes de diferentes e varias circunstancias e posizóns que os tiñan asoballados, coma se foran verdadeiros e podentes caciques.

E cando a "Irmandade da Fala Galega", da Cruña, realizóu aquela grande campaña de afirmazón e progreso do Teatro Galego no seu local social onde constituíu un "Conservatorio de Arte Galega", Castelao quixo contribuire ao seu bón éisito, e falóume do seu intento de facer unha obra en dúas xornadas ou actos: 1.ª A representazón dunha casa labrega, na que a familia toda choraba a morte dunha vaca, a súa vaca, e laiábanse por ela coas mesmas verbas dooridas coma se for por unha persoa querida. Isto facería rír moito o púbrico con tal pranteo. Na 2.ª xornada, ou acto, unha escena esaitamente igual, inda que falando en castelán; mas, chorando e laiándose do mesmo xeito, nunha sala ben posta dunha casa rica da cidade e de señoritas moi finas, que teñen unha cadeliña de lans, morta, nunha camiña de vimbio moi linda, con sáboas orladas de fermosos encaixes.

—¿Podería ter éisito? —perguntóume. Eu dubidéi. Para mín, o Teatro era algo máis do que iso, entendía que deberíamos tentar de facer arte e tratar asuntos interesantes.

Non sei se chegóu a escrebir aquelas dúas escenas. Mas, o seu humorismo e máis o seu propósito de contribuire ao Teatro Galego coa millor intenzón de que poidera engrandecerse esa arte, impulsóuno a crear outra obra que callóu en tres actos e un epílogo, tiduada "Os vellos non deben namorarse". Ista obra foi pubricada en Vigo porla Editorial Galaxia, en 1953, e representada en Buenos Aires. Mas, non puido realizarse na Galiza.

No prólogo da obra pubricada aparescéu iste trecho que vou copiar por consideralo interesante:

"Axiña ides ver unha farsa en tres lances, na que se demostra que os vellos non deben namorarse; pero non pensedes que a miña obra é de tese, non. Trátase apenas dunha síntese artística, ou máis ben artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes: o boticario don Saturio, que non aturóu a falcatruada de Lela, e mátase con solimán da súa propria botica; o fidalgo don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrese de falicidade. Son tres faces diferentes dun mesmo drama, contado á maneira galega e para regalía dos que poidan comprender a nosa linguaxe".

O epílogo da farsa de Castelao, e pola conversa dos esqueletes dos tres vellos malfadados, sabemos que, por se coidaren que aínda estaban en estado de grandeza física pra poderen gozar do amor de, cada ún súa rapariga nova, foi para eles un bon chasco ¡malpocados!

E verdadeiramente tiña razón o grande humorista, o caricaturista insinne, que os vellos non deben namorarse. Esta deliciosa comedia, chea de gracia e interés que veu arrequentar as boas produzóns do noso Teatro Galego que no ano 1936 tiña xa unha cantidade e máis unha calidade moi estimábele como se probóu no decurso dos anos devanceiros coas realizazóns efeituadas a partir do 1903.

Naquela tempada eu logréi anotar os tíduos dunhas duascentas obras de diferentes autores, moitas das que foron representadas con sinceiros aprausos polos púbricos das cidades e vilas da Galiza. E para demostrar isto vou citar algúns dos grupos teatráes dos que máis se distinguiron polas súas actuazóns; co

que se demostra tamén que certos críticos descoñecedores de taes feitos, digan, por exempro: "Que non eisiste un Teatro Galego real e efeitivo", ou "Si repasamos con crítica ouxetividade, o panorama teatral da Galiza, revélasenos un abondoso índice de chabacanerías e poucas salvazóns", ou estoutra torpe, falsa e malintenzoada frase: "Non eisiste un teatro galego; porque o pouco que hai non merez máis que un *piadoso esquecemento* senón o desprezo".

O que é unha pena, unha verdadeira disgracia, é que tais críticos se non adiquen a nos apresentaren algunhas obras proprias pra podermos ver se cos seus grandes coñecimentos da literatura e do teatro, son capaces de facer algo millor do que as xa representadas con verdadeiro bon éisito. Porque iso sería verdadeiramente de máis importanza que as súas *piedosas* críticas.

E vexamos unha síntese do que se leva feito polo noso Teatro Galego. Despóis que o Liceo Brigantino, da Cruña, estrenóu o drama "A fonte do Xuramento", de Antonio María de la Iglesia, o 13 de agosto do 1882, chegamos ao 1903 en que se constituíu na Cruña a "Escola Rexional de Declamación", dirixida polo actor profesional Eduardo Sánchez Miño, que debutóu no Teatro Principal (hoxe Rosalía Castro) co cadro dramático ¡Filla...!, de Galo Salinas e outra peza en castelán da que me non lembro. Posteriormente estrenáronse "A ponte" (2 actos), "Minia", e "Mareiras" (ista en 3 actos), as tres en prosa, de Manuel Lugrís. Fixéronse algunhas realizazóns delas en outras cidades. Despóis xurdiron dificultades, houbo diferenzas de criterios e desfíxose o conxunto. Mas, ao se constituíre a "Irmandade da Fala", na súa revista falóuse da comenencia de realizazóns teatráes.

O coro "Toxos e Frores", do Ferrol, introduxo nos seus espeitáculos o recitado de algúns diálogos, de Charlón e Hermida, que tiveron boa acollida. "Cántigas da Terra", da Cruña (1917) ao debutar adoutóu o mesmo sistema, ampliándoo con algunhas comedias nun acto que foron recibidas con aprauso. De "Ruada", de Ourense (1918), realizóu diste xeito unhas catorce comedias do seu presidente o poeta humorístico Xavier Prado (Lameiro). "Foliadas e Cántigas", de Pontevedra, seguíu o mesmo camiño, e incruxo puxo en escena unha zarzuela, "O Pote", de Fernández Gastañaduy. "Queixumes dos Pinos", de Lavadores (Vigo), tamén aportóu o seu labor do mesmo xeito. En Santiago o grupo teatral "Brisas Futuras", estrenóu con grande éisito, o 17 de

xaneiro do 1918, o drama en 3 actos de Jesús San Luís, "O Fidalgo", que percorréu en trunfo toda a Galiza.

No 25 de setembro do 1923, estrenóuse na Cruña a zarzuela "Entre o deber e o querer", de Galo Salinas, con música de Jesús González e Faustino del Río, e no 1919 sube ao taboado escénico na Cruña e máis en Vigo, no mes de maio, a ópera "O Mariscal", de Cabanillas e Villar Ponte, con música do compositor cruñés Eduardo Rodríguez Losada.

Mas, o principal feito no aspeito do noso Teatro rexional, é a creazón na "Irmandade da Fala Galega", da Cruña, que se apresenta ao púbrico no Teatro Pabellón Lino, o 22 de abril de 1919, representando "A man de Santiña", fermosa comedia do poeta Ramón Cabanillas, causando unha grande sensazón de ademirazón e compracencia, porque foi a primeira obra que se vía nun ambente de señorío. Varios días subíu ao palco escénico sempre acollida con fervorosos aprausos. Iste grupo da "Irmandade da Fala" traballóu na súa propria sala social durante varios anos, facendo funcións todas as tardes dos domingos e días festivos, estrenando gran número de obras en 2 e 3 actos, e de grande calidade artística señoril, das que algunhas levábanse ao Teatro Rosalía... Tamén en Vigo fixo unha gran labor a "Agrupación Dramática Galega", que realizóu moitas obras das máis aprezadas. Outro grupo moi importante pola súa calidade artística foi o da Universidade de Santiago, creado por un fato de estudantes que deron vida a varias obras do vicereitor don Armando Cotarelo representándoas en varios teatros da rexión, polo ano 1922-23. Tampouco debo esquecer os rapaces do grupo da "Irmandade da Fala", de Betanzos, que animaron a cidade coas súas realizazóns teatráes, do coudal de obras galegas, nin o coro "Cántigas e aturuxos", de Lugo, que representaron a zarzuela de José Trapero Pardo, "¡Non chores, Sabeliña!", con música de Gustavo Freire, estrenada o día 11 de febreiro de 1943.

E digo eu agora: ¿Se non houber obras, ou foran tan ruíns como algúns lles apoñen, adicaríase tanta xente a estudalas e representalas? ¿Iría a xente aos teatros para presenciaren as realizazóns dramáticas da "Irmandade da Fala", ou calquera outro grupo das demáis cidades que adoitaban realizalas?

Tristeiros, tráxicos acontecimentos, acalaron as voces e actuazóns dos nosos actores; pasaron anos e, ao cabo, voltamos a poder ver por dúas ou tres veces erguerse o pano dun teatro



Viñeta feita por Castelao para a sección teatral de "Lar"



Cartel anunciador da obra de Castelao "Os vellos non deben de namorarse"

pra podermos apraudir o labor de algún conxunto teatral galego.

Por fin, o 31 de agosto do ano 1959, o Teatro de Cámara, da A. C. I. da Cruña, estrenóu "O incerto señor don Hamlet", unha moderna obra orixinal de Álvaro Cunqueiro, e máis tarde, o 14 de agosto de 1961, a obra de Castelao "Os vellos non deben namorarse". A partir desa data, é posíbele xa reanudar a vida do Teatro Galego, inda que non hai polo de agora grandes facilidades para o lograr por falla de locáes axeitados. Mas, hai que ollar cara adiante, como aconteceu con "A noite vai coma un río", de Álvaro Cunqueiro, e algunha que outra máis de outros actores amadores como Lorenzo, Redondo, Peña, etc., aos que compre axudar e lles dar alentos.

Na autualidade, e según un catálogo que teño feito recentemente das obras representadas, pubricadas, ou coñecidas por mín, eisisten:

Obras nun acto	95
íd. dous	44
íd. tres	25
íd. catro	2
íd. líricas	24
Diálogos	34
Monólogos	27
TOTAL	256

Quen quixer coñecer millor e ao detalle a marcha ascendente do noso Teatro Galego, pode ver o meu artico "Apontamentos para a Historia do Teatro Galego, no n.º 235-240 deste Boletín, correspondente ao primeiro de octubre do 1931, ou na separata da revista "Céltiga", do Porto (Portugal) (Cadernos de estudos Galaico-Portugueses) dun meu traballo encol de "Literatura Galega", Teatro.

E pra rematar, e xa que antre as obras citadas figura a farsa de Castelao "Os vellos non deben namorarse", vou citar un caso cursidoso:

Antre as moitas obras de teatro das principáes figuras da dramática de todos os países que posúo e teño estudadas no meu aprendizado para me considerare como autor, figura unha do célebre dramaturgo austriaco Arthur Schnitzler, intitulada

"Anatol" ou a pergunta ao destino. Pois ben; nela iste autor nos apresenta unha serie de conflitos amorosos en sete tempos ou escenas diferentes con distintas mulleres. Coincidencia notábele coa maneira de facer do noso Castelao na súa obra a que veño de me referire, que tamén emprega diferentes persoaxes ou figuras para cada ún dos seus tempos ou escenas de cada tempo no conxunto da súa farsada.

CASTELAO EMIGRANTE

Por BIEITO CUPEIRO

Coa chgada de Alfonso R. Castelao a Bos Ares, en 1940, a coleitividade galega da Arxentina, que sempre se había sinificado polo desenrolo dunha xurdia aitividade societaria cara a Galiza, pecha un ciclo do seu quefacer, iceta un novo "modus operandi" da súa dinámica estructural e patriótica. Habían trocado xa, ó influxo das circunstancias dramáticas da guerra civil, os fitos e ouxetivos de moitas institucións comarcáis cales eran: soster unha escola, construír un camiño ou unha ponte, combatir o caciquismo, etc. Mentes limitadas certamente, que por atinxir somentes a determinadas bisbarras ou núcleos parroquiáis moi pouco ou nada favorecían a Galiza na súa enteiración comunitaria diferencial, mais que, non embargantes, non por elo deixaron de exercer beifeitora influencia anovadora, pois, aparte da axuda que prestaron, particularmente nas áreas da instrucción primaria, foron parellamente escolas de exercitación cívica e democrática.

Xa entón non tiña destino a xenerosa axuda, o grandeiro esforzo que o pulo idealista da Galiza emigrada había xenerado nos anos derradeiros en procura de amenguar os sufrimentos causados pola loita fraticida, onde se puxo doadamente de reléu a capacidade de orgaización e a vizosa enerxía comunitaria dos galegos da diáspora platense; mais, era mester encanlar por novos roteiros, impostos polos tempos, todo ise poder, a forza xacente que bulía no seo das nosas institucións representativas; outros eran os portos do destino, outras terían que ser as singladuras patrióticas e por remanencia, outras tamén as cartas de navegación e o capitán que debía guíar a nao.

Coa presencia de Castelao acarón da colonia galega de Bos Ares e ó influxo do prestixio incontrastábel da súa figura e da autoconcencia do propio poder de realización e capacidade creadora, as máis importantes asociacións galegas da capital arxentina, síntense afortecidas como si houberan enchido un valeiro que as non deixaba aicionar en plenitude; deixan pola banda as limitacións impostas por un rexionalismo incoherente e vagoroso, que as facía tributarias de un todo peninsuar coutador e parasitario, e, parellamente, que arrequecen como endexamáis o habían feito os seus bens físicos, embandéiranse sin ningunha clás de inhibicións có compromiso de servir a Galiza, defender os seus irrenunciabeis direitos, promover até onde fose posíbel o desenrolo da súa cultura e de todo canto contribuíra a dinificala e redimila do atraso e do infradesenrolo económico e social. Todos istes anceios patrióticos tiñan en Castelao o mellor espoñente e representación, emporiso foi de contado tácitamente reconocido como o guieiro indiscutíbel que persoalizaba tódolos ideáis de xustiza e liberdade pra o noso país reflexados no seu labor artístico, literario e patriótico; en toda a súa conduta sinada pola máis inconmovíbel fidelidade có noso pobo e coa nosa Terra.

Castelao atopóu na Galiza bonaerense o mellor ámbito que nos intres dramáticos en que lle tocóu viver se lle podía oferecer. Bos Ares foi sempre, e pesie os tempos que corremos inda sigue sendo, centro dunha intensa aitividade cultural, onde cecáis por influxo do seu cosmopolitismo, háchase aberta a tódalas inquedanzas filosóficas, políticas, literarias, etc. En tal ambente, os galegos de aquen mar, a cuberto dos atrancos e limitacións que nos propios eidos sempre lle coutaron o seu xenio creador, inmunizados ademáis do mimetismo deformante e alleador que dende antergo runfa en Galiza traído polos ventos da meseta, sentíronse sempre como unha comunidade libre e soberán, de ahí, que ademáis das devanditas institucións de caráiter comarcal, creáronse tamén asociacións artísticas, culturáis e políticas que tiñan como ouxetivos: conservar e arrequecer as esencias comunitarias do noso país e redimilo do autoesquecemento e do atraso secular.

Acarón do achego fraterno, da plea identificación solidaria e do alento da cáseque totalidade da coleitividade e dos máis calificados guieiros das súas institucións representativas, moi-

tos dos cales habían sido enteirantes de sociedades patrióticas como o "Grupo Galeguista" e a "Asociación Patriótica Pondal" entre outras, cuia monolítica ortodoxia galeguizadora ten sido a mellor escola formativa do sazonado ambente de galeguidade da colonia galega da capital arxentina. Castelao poido desenrolar a face máis trascendente do seu apostolado evanxelizador das esencias comunitarias da nosa Terra. Nada poido a oposición, que a tivo tamén, de algunha pequena capeliña caciquil, que vía derrubar a súa cativeira influencia reaicionaria e a de algúns pintorescos internacionalistas ó uso, resaibos de algún fracaso sindical, que afincándose en doutrinas mal asimiladas e pior comprendidas, teimaban que o mellor xeito de se librar de complexos e inhibicións era mergullarse nun internacionalismo igualitario libertador.

Castelao foi en Bos Ares unha figura apoiada por un afervoado consenso popular, plea e entrañabelmente identificado, en íntimo e fraternal convivio coa comunidade humán que pra el costituía a "Galiza ideal", na que ollaba unha mostra do que o noso chán podería chegar a ser aituando ceibe de asovallamentos hexemónicos. O noso meirande patriota asimilóu doadamente o xenio e rexedume cívica que campóu sempre na emigración bonaerense onde, pesie o alonxamento xeográfico, os corazóns galegos latexan cada hora ó son das vivencias emocionáis que lles impón a súa fidel e irrenuncíabel devoción pola terra nadal. Somentes enteirándose nunha comunidade emancipada de tutelas e condicionamentos entangoantes, podía ser creado ise tratado de cencia política filosófica e histórica que configura a obra saída do xenio do noso patriota maior, un mensaxe que non pode ser estudado en poucas liñas pola fondura e a grandeza do seu contido, mais que chega doadamente á comprensión e o sentir de todolos galegos, porque del abrolla unha permanente i-entrañabel consustanciación, co sustractun emocional do noso pobo.

O BIBLOS DA GALIZA EN CASTELAO

Por HENRIQUE CHAO ESPINA

PRESENTAZÓN

Castelao é un apremido, un acalcado de terra e de humanidade galega. Acalcado que se espalla en raiolas por toda a súa vida e a súa obra.

Na vida do artista de Rianxo latexa todo o vivir das xentes da Galicia como autores, e a terra como esceario. Deste xeito a biografía de Castelao paresce unha coleuzón de novelas, cada unha delas diferente: novela picaresca, de emigrante, de político..., de xentes de todas crases, nas que nin faltan os mortos para facer historia.

Porque Castelao, alén de ser dibuxante, pintor e escritor, que son os seus títduos máis coñecidos, ten outro polifacetismo que non debemos esquecer.

Pódese estudar ao noso rianxeiro como antropólogo, e nos aspeitos sociocultural e psicocultural. Alén disto, cultivóu os xéneros dramático e narrativo. Romántico e costumbrista afondóu na vida do pobo escoitando contos, lendas e decires para facelos rexurdir nos seus inmorrentes libros.

Doutra banda, non debemos esquecernos daquilo que pouco cultivóu, como foi a música para a cal tiña afeizón, ou a menciña da que non gostaba. Debe estudarse a Castelao no conxunto sin deixar anaco.

Por iso, como médico, non podemos esquecer que foi tan desinteresado que de seguir os vieiros da menciña non podería vivir da súa profesión. Por iso lle chamaban: o médico dos probes, o médico filántropo.

Alén de todo isto, Castelao foi político. Un político ao que se lle poderán discutir acertos ou desacertos segundo a ideoloxía do leutor. Pero ninguén e ningures lle poderá negar que foi un político honrado, que loitóu hastra o sacrificio por canto cuidóu ser o mellor para a súa Terra. Un home que non quixo medrar endexamáis da política, pois ista non era para ele un fin sinón un meio para defender os seus ideiales. Con razón dixo J. A. Díaz de Castelao: "Es nada más, y nada menos, que la figura de mayor entidad que se generó en Galicia para propia alta cultura galaica, cultura que es mucho más desconocida de lo que se merece".

Unha recolleita da vida e laboura de Castelao, alén da bibliografía encol do mesmo, sería unha verdadeira Enciclopedia da Galiza. Ista obra ben podería chamarse en grego JO BIBLOS, ou sexa o LIBRO, o noso libro, o libro da Galiza. Chamaríamoslle o mesmo que os cristáns chamamos *Biblia* os nosos libros; ou os musulmáns: AL KORÁN o seu.

Niste Libro, por antonomasia, non somente se axuntarían os sesenta e catro anos que vivéu (1886-1950) sinón tamén: *A raice da raza; o fundo da nosa i-alma e a pel externa da terra galega.*

Deixando outros muitos aspeutos, vexamos sinxelamente os tres apuntados:

I. DENDE A RAICE DA RAZA.

Para coñecer os riscos somáticos dos galegos, o mellor estudo está na obra de Castelao. Os seus dibuxos están arringados da canteira viva da Galiza. Ele a coñecía ben, pois non só foi galego sinón que se mergullóu no seu pobo, para estudar a entrana.

Non metéu o bisturí do médico ou do ciruxano no corpo da Galiza, pero fixo anatomía ata a raice da raza con o lápiz. E non somente co lápiz sinón tamén coa pruma escribindo e dibuxando. Os dibuxos de Castelao falan de xeito moi desomellante do que nos amostra unha pila de osos prehistóricos.

Un oso do paleolítico pode decirnos moito da súa vedrañeza, dos parentexos e quizaves da súa orixe. Pero a Etnografía, a Paleantropoloxía e as súas cencias ausiliares, tan ademirábiles, non sempre chegan ao recuncho dos probremas.

Porén ben pode a Etnografía bicar a Castelao como dibuxante esgrevio da raza da Galiza. Menéndez Pelayo falando das no-

velas de Pereda, dixo que nelas estaban "los músculos y la sangre". Podemos segurar que nos dibuxos do noso rianxeiro non somente están os osos e o sangue; nele están os homes ergueitos, vivos e falan. Son como si o artista collese a célula e dela fixe homes. Son como si do ovo rexurdise o polo.

Podemos, pois, perguntarnos: ¿Non serán os dibuxos e caricaturas de Castelao a primeira raice para coñecer a nosa raza galega?

II. EN CASTELAO ESTÁ O FUNDO DA NOSA IALMA.

A ialma dun pobo ten moitas azas. Quizaves a primeira sexa a língua, por aquilo que dixo Séneca: "Imago hominis sermo est; talis vir, talis oratio".

Castelao nos seus comezos cuidóu que o galego era un probe dialeuto. Evaristo Martelo fíxolle ver que *falar galego non é falar mal, é falar diferente.* Dende entón, foi Castelao o máis grande mestre, pregoeiro e defensor da nosa formosa e doce língua. Niste senso afondóu na ialma da Galiza.

De dous xeitos nos amostra canto quer dicir: Primeiro emprega o dibuxo que todos entenden ata no arte rupestre. Dempóis fai falar os seus dibuxos e caricaturas con a linguaxen escrita. Deste xeito falóu nos beizos da nosa ialma, espallando canto dela quixo en voltas de roda e aos catro ventos. A ialma da Galiza abréuse en azas de probes que perguntaban ás portas si tiñan esterco; de probes que pedían esmola, ranqueantes ou cegos, cangados con sacos e zanfoñas. Alma da Galiza dos señoritos, dos noxentos caciques e dos cregos que coñecía dende os seus anos de neno en que fora monaguillo.

Alma da Galiza emigrante, que callóu no corazón do noso rianxeiro porque ele tamén emigróu, o mesmo que seu pai, e teño que engadir: como emigróu o meu... Pero, ¿quén poderá contar toda ista xente dos seus dibuxos? Nestes a ialma galega móvese e rebule, fala e rifa, chora e rí como nun esceario.

Por riba deste esceario, o arnal artista érguese no seu taboado para amostrar á terra asoballada, as miserias e as inxustizas, non somente da banda de afora senón tamén da banda de adentro. Non berra xusticieiro como o barudo Cantor do Ponteceso, pero emprega outras maneiras. Un dos seus amigos dixo dele: "Más que pintor parece guerrero o peregrino, o uno de esos va-

gabundos místicos o pillos" (José Francés). Podemos engadir que moitas vegadas loita sinxelo e mansamente, outras semella fuxir, mas sempre fai como a chuva gota tras gota abrindo regos. Cavando con un humor que chora rindo dentro dos osos. Niste senso díxose na Arxentina: "Las figuras y leyendas de Castelao no adquieren la sonrisa sino como anticipo del sollozo".

Toda a ialma da Galiza latexa nos vivos e na campa: Dos xartelos rexurden os esgrevios galegos en retratos, entre istos non fallan os seus.

III. EN CASTELAO ESTÁ A PELE DA TERRA.

Castelao fixo a súa primeira esposizón en Madrid o ano 1908; despóis espuxo, quince anos máis tarde, en Santiago. Dende entón ata que deixóu no prelo a súa obra encol das *Cruces de pedra na Galiza*, amostróu sempre na arte a nosa xente e a nosa terra por dentro e por fora: entranas e pele. Non veu imprentado o seu derradeiro libro das *Cruces de pedra na Galiza*, finóu en 1950.

En toda a obra de Castelao está Galiza asentada como sobor unha fresqueira, verde e arnela mazán raineta. Alén da pintura érguense nas campías dos dibuxos, os nosos eidos con as súas casas e os seus hórreos e freguesías con as súas igrexas e cruceiros. Os nosos mares de ledicia e de dor, por onde se vai o maruxo e o emigrante e... tamén por onde volta... ¡cándo pode voltar!

Non sempre está nun primeiro prano a codia da Galiza, con os seus vales e montanas, con os seus mares e ríos, pero endexamáis falta iste esceario. Porque como istes cadros da paisaxe os leva nos miolos da ialma, aínda que lles día para atrás, de cote nadan na tona e non amargullan.

Vede eiquí como unha recolleita da bio-biobliografía de Castelao sería o mellor Libro da Galiza, o noso JO BIBLOS por antonomasia.

UN RETRATO DE CASTELAO OBTIDO NA SÚA INFANCIA

Por MANUEL ESPIÑA GAMALLO



Retrato de Castelao, feito pouco antes de embarcar por primeira vez prá América. (Regalo da súa irmá Teresa á Academia Gallega. Rianxo, 1975).

Bó regalo certamente, pra cantos amamos ao irmán Daniel e o temos como espello pra ensaminar as nosas aititudes e coma modelo a quen imitar.

A súa ampla testa fálanos da súa largura de miras, do seu esprito liberal e da súa intelixencia e cultura tan universaes.

A súa mirada tristeira parece amostrar os primeiros sofrimentos de morriña pola Terra Nai e polas causas e as consecuencias da emigración imposta. Pero eses ollos trasparentes, fiestras da súa sinceiridade integral, parecen estar lendo a solución máis fonda de tantos problemas. E, ao mirar cara o infinito, estános amostrando a universalidade do seu amor, que estivo sempre por riba de tódolos localismos e partidismos pechados.

O narís reito como a reititude da súa vida, os beizos abertos porque iba ser coma un libro aberto no que todos poden adeprender. O seu corpo firme coma decindo: "Eiquí estóu disposto a todo pola miña Terra". A boina ben chantada nun neno de pouquiños anos, era o que lle faltaba pra ser un retrato perfeito da Galeguidade.

Pero o máis fondamente simbólico e siñificativo parece ser esa cadeira que agarra coma un bastón coa man dereita. Podía ser a cadeira dun cacique, que fuxíu coma por arte de maxia, deixando o seu manteu, debido á forza liberadora que xa entón saía deste neno.

De fondo podíase crér que está unha arca moi grande. Este neno enchéuna de tesouros: as súas obras literarias e artísticas. E por riba de todo, o exempro da súa vida incomparábel.

A MENSAXE POLÍTICA DE CASTELAO

Por VALENTÍN FERNÁNDEZ

Toda figura política trasunta sempre unha mensaxe no que fixa o seu pensamento cara os probremas que magoan as libertades e dereitos, do pobo de que forma parte, e da os ordeamentos pra que eles sexan superados.

Esa mensaxe pode pervivire logo da morte física de quen o dou e tamén perder vixencia o desparecer física, ou políticamente, o autor. Todo depende da súa trascendencia e do valor de el e do xeito que poida manterse adiado diante das continxencias que viven os pobos, na evolución que sofren, cando os condicionamentos que se lle estabelecen, pra vivir e desenrolarse, non gardan os recaudos axeitados as aspiracións que eles teñen.

Eis porque temos de pensare que en política foron grandes homes os que tiveron a visión de albiscar o futuro, matinar encol das traumas vindeiras e sinalar, doadamente, o que todos debemos facer pra que non se lixe a persoalidade étnica da patria. Castelao soupo mergullarse no porvir galego polo que a súa mensaxe está vixente, latexante, buído e vidal por enriba da súa desparición, sendo o ímperativo do seu mandato forza que nos impón o comprimento do seu mandamento patriótico.

Non pode entón solprender que, a vintecinco anos do seu pasamento, teña hoxe Castelao máis prenitude política que nos anos da súa teimosa loita. Esto é certo, si vemos a voráxine que nestes intres rilla na xuventude galega por ler con avideza todo canto escribíu, cousa que non acaescéu denantes, xa que Castelao era ollado como un feito artístico e nunca mirado coma home a trascendere con fondal proieición no eido das espranzas dunha Galicia xusta, libre e dona de sí mesma, onde a apricación dunha política social, no humán e no económico, truxera a Terra os

bens, físicos e espirituales, que merece disfroitar pola abondosa posibilidade que dán os seus recursos.

Castelao sempre vixente. Eso é certo porque a súa mensaxe, deitado sobor das almas galegas, foi labourado sabendo dos maes da patria e das solucións que os mesmos teñen. E, máis que ren, porque non apuntóu o intre presente, senón que enxergóu cara o porvir, pois somentes no vindeiro poden desfacerse as tebras que hoxe poñen celaxes pechos as concencias galegas.

Había que chegar os seus irmáns, fortecendo corpos e vountades, pra que poideran traballar de xeito cotián o fin de outer unha vida política de dinidade, en prenitude e sin amarrallas, na que o parladoiro fraderno permitira atopar as asonancias que crearan as condicións mínimas de entendimento antre os galegos e os outros pobos da Iberia.

Non fala Castelao de odios nin xenera enfrentamentos na súa mensaxe. El soio dí que é perciso que Galicia teña. Non quer ren do que pertence ás outras nacionalides das Hespañas. E, na súa xenerosidade, chega a oferecer a Galicia como ponte de prata pra integración xeopolítica de Iberia o afirmare que somentes nós, os galegos, sabemos cómo tratar e falar con Portugal.

E por esa grandía conceición do probrema político galego que Castelao adequire a dimensión sobrehumán que fai del un arquetipo patriano comparábel aos que, pra outros pobos, foron De Valera, Masaryk ou Benes, verdadeiros pais das súas patrias.

Ese ollar cara o futuro galego, con realismo certo, fai que trascenda Castelao diante do outo valor que tivo a obra plástica que fixo. Porque el vai trascendere e perdurare en tanto e canto soupo dar as bases pra que, axustándose a elas, poidan os galegos percorrer as etapas que os levarán as benzoadas albas dos tempos profetizados, por moito que sexa mester adiar as ideas, espostas fai corenta ou cincoenta anos, pra unha terra e uns homes que, logo de ese feito, nin siquer outiveron a pequena migalla que tiveron perto da man, logo de catrocentos anos de ferro, pó e traballos, e que aínda sigue tendo vixencia logo do intre do tronzamento de tan sinificativa espranza.

A mensaxe de Castelao como tal, nace no desterro. Non eran doados os tempos das duras loitas políticas pra os traballos de sintetización de ideas e soños. E no lecer emigrado forzoso, no que se pode ir ordeando todo: temas, traballos, bases e a ortodoxia a seguire pra que ninguén se esqueza de coales son as

prioridades a que deben axustarse os esforzos que todos temos de asumire pra sacar a patria do seu marxinamento.

Longas vegadas leva ordear todo canto está no maxín e no recordo. Xurde así o volume que resume todo canto foron os trafegos dos devanceiros que traballaron decote encol da nosa redención política. Sae do prelo o *Sempre en Galiza* que, pola outa calidade do seu contido, toma dereitos de obra que ningún galego debe de iñorar. Todo canto é pasado, presente e futuro galego está alí. E, por enriba do aneidótico, o cerne promesante do seu texto ten o xermolar vizoso que dará froitos xigantescos polo agromar crecente que lle dán os pulos dun pobo disposto a tomar as novas bandeiras que coas súas ideas Castelao oferece.

O realismo político é o grandío acerto que se deixa de ver no devandito libro. Nel honórase a quenes, o longo dos séculos, mantiveron inclaudicábel loita e souperon estar nas vangardas das hostes que impediron a doma galega.

Mais o feito de que a pouco do seu aparescemento se poidera ver a xenial madureza de Castelao, capás de dar unha mostranza da súa capacidade política, non foi por elo suficente pra impedir a simbiosis antre o que ela contén e todo canto el fixera ao traveso da sotil agudeza do seu lápiz. Amóstrase entón como, dende o intre inicial da súa obra, Castelao fixa pra sí unha nordesía que o pón no andarivel dunha nova concencia. O seu indomábel esprito dalle azos pra pensar que xa non resolven os asuntos galegos as bases de Brañas ou as ideas de Chao. Pensa que as etapas por vir teñen que nutrirse dos soños das Irmandades, das espranzas dos homes de *Nós* e dos anceios de quenes compriron meritísima labor no Seminario de Estudos Galegos.

Non. Castelao decátase que a solución galega está somentes na concentización do pobo pra que éste asuma o rol cos tempos novos lle fixa, deixando de lado o pranto, que non leva a ningures, pra que comence unha solidaria aición coleitiva con destino a politizar vountades sabendo que ao traveso do quefacer de todos virán as solucións que nós percisamos.

Mastro do cruceiro da paixón galega. Símbolo benquerido do noso anguriado pobo, Castelao foi quen nos dixo, ca súa mensaxe, que o úneco camiño que nos leva a redención é poñer o servicio da Terra as nosas reservas vidales pra xugalas nas loitas dos partidos, xa que todo canto adoece na patria está a espera dunha anceiada solución que non ten outra saída que non sexa política.

A MIÑA CATIVA LEMBRANZA DE CASTELAO

Por XESÚS FERRO COUSELO

Ahí vos vai iste traballiño, curto e ben cativeiro (pregáronme que non fose longo).

Vai a modo de notas, pois, pra meterse máis a fondo, compría un estudo de cara á obra do noso artista, tanto no terreo literario coma no das artes plásticas e do dibuxo, o que, por mor do tempo e das circunstancias, me non é hoxe doado. Somentes pra encher unha obriga que, coido coma ós demáis, tivo a ben me impor a nosa Academia, inda que pouco é o que poderíamos apreixar en dúas follas.

E feito iste breve cumprimento, imos ó desenrolo do tema que tiven a ben de escoller, por serme cicáis o máis doado.

De Castelao sempre lembraréi aquelas tan animadas parolas que nos daba en col do arte escenográfico do teatro ruso, nas xuntanzas que tíñamos por aquel entón no Café Cristina da rúa do Arenal de Madrid (facía pouco que estivera en Rusia); aqueles "mitins" que engayolaban ós nosos paisanos e un feito que tivo lugar en Pontevedra, cando o 7 de decembro do 1931 no Gran Salón do Hotel "Madrid", perto da vella Estación do Ferrocarril, foron discutidos os Estatutos do Partido Galeguista, creado naquela data. A rente de Castelao, un dos concurrentes tivo un desmaio. Todo apurado, pidéu que se chamara a un médico e alguén que alí estaba, ó seu carón, preguntóulle: "E logo tí ¿qué es?". A resposta foi: "Pois xa me esquecera de que o fora e de que seique o son aínda".

Castelao, como todos sabemos, era licenciado en Meiciña, pro entón exercía como funcionario de Estadística, en Pontevedra,

e como profesor de Dibuxo no Instituto de Enseñanza Media. No café "Moderno" ¡cántas vegadas tivemos a sorte de escoitar a súa parola, sempre encendida e engaiolante prós seus ouvintes!

Unha das súas derradeiras "cousas", que non vos son ningún conto, ocurréu en Buenos Aires, onde lle foran con certos falares encol de un seu vello amigo, que lle non sentaron alá moi ben. Estaba cáseque nas últimas do seu mal e, no leito da súa dolor, tivo unha lembranza pra Pontevedra dos seus amores. Ao Rodolfo Prada, que ficaba ó seu carón, díxolle daquela: "Quixera inda poder chegarme a Pontevedra pra ir a darlle unhas boas lapadas e logo unha moi forte aperta". ¡Ansí era de bón e xeneroso!

CASTELAO ESCENÓGRAFO
OS DECORADOS DA POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA

Por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Vou lembrar unha das facetas menos comentadas no arte deste "home de moitas almas" que foi Castelao: a escenografía. Referiréime máis concretamente ás "presentacións escénicas" que ideóu e fixo, pra a "Sociedad Coral Polifónica" de Pontevedra, antre os anos 1926 e 1930.

Dediante temos de lembrar o moito que gustóu Castelao do Teatro, máis que nada do "Teatro de Arte", dende os seus días de escolar en Compostela, cando facía papeles labregos. Despóis, cando o Doutorado en Madrid, no 1910, recibía e gardaba a revista "Le Theatre" que traía novedades dos derradeiros estrenos e das postas en escea do trinque. Recén chegado a Pontevedra pintóu telóns pra festas de aficionados. Coido que, no mesmo ano en que chegóu, pedíulle María Riestra uns telóns pra "La Fuerza Bruta", que protagonizaba Fefa Sandoval, na velada en que se pasóu por primeira ves "Miss Lydia", un filme con guión de López de Haro en que Daniel faguía o papel de pastor protestante.

Moitas das súas primeiras obras teñen un xeito "escénico"; lembraivos de "Rúa Nova", de "Os peregriños", de "El último hidalgo". Mais os viaxes, Europa adiante, como pensionado da "Junta para Ampliación de Estudios" abriríanlle novas largacías e virían emproar o seu facer. Nos "Diarios" escribía en París o 20 de maio do 1921:

"Alí tiñan un libro que falaba dos "Bailes Rusos", reproducindo dibuxos de decoracións e traxes e faguendo historia d'ise arte novo co que Rusia aquela en Europa. Cicáis ises "Bailes

Rusos" fosen os que meteron no arte occidental as novas inquietudes: a cor, o ritmo e a creación son tres verbas que naceron cicáis no teatro ollando o espectáculo dos "Bailes Rusos" [1].

E diante uns cañóns nos Inválidos, descubre e anota o valor que pode acadar o "puntillismo" apricado á escenografía [2].

Poucos días despóis, no mes de San Xohán, ten unha esperencia que vai sere froitosa dabondo pra o seu arte. Asiste ás representacións do Teatro de "La Chauve-Souris" de Nikita Balief. O que nacera en Moscú dun íntimo feixe de amigos, chegara alá a abrirse ao grande púbrico e trunfaba agora en París, mantendo "o culto da estilización, o xogo armonioso das coores, a expresión concentrada", a abertura da comunicación antre os ouvintes e a xente do escenario, "o emprego de tódolos recursos da estética: verbas, mímica, música, pintura, danzas" e unha viva mestura de burla e de tenrura, que é decir de humor [3]. Castelao ía atopar alí o patrón aquecido do que podería sere aquel "ballet" galego que tres anos despóis pediría Xesús Bal dende unha edición de "Ronsel" [4].

Nos "Diarios" quedóu tamén o testemuño do que sinificaban a esperencia de Balief e as maquetas de Remisoff e Sudeikin non somentes pra as ideias teatrales senón pra a pintura de Castelao. Ao pé do primeiro esbozo do máis importante dos seus cadros, por desgracia estraviado, escribe esta "nota":

"Por enredar fixen ise dibuxo. Foi pensando no teatro ruso da "Chauve-Souris" e, por si cadra, deix-o pegado eiquí pois pode servirme se nós alá intentamos faguer algo polo estilo. Ten que sere pintado con anilinas pra dar máis trasparencia e logo metendo moitas máis cores e con máis armoñía. Os panos das mulleres con moitas frores. Cada cara é un burato que ha levare o pano e por cada buraco asomará un corista. As caras dos coristas teñen de estar pintadas. Xa veremos se se pode faguer algo. Pra un número de programa iste cadro cun marco imitado estará sobor d'un fondo negro e logo pode aparecer un cego que, coa zanfona, bota coplas ao púbrico; istas coplas teñen un estribillo que han cantare os personaxes do cadro. Tamén pode aparecer un acordeonista e iso non estará mal. O acordeonista sén-

[1] CASTELAO, *Diarios*, 20 maio, 1921, fol. 130 (Museu de Pontevedra).
[2] CASTELAO, *Diarios*, 28 maio, 1921, fol. 93 (Museu de Pontevedra).
[3] *Le Theatre de la Chauve-Souris*, París, 1921.
[4] BAL, Jesús, *Hacia el ballet gallego*, Lugo, Palacios, 1924.



CASTELAO.—Boceto pra o decorado de "Portada románica" da Sociedad Coral Polifónica. Museo de Pontevedra



CASTELAO.—Portada románica. Decorado pra a Sociedad Coral Polifónica

tase nun tallo dediante do cadro pra acompañar o que canten que han sere cousas alegres e de berrar moito. Os cantos do acordeón teñen que sere ises cantos dexenerados que conservan toda a gracia e a malicia da Terra. Boeno. Velaí queda e xa veremos alá" [5].

Nótese que vía como "escena" e "representación" o que logo sería pintura e como xa están eiquí, en xuño do 1921, os xérmolos do que iría remanecer vinte anos despóis en *Os vellos non deben de namorarse*. A escea ideada foi teima nas conversas dos anos da Polifónica. O cadro foi presentado como "traballo de pensionado" á "Junta" e non poidemos atopalo aínda, anque nunca se perde a espranza. Resta un dibuxo pra o calco no Museo de Pontevedra.

CARA UN "TEATRO DE ARTE"

Denantes de xurdir a Sociedade Polifónica quixo encetar en Pontevedra un "Teatro de Arte". Iglesias Vilarelle atopóu máis doado formar unha Sociedade Coral, que tivo o seu director en Blanco Porto e o seu primeiro presidente en Lousada Diéguez. Aproveitaríanse algunhas ideias pra a presentación escénica.

Coido importante recoller algunhas das esceas que Castelao espoñía nas conversas cos amigos pra este Teatro:

1. *Festa.*—O desenrolo da que vía nos "Diarios". Non chegóu a realizar os telóns. "Foliada de Sanxenxo" de Fontoira e máis o "San Benitiño" de Blanco Porto houberan dado o fondo musical.

2. *Bailadas.*—Pra bailes deseñóu moitos traxes que logo servíronlle en "Os vellos". O Museo garda algúns bocetos do 1934.

3. *O pranto.*—Utilizóuno en "Os vellos"; a ideia é do 1925. Era un dos cadros que levarían muro no primeiro termo e xente asomada atrás, como rúa enmedio, nas fiestras. Escoitaríanse marmurios, veríase pasar a crus da parroquia e logo as berradoras, abrindo, de súpeto, as vidreiras. O meu comenzo de "O Vigairo" literaturiza a ideia.

4. *A procesión.*—Co mesmo decorado. Pasando os xigantóns, a crus, as imaxes, sen que se vise a xente. No xogo de contrastes, tan grato a Castelao, sería o "contraposto" do anterior.

[5] CASTELAO, *Diarios*, fol. 129 (id.).

5. *Dous prantos.*—"Si eu fose autor" recolle nas "Cousas" onde se atopan tantas "esceas" outro xogo de oposicións: o pranto de un labrego por unha vaca, pra que riran os señoritos de butacas, e o pranto de unha dona pola súa cadeliña, pra ledicia da xente do galiñeiro.

6. *Amor.*—Unha conversa moi tenra, no escuro. Me non lembro somellaba de vellos e cando se alcendía a lus eran dous nenos os que falaban ou se parecía cousa de mozos e logo eran dous velliños os que aparecían na escea.

7. *Os cadros.*—Conversa de dous persoaxes de agora, baixo dous lenzos pendurados nas paredes onde asoman as facianas dos antergos que comentan. Sen dúvida suxerencia de "Sous l'oeil des ancetres" visto en París. Moito despóis saéu un lance deste xeito, antre Don Denís e o Marqués de Pombal nun doutoramento na Sala dos Capelos de Coimbre; representóuse nunha "Récita" escolar. Pode ter o mesmo orixe.

8. *Serenata de catro galáns a unha dona.*—Suxerida polo "quatuor comique" de unha acuarela de Remisoff. A Polifónica logróu a partitura de Borodine; pedín unha transcripción fonética a un lembrado amigo ruso; Castelao pintóu a decoración, cantóuse a telón corrido, pero non saíron os catro cantores, que os tiña moi ben escollidos. O decorado, como veremos, foi o único "polémico".

9. *Cartel de cego.*—Canto de un romance granguiñolesco que presentaría un cego sobre o fondo negro de tantos outros cadros. Ningún dos romances armonizados polo P. Luís ou por Vilarelle concordaban ca ideia, anque tanto o "Camiña don Sancho", cuia letra escribíu Cabanillas, como o "Romance de Cercedo" que prologóu Álvarez Limeses, e pasado-los anos, o "Conde de Arcos" de Iglesias, deixaban de ser representabres.

10. *Catecismo do labrego.*—Escenificación da obriña de Lamas Carvaxal. Cortinas negras de fondo, con abertura central. Unha mesa tamén con pano negro. Tras dela tres ensaminadores de toga e birrete. Diante, moi acorado, o probe labrego. A cada resposta a xente estalaría nunha gargallada. Daquela sairía, do outo, antre as cortinas, un monifate con máscara tristeira que berraría:



CASTELAO.—Nartex románico de unha eirexa. Decorado pra a Sociedad Coral Polifónica.
Museo de Pontevedra



CASTELAO.—Boceto pra a "Jornada", escea III de "Divinas Palabras" de Valle-Inclán. 1933. Museo de Pontevedra

—Non vos riades, que o conto é triste.

O estribillo da peza valéulle pra outra das "Cousas": "Vou contarvos un conto triste".

11. *Poses fotográficas.*—Castelao, amigo de Saenz Mon, de Novás, de Xoaquín Pintos, esculcaba antre as súas fotos de cada día o que podía sere unha serie de "cadros plásticos", tenramente cursis.

12. *Cantigas de Santa María.*—O infruxo de Maeterlinck e da "Zaria-Zarianitza" levábanos a maxinar a presentación das cantigas alfonsíes. Matinamos na Cantiga CIII, a do monxe de Armenteira; Castelao coidóu de escomenzo que fose o símbolo da Polifónica, despóis escolléuse o San David das Praterías.

13. *Antroido.*—Esceas que pasaron ás "Cousas": "Xa van alá moitos anos" e "Don Froitoso".

14. *Escea oriental.*—Un mandarín impasibre aos falagos de unha rapaza que se deita aos seus pés. Tamén tiña escollidos os persoaxes. Nin el nin ela se prestaban á pantomina e foi un dos motivos de que desistise do "Teatro de Arte" porque eran moitas as resistencias, que tamén a Polifónica tivo que vencelas. Tal como Castelao describía o cadro soméllame que era inspirado polo que deseñóu Soudeikin pra "Les balances du Destin".

Cicáis Otero Pedrayo poida engadir algúns lances máis aos que eu lembro. Castelao informóuno das súas ideias e anos despóis dispuxo non menos de dazaséis pezas, moi axeitadas pra un posibre "Teatro de Máscaras" galego. Tamén Cotarelo fixo "Hostia" e "Mourenza" pra representacións de "Teatro de Arte", pro Castelao prefería esceas moi curtas, mímicas, con telóns coidados e música, que se achegasen ao "ballet".

"¡Se eu fose autor!", escribía Castelao cando non podía ver realizados os seus soños de un arte "integral" naquela Pontevedra tan desperta dos anos vinte[6]. Mais... a Sociedad Coral Polifónica xurdía como un xuntoiro de amigos que querían entoar xuntos polifonía dos séculos XVI e XVII e cancións do pobo armonizadas "a capella". Non podía ser un "Ballet Galego". Iglesias e Blanco Porto pedían a Castelao "telóns de boca"; "salas", decorados pra cantaren "a telón corrido", como cadros; as

[6] CASTELAO, *Segundo libro de Cousas*, A Cruña, 1929, páx. 5.

escenificacións non podían ir co intento de seu rexo naqueles tempos. A Lousada Diéguez e a mín, menos músicos, houbéranos gorentado que poidesen seguirse as dúas liñas; a "boa vila" non daba máis que pra unha, a coral, e xa era moito. Pra faguer teatro Castelao tería que agardar ao Bos Aires do 1941.

OS DECORADOS DA POLIFÓNICA

O traballo escenográfico de Castelao pra a Polifónica foi ben xurdio. Denantes de escomenzalo tivo de se faceren ca téinica do mester. Foi deprendela en Santiago de aquel home de outo esprito e mans de artista que era o seu fraterno Camilo Díaz. Logo houbo que percurar un local axeitado; todos eran cativos. Por fin escolléuse a vella "Fábrica da Lus" na praza da Verdura, que tiña van dabondo. Salustiano Estévez foi o "esperto" local no montaxe. Os cantores axudaron a dispor as coores e a pintar. O artista fixo moitos bocetos previos. Algúns gardóunos Claudio Losada. O Museu ten un deles.

Veleiquí a "Memoria das Aparencias":

1. *Telón de boca "San David"*.—Fondo negro, con ramos de frores, soltos, en tonos moi vivos. No medio a estilización da imaxe do Rei Músico do Portal das Praterías da catedral de Santiago. Embaixo, cartela co rótulo da "Sociedad Coral Polifónica".

Estrenóuse o 23 de marzal do 1926 no Teatro Principal de Pontevedra.

Gárdase no Museu de Pontevedra. Rexistro n.º 7626.

2. *Telón de boca "Arco da Vella"*.—Simplista. O arco, cas sete cores limpas, sobre o fondo negro, cruzando o fondo, de banda a banda. Embaixo o róleo ca inscripción. Lembra un cadro de Fermazas, moi discutido, que se pubricóu no *Nós* do 1922, n.º 14.

Coido que se estrenóu en Vigo no 1927.

Gárdase no Museu de Pontevedra, r.º 7627.

3. *Sala "dos quiquiriquís"*.—Nas preferencias estéticas de Iglesias Vilarelle e de Lousada Diéguez, a carón do prerrafaelismo e do popularismo á eslava, acougaba un certo "neomodernismo". A sala da Polifónica pra a música profana respondéu a iste gosto. Fondos gris, brochado con lises. No outo, un friso de galiños crestudos antre motivos vexetaes.



CASTELAO.—Boceto pra "Divinas Palabras". Acto I, escea II ou xornada II, escea I



CASTELAO.—Figurín para un ballet galego. 1934. Museo de Pontevedra

Estrenóuse o 23 de marzal do 1926 no Principal de Pontevedra.

Foi refeita por Rafael Úbeda.

Gárdase no Museu de Pontevedra, r.º 7628.

4. *Capela oxival.*—"Sala" pra cantar música relixiosa. Dá base o feitío das capelas lateraes das nosas eirexas de ordes mendicantes: San Francisco, Santo Domingos. As cinco vidrazas con parteluz, levan esceas bíbricas e do Novo Testamento inspiradas no arte francés do XIII.

Dou motivo a que se fixese este decorado unha suxerencia de Xesús Bal no "Pueblo Gallego" en novembro do 1928 pedindo que se evitase o "subir y bajar de telones diferentes" na segunda parte dos concertos.

Supoño que se estrenóu no 1929.

Restaurado por Rafael Úbeda.

Gárdase no Museu de Pontevedra, r.º 7629.

5. *Portada románica.*—Gárdase un boceto no Museu de Pontevedra. Despóis trocóuse moito. De escomenzo, Castelao quixo "seguir" a porta da eirexa do mosteiro da Armenteira, poñéndolle de tímpano o que se gardaba na capela pontevedresa da Virxe do Camiño, agora no Museu, Ruínas de Santo Domingos. Despóis de unha visita a Carboeiro, trocóuno e axustóuse á portada da escola do Mestre Mateo, cas súas figuras do tímpano e os ancianos na arquivolta.

Estrenóuse o 23 de marzal do 1926.

Damos a foto do boceto e unha do decorado tal como se usóu nunha festa do Instituto.

Descoñécese o paradeiro e nun puido ser recollido no Museu.

6. *"Claustro".*—Anque está rotulado desde xeito, é, en realidade, o nártex de unha capela, con dúas entradas, románicas, e cun pilar central onde está unha imaxe de Nosa Señora. Inspírase na chamada "Catedral Vella", de Santiago, que é a cripta do Pórtico de Mateo, sustituída a imaxe central, e supondo gótico o interior.

Debéu de ser estrenado no 1926 ou a comenzos do 1927.

Damos a foto de unha festa do Instituto.

Gárdase no Museu de Pontevedra, r.º 7630.

7. *Interior de eirexa.*—Un telón negro é o efecto de luminotecnia de unha raiola de lus que entrando pola dereita batía no chan.

En realidade non era un decorado especial. Consérvase o telón que servía tamén de foro ao n.º 10.

Púxose moi poucas veces, a partir do 1928 [7].

8. *Rosetón oxival.*—A máis louvada das "presentacións escénicas" de Castelao. Un inmenso "espello" como chamaban a estas vidreiras os vellos mestres, ocupa toda a embocadura do escenario, no primeiro telar. A mazonería é a mesma do que se reconstruíu en San Francisco de Pontevedra. Transparente, alumeado dende o fondo por fortes "soles". Leva o Apostolado nos radios, cunchas de vieiras nos entrepanos e anxos con filacterias na coroa. Nas inscripcións o escomenzo do salmo 81 (80), "Exultate Deo", pois foi feito pra cantar o que compuxo Palestrina: "Exultate Deo, adjutori nostro, jubilate Deo Jacob.—Sumite psalmum et date tympanum, salterium jucundum cun citara.—Buccinate in Neomenia tuba, in insignis die solemnitatis vestrae". Claudio Losada gardóu o boceto, hoxe en poder do seu irmán Luís.

Estrenado, con aclamacións a Castelao, o día 26 de marzal do 1926.

Gárdase, dañado pola humedade, no Museu de Pontevedra, r.º 7631.

9. *Rúa.*—Rincuncho de unha vila mariñeira con soportales no primeiro termo. Noite. Azúes e brancos moi puros. Composto pra a "Serenata de catro galáns a unha dona" de Borodín. Incomprendido por moitos cando se estrenóu, anque hoxe nos sorprenda. Consideróuse "cubista" e "ultraísta" e mesmo díxose que era "novedad exótica". Miguel Rodríguez saíu á defensa nas páxinas da "Galicia" de Vigo. Convén reproducir as súas verbas:

"La decoración de "calle" ha suscitado diversos comentarios en determinada parte del público que no comprende la razón que tenga el pintor para dibujar inclinadas las paredes de las casas. Conviene precisar que las "razones" por que se guía un pintor escenógrafo no son las mismas que pueda tener un maes-

[7] A Sociedad Coral Polifónica depositóu no Museu todolos decorados que conservaba; faltan sóio dous dos que fixo Castelao: "Pórtico" e "Rúa".



CASTELAO.—Figurín pra un ballet galego. 1934. Museo de Pontevedra



CASTELAO.—Máscaras pra un ballet. Dibuxo. Museo de Pontevedra

tro de obras. Tampoco hay ningún motivo para suponer que la línea vertical se la más bella de las líneas. Claro está que si a los cuatro galanes los vestimos de chaqueta y pantalón recto no podrían deambular por la calle que para ellos trazó Castelao. Pero déjese a éste dibujar los figurines y se verá que bien concuerdan la escena y los comediantes. El arte de un verdadero escenógrafo consiste en producir ilusiones con formas fuera de lo real. Pero hay algunos, a quienes, si les pone delante una "calle" que no es la del teatro que tanto ya conocen, calle geométrica, con lejanos personajes y balcones florecidos, siéntense perdidos en medio de ambas aceras y creen alterada la numeración de las viviendas. Para Castelao el arte no tiene compromisos adquiridos. Su arte de escenógrafo es noble y atrevido. La decoración de los cuatro galanes, es, en suma, original y bella. No se le puede pedir más. Ante un espíritu tan elevado como el de Castelao es preciso descubrirse y aplaudir".

Non é mester decirmos que Daniel, que tanto se folgaba a pintar os telóns, adivertíuse moito ca regueifa.

Damos a fotografía feita nunha festa do Instituto; é a única que temos.

Non nos foi dado atopar aínda o paradeiro dista xoia da escenografía galega.

10. *Alcoba.*—Pintado pra cantar, sen que se vise o coro, "El Cant dels Aucells", armenizado por Millet, coma se fose unha serenata romántica.

Interior de un dormitorio. Por unha fiestra, no fondo, entra a lus da lúa a alumear unha silla isabelina onde deixóu a súa roupa a dona que se supón no leito.

Estrenóuse o día 23 de marzal do 1926.

Gárdase no Museu de Pontevedra, r.º 7632.

* * *

Os decorados de Castelao pra a "Sociedade Coral Polifónica" espertaron moitísimas gabanzas, un reparo illado, certos silencios que hoxe se non poden razoar e moi poucos comentos fondos, que os situasen no posto que teñen no espertar das artes en Galicia.

O Castelao dos anos trinta tornóu a soñar co "Teatro de Arte" e a trazar novas roitas. No 1933 tivo unha sonada ocasión

de volver á escenografía: os bocetos pra o estreno de "Divinas Palabras" de don Ramón del Valle-Inclán. O estreno, o día 16 do mes de Santos, non tivo o resoar que a obra e a súa presentación esixían; a puxeron a Xirgu e Borrás, traballaran os decorados con Castelao, Bartolozzi e Lozano. Don Ramón dixera que de Castelao dependería "en la estampa de "Divinas Palabras", lo más inmediato para que Galicia esté en presencia en la escena". Nembargantes... Fernández Almagro coidaba que as decoracións "por lo menos no perjudican el efecto de la plástica dramática", Juan Chabás, que os consideraba "desiguales" chamaba Castelar a Castelao [8].

Logo veu o traballo de América. O trunfo como dramaturgo e como escenógrafo —"¡Se eu fose autor!"— en *Os vellos non deben de namorarse,* (Teatro Mayo, 14 agosto, 1941). Alí xurdían, decantadas ao longo dos anos as matinacións que trouxera de París cando tornaba a Pontevedra con tan fondos anceios pra anovar as artes en Galicia.

Na conmemoración de Daniel era obrigada a lembranza de unha liña tan froitosa nas súas moitas labouras. Mortos os amigos que mellor a coñecían —Iglesias Vilarelle, Blanco Porto, Lousada Diéguez, Claudio Lousada, Barreiro...— cómpreme a mín afondar no arquivo das lembranzas como me correspondéu recoller e gardar tantos tesouros seus. Teño a seguranza de que non faltarán mozos que, con amor e sabencia, veñan traballar a fondo o que hoxe deixamos abés encetado.

[8] Véxase unha nota de Antonio Odriozola en CASTELAO, Alfonso R., *Galicia y Valle-Inclán*. Nota de Introducción y Apéndices de X. Alonso Montero, Ed. Celta, Lugo, 1971, Ap. II. As críticas referidas foron feitas en "El Sol" e "Luz", o 17-XI-1933. En crónicas de teatro tan lidas como as de "Blanco y Negro" non atopéi ningunha referencia.



CASTELAO.—O pranto en "Os vellos non deben de namorarse". Teatro Mayo, Bos Aires, 1941



CASTELAO.—Decorado pra "Os vellos non deben de namorarse". Teatro Mayo. Bos Aires



CASTELAO.—Primeiro boceto pra o "Rosetón" da S. Coral Polifónica.
Propiedade de don Luis Losada Prada

CONCENCIA DA GALICIA

Por ÁNXEL FOLE

Castelao dá a millor versión do noso pobo.

O de Castelao, "post mortem", é un caso cheo do meirande intrés pra todos nós. A bibliografía arredor da súa obra inmorredoira medróu e medróu nistes derradeiros anos. Por iso mesmo non é nada doado decir algo orixinal, algo que non estivese xa escrito. Cecáis por iso corra un o risco de se copear a sí mesmo, de se repetire.

Levo dito que o pobo galego é o gran destinatario da obra diste gran galego. E tamén levo escrito que o pobo galego é o seu protagonista. Pra Castelao Galicia é, de primeiro, o seu mesmo pobo.

E lémbrome agora que tamén escribín que un dos meirandes méritos do noso incomparábel artista era o de habere galeguizado a nosa pintura. Aa maioría dos artistas vidos dempóis de Castelao, do xeito que fosen, tiveron concencia da súa obra.

O primeiramente infruído foi o dibuxante humorístico coruñés Álvaro Cebreiro. Mais eu coido que tamén quedaron as pegadas da arte de Castelao nos dibuxos e na pintura de Carlos Maside, nos óleos de Torres e de outros dibuxantes e pintores dos nosos días. O seu xeito de fitar pró pobo campesiño e mariñeiro.

Alfonso Castelao dibuxóu cregos, picariños, caciques, tendeiros, indianos, concellás, etc. Era ise o seu pobo e ise pobo era a humanidade galega dos agros, aldeas e vilas, tanto da beiramar como de Galicia adrento.

Mais a raiolante singularidade de Castelao era o avencellamento do dibuxante co escritor. A pluma e mail-o lápiz servíanse

de mutuo. Endeporsí, pra eispresión do seu incomparábel humorismo. O humorismo do noso esgrevio artista ten sempre iste senso fundamental: cuáseque sempre a derradeira fala a dí o seu corazón. Sinte decote na súa entrana o sofrimento do pobo galego.

Lémbrome de Castelao en tal ou cál sucedo da súa vida, nas súas oraciós en defensa do pobo galego. N-aquil banquete que lle deran en Lugo, nos derradeiros días do mes de San Xohán do ano trinta e dous, cando era diputado das Cortes constituíntes da II República. Fora un dos máis fermosos discursos da súa vida, en contesta dos tan ademirábeles discursos do doutor Rodríguez Carrasco e máis do de Otero Pedrayo. Tremelecíalle a fala lentorecida de bágoas. E tamén fixo rír a concurrencia ca glosa humorística dos seus anos de estudante en Santiago.

E volvínlle oír outra soberbia oración no aito da inauguración no monumento a Curros, na Cruña, o día de Santiago do ano trinta e cinco. Voltaba de Badaxoz, a onde fora trasladado, i escomenzóu asina o seu discurso: "Veño das terras quentes do Sul, onde os homes morren de fame en verdadeiros mares de pan..."

Entón ocurríuseme pensar que a oratoria do noso gran escritor e dibuxante falaba de outro xeito que a dos oradores galeguistas d-aquels anos. Como si pensase moito máis os seus discursos, como si improvisase moito menos o que se dí. Por iso asemellaban as súas falas, moitas veces, ós versículos dos salmos. Tiñan sentido poético. E falaba sempre co corazón fora do peito, como o arrepresentara aquel inesquencíbel dibuxo de Luís Bagaría pubricado no diario de Madrid "El Sol".

Mais tamén conozo o Castelao das conversas das peñas de café, onde deitaba a xorros o seu tan carauterístico humorismo. Falaba de xentes que eu non conocera e lles atribuía trazos de humor que parecían xurdidos do seu lápiz ou da súa pluma. Poño por caso, o médico de Rianxo, irmán do escritor don Victoriano García Martí. A súa ama de chaves daba fe da súa morte con istas falas: "Cando lle trouxeron os Divinos, dixo: *Esto se fastidió... ¡Al caracho!...* y entregó su alma a Dios..."

A versión artística e literaria do noso pobo que lle debemos a Castelao e tan fonda como graciosa. Entendendo por *gracia* tal como se entende en galego: simpatía. Era siñificativa e sensíbel.

Tamén a súa persoalidade como orador decía moito á xente moza dos anos trinta e tantos.

¿E non sería en Lugo, n-un mitín, onde se definira a íl mesmo diste xeito humorístico?... "Eu son un galego químicamente puro, infusíbel ó soplete e inatacábel pol-os ácidos".

Un dos máis outos fitos ergueitos no vieiro da tradición galeguista. Hai Castelao pra anos e anos. Unha obra carregada de engado e futuridade, que nos fai sentir fondo e pensar lonxe.

CASTELAO EN COTOBADE

Por ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

Non sei se sería máis doado decir: Castelao e Cotobade, pra poder articular millor con doadas perspectivas, figura e obra do artista nos camiños de Carballedo, Rebordelo, Loureiro, Famelga e outros lugares da comarca. Foi un tempo contado, nada máis que un vran que o artista pasóu nunha casa arrendada na parroquia de Carballedo, no lugar de Pazos. Queda na obra de Castelao unha longa serie de estampas, moitas recollidas no libro *As cruces de pedra na Galiza* e outras publicadas en difrentes lugares, e quedan tamén lembranzas dos seus decires nas conversas que tiña con cantos podía larear. Moi axiña foi un veciño máis. Con afáns de investigador e artista aprendeo de contado camiños cheos de sombra, atallos por carreiros entre xestas e carballos, longas silvas e galudos toxos, e pasóu, pra ver os tremiñados dos muíños, as pouleiras despóis da sega. Lembraba con emoción o canto do *reiseñor* que escoitóu no comenzo da noite, nas Urceiras, cerca da ponte dos Aréns. Dou sempre moito creto a cantos lle serviron de guía. Con atención singular escoitóu ditos, refráns, contos, pequenas historias e pasos de misteriosos fantasmas. Un día meu pai acompañóuno deica a ilesia de Loureiro (figs. 1 e 2), e puido enterarse da vida de unha rapaciña moi fermosa, Florentina, enterrada no adro da ilesia que era o Campo Santo da parroquia. Castelao adicóulle o Segundo Libro de "Cousas" con estas palabras: *A Florentina, rapaza que morréu de amor na feligresía de Loureiro o ano de* 1857.

Todos sabían e contaban esta historia. O mozo de Florentina era un garboso galán, alegre, de palabra sosegada, mirada fonda e voz cautivante; fixo ronda de amor polo lugar e foi correspondido. Os amores atinguiron promesas e caíron en rea-

lismos sempre espranzados no peito de Florentina. Pero un día unha fala serodia de petrucio abafóu a ilusión da rapaza e o seu corazón queimóuse na fogueira que ela misma alcendía a cada intre, e, daquela coa labarada aquentaba o pensamento e alumeaba as sombras, sombras que agora, sentíndose despreciada, quedan pechas na súa dianteira sin deixarlle un porteliño aberto pra poder saír da cadea tecida coas doas máis brilantes do amor. A falla do amor foi mal sin cura. Axiña fuxiron as carnes dela e unha noite oubearon os cans na dianteira do adro, e a xente dixo que ventaban o derradeiro viaxe de Florentina pra sepultura familiar. Non é, como se vé, un sucedido aldeán de portentos máxicos, é unha triste historia que un canteiro, coa maior humildade poética, grabóu nunha lápida que aparece diante da sepultura e dí o seguinte:

DE LA PRENDA TAN QUERIDA
YACEN AQUÍ LOS DESPOJOS
Y NO SE CONTIENEN LOS OJOS
DE LLORAR A FLORENTINA
GARCÍA.
JOVEN DESCONSOLADA
QUE A LOS 23 AÑOS DE EDAD
PASÓ A LA ETERNIDAD.
DICIEMBRE DÍA PRIMERO
DE VIDA FUE EL POSTRERO
PARA ESTA JOYA MALOGRADA.
1857.

Castelao buscaba afanosamente cruces e cruceiros pra estudiar todas as manifestacións artísticas de cada obra que dibuxaba con óutima maestría. En Cotobade as cruces máis sinxelas son as que se facían nos montes, nas extremas dos cupos de toxo e toxos cando se repartía unha parte de monte comunal. Outro tipo de cruz sinxela son as cruces que constituen os Viacrucis e tamén cruceiros sin imaxen como o do Campo da Festa de Loureiro. Este cruceiro ten traza de haber sustituído a outro máis antigo que cristianizóu o lugar onde hai un carballo milenario chamado Carballo de Santa Isabel, ten unha mesiña de pedra ó seu lado colocada a comenzos do século XVIII. Foi sempre campo de festas e na súa beira facíanse as comidas das

festas de cofradías que había na parroquia e que foron prohibidas polos visitadores. Hasta fai poucos anos o día de San Marcos iba a procesión deica o Campo e dende alí benzoábanse as terras da parroquia.

Cruces de adorno encóntranse sobor dos portales no remate das paredes de varias casas que responden á traza dos pazos, e forman un gracioso símbolo, a maneira de blasón, construído encima do muro e formado por dúas pirámides e a cruz no medio, ven sendo a confirmación da Fe dos moradores da casa. Tamén aparecen as cruces embutidas nos tranqueiros das portas de entrada das casas, e nos difrentes xugos do carro, do arado e da grade. A devoción e confianza na Cruz é tan grande que se lle riscaba co aguillón da vara nos cornos da xugada cando se apuña o carro pra saír con el a facer un traballo.

Os cruceiros con imaxen son de difrentes modalidades con arreglo ás figuras que os compoñen. O máis sinxelo non ten máis que dúas figuras: Noso Señor nunha banda e na cara oposta a Virxen na súa Soedade. Outros cruceiros tén difrentes esceas tanto na cruz como na vara. Noso Señor está en casi todos soio, pero en algúns ten na súa dreita unha figura, santo ou anxo, pra recoller o Sangue da ferida do costado como ten o de Carballedo (fig. 3), e a tiña tamén o cruceiro de Barreiros, obra de Xosé Cerviño, autor de cruceiros e calvarios en moitos lugares de Galiza. O cruceiro de Barreiros fíxose á devoción de Bernaldo García do lugar de Vilalén, en Loureiro, na encrucillada do Rabistel. As figuras de recoller o Sangue de Noso Señor ten na tradición popular unha relación cos misterios da remisión das culpas e deprendíase, con arreglo a ese misterio, unha oración pra rezar os viernes do ano:

O sangue que d'El caía
Caíeu nun cáliz sagrado,
O home que a bebere
Será bienaventurado,
Neste mundo será rey
No outro rey coronado.
Quen esta oración dixer
tódolos viernes do ano
saca unha alma de pena
e a súa dun gran pecado.



Fig. 1: Eirexa de Loureiro en cuio adro foi enterrada Florentina



Fig. 2: Detalle da fachada presidida por unha imaxen de Santiago, titular da parroquia



Fig. 3: Dibuxo de Castelao



Fig. 4: D.buxo de Castelao



Fig. 5: Dibuxo de Castelao



Fig. 6: D.buxo de Castelao

Precisábase moi ben cánto valía saber e decir esta oración nun aditamento final con estas palabras:

Quen a sabe non-a dí
quen-a oi, non-a deprende
o día do Gran Xuicio
verá o que lle conviene.

O tema da representación da Virxen está tratado con moito sentimento polos artistas. Cando se fai entender á xente a pena da Soedade no intre de despedirse, tiveron pra modelo ás mulleres que facían o planto, os familiares no Campo Santo, cando daban á terra o corpo do defunto. Esta sinceira espresión de door está moi clara no cruceiro do Lisario (fig. 4) onde aparece soia, con un manto, un posible mantelo cuberto pola cabeza, según costume das xentes de Loureiro deica os primeiros anos do século XX. Outras representacións queren interpretar o door máis profundo nunha maior soedade e pra realizar esa visión, que interpreta a separación máis longa, a Virxen ten as espadas cravadas no peito, atravesando o corazón dos dous lados como está no cruceiro da Fontevaliño, en Loureiro. A terceira representación é a que ten a Noso Señor nos brazos, escea que remata o Desenclavo; está interpretada a escea con gran sentimento que acrescenta o amor de Nai. A función do Desenclavo era a gala da Semana Santa en Aguasantas e acudían a presenciala xentes de todos os arredores, por eso a súa representación ten un gran realce nos cruceiros. Non sería somentes door o que os canteiros que pensaban os temas pra os cruceiros de adros e encrucilladas, tivesen no seu idealismo artístico; había outros temas: María choróu polos sufrimentos do seu Fillo, pero tamén ten de mostrarse sorrinte cando sabe que rompe os moldes do pecado pra traer o mundo o Neno Deus. O tema da Inmaculada Concepción foi tratado no cruceiro de Carballedo, e parece que sería modelo algunha estampa das que levaban por aquel entonces os santeiros ás Misións das aldeas. Pero no mesmo cruceiro, que é obra da segunda metade do século pasado, e na mesma línea da Virxen, están Adán i Eva (fig. 5), e detrás a Serpe con unha espresión que parece risa de ledicia pola conquista feita. E curioso o traxe da Virxen que ten un hábito de monxa (fig. 6). No cruceiro están os dous episodios da vida na

súa relación co pecado e coa redención da culpa. No cruceiro aparecen outra serie de figuras entre as que temos que destacar o patrón da parroquia: San Miguel (fig. 7), o San Miguel das uvas: santo de moita devoción en Carballedo ó que festexan doadamente as mocedades. Carballedo tivo a costume de ir en determinadas festas botar os foguetes das vísporas ó Castro, non sabemos se irían na de San Miguel en pasadas épocas.

Castelao deixóu nos dibuxos dos cruceiros de Cotobade, as liñas do peito e a forma e disposición das costelas e a postura das mans na cruz coa súa representación simbólica espresada na disposición das mans no brazo da cruz e os dedos (fig. 8). É mester ter en conta que a representación dos santos ten moitas veces un símbolo na colocación e postura dos dedos; o máis usado é o que presenta a man dreita mostrando, separados, o índice, maior e anular, e o dedo pulgar na esquerda. Esta imaxen indica que morreo na defensa da Trindade dentro da unidade. As mans de Noso Señor están polo regular abertas pra perdoar. Neste senso é moi curiosa a representación do cruceiro do Lisario de Loureiro. Castelao dí o seguinte:

"Cando por primeira vez reparamos na representación do perdón en varios crucifixos, xurdía unha dúbida ben xustificada, porque a postura de abenzoar ollábase nas dúas mans, e aínda que a razón de simetría tiña moita forza, non se abenzoa coas dúas mans, senón coa direita somentes. Pero nas nosas andanzas por Galiza foinos permitido atopar un cruceiro de vella traza, na feligresía de Loureiro (Cotobade) e nel o Redentor aparece coa man esquerda pechada e a direita en postura de abenzoar (fig. 9). Con este achádego fican esvaídas tódalas dúvidas, podendo decir que os nosos canteiros enriqueceron a iconografía cristián cun novo símbolo de requintado sentimento" (fig. 10).

Como en toda Galiza os cruceiros teñen a misión de presidir as encrucilladas por onde pasan os defuntos, e rematar o calvario diante da mesa do adro ou do campo onde se pon a Sagrada Forma o día da procesión de Corpus como o de Loureiro (fig. 11) feito por Xosé Landeiro, ten nunha cara a Noso Señor e na oposta a Virxen con Cristo morto nos brazos. Hai, igualmente, moitos petos das almas onde se depositan ofrendas de espigas porque sanaron as vacas ou os porcos ou por outra razón de vida familiar. Ofrenda por ser de circunstancia humán era



Fig. 7: Dibuxo de Castelao



Fig. 8: Cruceiro de Rebordelo. Dibuxo de Castelao



Fig. 9: Dibuxo de Castelao



Fig. 10: O cruceiro da encrucillada do Lisario



Fig. 11: Cruceiro do adro de Loureiro

sempre de maior categoría, por eso aparecían os faroles acendidos tanto no peto como na vara do cruceiro ou nunha pequena lacena posta na prousimidade das almas. Castelao lembraba sempre a emoción que lle causaba este faroliño que alumeaba pola noite e polo día, emoción brilante na poesía de Noriega Varela que inspirou a portada do libro *D'o Ermo* (Orense, 1920) e ten seu fondo latexar na seguinte composición:

Oubea o lobo xunt'a cruz de pedra,
¡y-o Cristo non s'arredra!,
que xa ó sol posto non está soliño:
d'unha luz, luz de verme, s'acompaña,
porqu'ind'hay na montaña
quen lle colma d'aceite o faroliño...

Non faltóu o dibuxo momentáneo, unha anécdota da vida de cada día, a estampa das Cousas da Vida. É un dibuxo que representa unha muller, entonces veciña de Castelao, que vai con un caneco na man, e refire que xa non hai pinga pra levar o caneco. O dito podía moi ben ser aplicado, con segunda intención, naquela hora política e foi merecente da consideración do artista, como foron outros moitos pensamentos recollidos na saída da Misa ou nas conversas sostidas en calquer encontro cos veciños. O esprito profundo do artista acadaba con pasión o discurrir filosófico da xente, e o seu namoro de poeta acadóu tamén a flor da cantiga nos beizos das raparigas que traballaban nas leiras ou iban de camiño pra as súas casas despóis de rematar a hora dos traballos; son os cantos de retesía que costituían a estampa máis leda do canto popular.

Non foi esquencido Castelao na nosa terra de Cotobade; a súa vida, o seu arte e a súa preocupación pola grandeza de Galiza xunguidos na delicadeza do esprito que trascendía ó seu redor queda eiquí como unha luz, como unha estrela nordesía alcendida no máis outo valo pra alumear os vellos camiños do val e da montaña.

CASTELAO NA LEMBRANZA

Por ÁLVARO GIL

O vintecinco aniversario do pasamento de Castelao fixo avantar a súa figura a un primeiro plano de afervoada aitualidade en todo o país galego, con resoancias noutras partes de España e nas Américas dos nosos emigrantes.

Dispóis dun invountario esquecimento, os galegos, e aínda máis fortemente a nosa mocedade, colle contaito, forma concencia coa obra de Castelao, venera a súa persoalidade e pescuda no que podía haber de anticipo, a veces coasi profético, nas súas cavilacións doutriñáis e nas vivencias e símbolos políticos e sociáis.

Istas angueiras, que arrequentan hoxe a nosa xuventude, despertan tamén a saudade dos que, coma eu, coñeceron a Castelao dun longo trato vivo e foron testigos dos seus traballos e aicións.

Ficará dista efemérides unha primeira fixación de Castelao, xa dende o noso tempo e cicáis novos xeitos que fagan dos seus insinos incitacións, material pra ollar a posibilidade de novos servicios a prol da terra galega.

Máis limitadamente, aínda que non menos sinificativamente, compre aos que foron os compañeiros de Castelao nas tarefas galeguistas deixar un testemuño que arrequente a súa presencia vital ademáis do que sobrevive na súa laboura.

Tiven a sorte de ser seu amigo dende data moi ceda e sendo eu moi novo, os primeiros anos da nosa amizade ocurriron en Pontevedra, onde eu traballaba na Misión Biolóxica, ás ordes daquil grande home que tanto fixo por Galicia non sendo galego e que vivirá no recordo e na gratitude de todos nós: don



CASTELAO. Autocaricatura.

Cruz Gallástegui Unamuno. O noso centro de xuntanza cotián era o "Café Moderno" onde pintaran murales Castelao, Laxeiro e coido que Sobrino. O "Moderno" era un *ágora* barullenta, chea do fumo dos cigarros e dos *repiques* das fichas do dominó nas mesas de mármol.

Naquelas tertulias coincidían ou discrepaban unhos pontevedreses de nacencia ou vecindade. A nosa asistían Castelao, Alexandre Bóveda, Víctor Casas, E. Mosquera e outros máis... Nesta tertulia líanse as nosas pubricacións, que tiñan un caráiter ventureiro por dependere da nosa probe economía: "Nós", revista que dirixía artísticamente Castelao, "Ronsel", "A Nosa Terra", "Alfar", "O Xornal de Galicia", "Céltiga", e as pubricacións de "Lar" e logo da "Editorial Nós". Tamén líamos a prensa galega da emigración.

Naquelas xeiras apaixoadas, ás veces pintorescas, misturada a gravedade e a bulra, *o serio e o ledo* que forma parte da nosa fecunda singularidade, íbanse percisando as arelas do noso país, íanse concretándose principios e aitividáis do partido galeguista. O pensamento político-social de Castelao foise concretando naqueles anos a traveso das súas verbas e dibuxos.

Arestora, que semella querer armarse unha polémica arredor desta custión, os que aínda imos quedando daquel tempo, temos a obriga moral de deixar costancia de que Castelao (si é perciso confinalo nunha clasificación político-cultural) foi un *liberal*, de principios máis que de partido, coa máis estensa comprensión democrática pra as outras concepcións doutináis, dentro dun severo humanismo posto ao servicio da terra galega e do home en xeral. A leitura ouxetiva e despoxada de prexuicios do seu libro capital, neste senso, *Sempre en Galiza*, tería que facer innecesarias istas precisiós, por moi libremente que se queran interpretar ou aproveitar os seus textos.

Os traballos de Castelao que naquil tempo ían aparecendo coasi coa regularidade dunha producción metódica, enchíanos de fraternal ledicia. Naqueles anos pubricáronse *Un ollo de vidrio*, *Cousas*, *Álbum Nós*, obra senlleira coma forma i esprito da plástica galega, *As cruces de pedra na Bretaña*, xa Castelao comenzaba xuntar apuntes pra *Os dous de sempre* e pra *Os vellos non deben de namorarse*. Na *peña* do "Moderno" tivemos a primicia dalgúns daqueles orixináis.

Vivíamos, sendo estranxeiros na cidade, nun *pontevedrismo* esencial que sobrancea neste dato tenro e sinxelo: o filósofo Losada Diéguez, home sobranceiro do galeguismo, xunto con Castelao e co mestre Iglesias Vilarelle fondaron a "Coral Polifónica de Pontevedra" que axiña acadaría unha sona internacional, e tanto o grave Alexandro Bóveda como o xa famoso Castelao ían modestamente, noite a noite, pra ensaiar na corda dos segundos tenores...

A vida logo foinos esparexendo, mais sin arredarnos das ideias, das espranzas e do persoal agarimo que nos mantivo vencellados, a través de tantas cousas, dende aquiles anos pontevedreses.

* * *

Dispóis do pasamento de Castelao no exilio, sempre fidel á benquerida memoria, adquerín todo o que me foi posíbel da súa obra, xa se suporá con qué final destino. A máis do que xa tiña, púdenme facer cos grandes cadros a lapis do tema premonitorio que sempre xurde na súa temática: *os cegos*. Tamén foime posíbel traguer pra Galicia as *Estampas de negros*, feitas por Castelao en Nueva York, cuia belida edición tiven logo a sorte de poder facilitar. Púxenme a disposición das súas irmás sobrevivintes. A miña muller e máis eu chamamos á nosa beira a Virxinia, a súa dona, que ficóu connosco dúas tempadas. Na segunda delas Virxinia morrería en Madrid pouco menos que ó noso carón. Xunto cos familiares velámola. Baixóu á terra envolta na bandeira galega.

Algún día cicáis non lonxano xuntarémolos na terra que tanto amaron e serviron.

CASTELAO: ARTE E VIDA. A PALABRA ESCRITA E A FALADA

Por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

Foi polos anos da Primeira Guerra Mundial cando eu, que daquela era afeizoado á pintura, vín os primeiros dibuxos de Castelao, na Cruña, na sala do xornal "El Noroeste", que moitas vegadas servía para esposicións de pintura. Sorprendéume a súa presentación de vida galega, do corpo e a alma das xentes, e tamén da terra. Poucos anos despóis vín as súas pinturas na Esposición de Arte Galego, celebrada nos salós do Concello da Cruña e a velas aínda foi máis forte a miña impresión de recoller e espresar no seu arte a esencia do mundo galego, pois á forza do dibuxo engadíase, nos cadros, o color e a luz.

Castelao nos seus dibuxos, na súa pintura, na súa literatura, no mesmo nos contos, como *Un ollo de vidro* (1922), unha das súas primeiras obras literarias, como no seu libro de ensayos *Sempre en Galiza* (1944), no que recolléu, xa no eisilio, o seu pensamento político encol de Galicia,tiña sempre a mesma preocupación, o mesmo tema, Galicia; e o seu senso artístico de creador nas Artes, nas Belas Artes e na Literatura, o levaba a presentar ise mundo, que íl consideiraba da primeira calidade humán, con novo arte. Iste arte foi nos seus primeiros pasos profundamente simbolista, en busca do esencial e eterno das cousas galegas, sobre todo dos galegos máis chantados na terra e no mar, que son os labregos e os mariñeiros. Arte que se foi facendo cada vez máis espresionista, sobre todo despóis do seu viaxe a Alemania, nos anos de *entreguerras,* pra estudar alí un dos meirandes dibuxantes de tódolos tenpos, Alberto Durero. Iste arte espresionista foise enchendo de fondo dor nos dibuxos da gue-

rra civil nos que a influencia de Goya era a máis visible. Co seu arte espresionista, antes e despóis da guerra civil, os homes e a terra de Galicia adequiren unha tremenda forza tráxica: unha realidade máis auténtica e dorosa.

Na captación das xentes o do seu caráiter foi Castelao no seu arte o precursor dos eisistencialistas, e tamén o foi no estilo, vivo, choutante, rebuldeiro e humorístico. No seu arte escrito Castelao escribéu como falaba. A súa fala estaba sempre chea de semblanzas vivas de xentes galegas, sobre todo de mariñeiros.

A súa verba falada tiña unha nota que a puña por riba da escrita: o ser a espresión viva da súa persoalidade, ca voz e o xesto dábanlle un especial acompañamento. Eu, que coñecía e estimaba os seus dibuxos e creaciós literarias, nono tratéi persoalmente até os anos en que os dous nos reuníamos no Congreso dos Diputados: Castelao como diputado por Pontevedra e eu pola Cruña. Máis entón as miñas relaciós con Castelao foron ocasionáis e breves. Foi a guerra a que nos xuntóu con fortes vencellos en Valencia no ano 1937.

Vino constantemente en Valencia. Un día veume a confíar que o Goberno, que daquela era o de Largo Caballero, nomeárao embaixador de España na Arxentina. A colonia galega, que era con moito a máis forte da comunidade española da Arxentina, o pedía, Castelao era non sóo o galego senón o español en xeral que a comunidade galega de toda a Arxentina e do Uruguay estimaba e respetaba máis. Cando xa estaba proposto para iste cárrego houbo un troque no Ministerio e o novo ministro de Estado, Xosé Giral, suspendéu o nomeamento de Castelao e propuxo a Ossorio e Gallardo. Pra tódolos galegos das repúblicas do Mar del Plata iste troque foi inesplicable.

Aínda foron as nosas relaciós máis constantes cando o Goberno e o Parlamento se trasladaron de Valencia a Barcelona. Castelao vivía na rúa de Balmes. Un bombardeo aéreo destruéu a súa casa e íl quedóu, casi medio cego como xa estaba, perdido entre as ruinas do que fora o seu domicilio.

Pouco antes de reunirse as Cortes republicás en Monserrat, en 1938, tivemos unha longa conversa encol do Estatuto galego, que era a máis forte preocupación que íl tiña nise tempo e que era a mesma que tivera antes da guerra. Contóume que tencioaba levar o Estatuto a unha reunión das Cortes, mais que o presidente do Congreso lle comunicara que se perdera en Madrid

o espedente. Eu era membro da Comisión de goberno interior do Congreso, da que dependen as istalaciós materiáis das Cortes, os empregados e as oficiñas. Despóis de falar con Castelao fun a Madrid un día de inverno de 1938 e voltéi co espedente do Estatuto galego, que non estaba perdido, pois me foi fácil atopalo. Cando Castelao soupo que reaparecera o Estatuto recibéu íl mesmo unha nova vida.

O intenso e constante bombardeo de Barcelona na primaveira de 1938 nos xuntóu aínda máis. Marcial Fernández, daquela segredario do direitor xeral de Seguridade, Rafael Méndez, máis tarde íl mesmo direitor de carabineiros, nos levaba a Castelao e á súa dona e a mín e á miña a pasala noite na casa que tiña en Pins do Vallés, pois así se chamaba naquiles días San Cugat del Vallés.

Ó rubir, entre lusco e fusco, tódolos días a estrada que vai polo Tibidabo vimos alá lonxe, mar afora, como chantado no medio do mar, a silueta gris do acorazado inglés "Hood", como si fora un espantallo que protexera o porto de Barcelona dos oscuros paxaros da morte que viñan de Mallorca por enriba do mar. Nos fis de semán quedábamos alí polo día, sempre matinando en Galicia, nos seus problemas e no seu futuro.

No vran Castelao veuse ós Estados Unidos, chamado pola comunidade galega de Nova Iorque. Tomóu parte, con Bibiano Fernández Ossorio Tafall, nunha serie de aitos de propaganda en varias cibdades norteamericás. Tamén fixo dentón co mesmo propósito, un rápido viaxe a Cuba. Da súa estadía en Cuba, na Habana e en Nova Iorque, naquil vran, deixóu moitos dibuxos de tipos populares, especialmente de pretos da Habana e deiquí.

Cando eu cheguéi a Nova Iorque, en abril de 1939, nos xuntábamos na Sociedade Antifeixista Galega, Castelao, Basilio Álvarez, Marcial Fernández, Ramón Suárez Picallo, Xosé López Rey e outros moitos máis. Basilio estaba xa moi avanzado na súa doencia. O maior pracer que tiña era xogar ó dominó conmigo e con Castelao; e a meirande tristura da súa vida era que lle aforcaran o seis doble.

Castelao, como os demáis, dou crases particulares de español e tratóu de vender algúns dos seus dibuxos. Con íl e cos presidentes das principáis sociedades españolas, o Centro Español ou Sociedade Española e o Centro Antifascista Galego, fumos a ver a don Fernando de los Ríos, pra que se mandara a Basilio Álvarez a

Miami cun pouco diñeiro que quedara na embaixada pra axudar ós repatriados. Con íl se foi Basilio a Florida, donde vivéu gracias a íl algún tempo sin máis preocupaciós ca súa enfermedade que o levóu axiña á morte.

Castelao e eu vivíamos no mesmo barrio, no oeste da cibdade, íl na rúa 85 e eu na rúa 84. Nos víamos casi tódolos días. Paseábamos por Broadway, voltando a falar como en San Cugat, dos problemas da nosa terra de cara ó futuro. No vran de 1940 foise a Bos Aires, chamado polos galegos, polas sociedades galegas e polos particulares, daquela cibdade. Antes de marchar xa tiña eiquí falado con un grupo de galegos pra fundar o que hoxe é a Unidad Galega da Casa de Galicia, que se organizóu pouco despóis da súa saída.

Voltóu Castelao por Nova Iorque en 1945, despóis da reunión das Cortes republicás no eisilio en México, camiño de Francia pra asistir a unha reunión do novo Goberno republicán no eisilio, que presidía Xosé Giral. Como non asistín á reunión de Cortes de México non tiven ocasión de velo até que pasóu por Nova Iorque. A súa meirande ledicia foi ver que eisistía eiquí unha Casa de Galicia con vida e aitividade. A Sociedade nomeóuno socio de honor, o primeiro que se nomeaba nela. Todos o vimos marchar con fonda pena, e fíxose unha película do seu derradeiro paso polos Estados Unidos.

NOVA PRESENCIA DE CASTELAO

Por SALVADOR LORENZANA

Aló polos anos sesenta emprincipia a rexurdir en Galicia a presencia da obra de Castelao que tiña publicado —na súa meirande parte— nos fináis da segunda década do século. Os escritores mozos comezaron daquela a saborear o seu estilo de dibuxante e de narrador; un estilo que, acentuado por unha nidia caricaturación dos caracteres afalagaba a sensibilidade cuns deseños e unha prosa rapsódicos e intencionados, nos que se refundían as afoutezas do realismo con certo persuasivo feitizo na descrición de feitos e de xentes.

O que era xa familiar pra xeneracións anteriores, amosaba tintes frescos de novedade pra os escritores novos. E foron así conocendo éstes, *Cousas, Os vellos non deben de namorarse, Os dous de sempre, Retrincos, Un ollo de vidro, Sempre en Galiza...*, e outras recopilacións da súa mesta colaboración en xornáis e revistas. A boga de Castelao impúxose así antre os leitores, gracias á fondura e amenidade galeguísima do artista, e ao salpimentado do seu inxenio.

A teima en presentar a obra —cernemente galega— de Castelao, semella indicar que o gosto polo realismo humorístico e o folgo do imaxinativo andan a se anovar con cada xeneración. E o artista rianxeiro poseía mesmamente a virtude de axuntar nunha mestura debecente as cruezas da realidade do seu país co engulipo dunha fantasía singularizadora.

Fillo dunha familia de emigrantes, Castelao conocéu de primeiras, e vivíu decote, as angueiras populares. Despóis dunha estada nas pampas arxentinas voltóu a Galicia i estudóu meiciña en Santiago. Sentidor das esencias máis auténticas da súa

terra e do seu pobo, incorporóuse de cheo ao grupo galeguista de Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Cabanillas e outros iniciados, de inspiración finisecular.

Castelao mergullóuse na vida popular de Galicia, sentindo as súas mágoas, as súas angurias, e albiscando tamén mañáns prometedoras pra o seu país. O dibuxo humorístico, principalmente, foi pra el a escada de cristal pola que descéu ao máis fondo da alma do pobo. E a cabalo do humor guindóuse cara as aventuras reivindicadoras do esprito autóctono con rexa vocación.

A Galicia de Castelao é, xa que logo, unha Galicia enxebre, auténtica, sinceramente viva; unha Galicia que, fiel ás súas esencias, sinte unha xusta xenreira contra de todo o que é falso e antihumán. Os tristes, os asoballados, os que naceron con mal pé cobran figura e realce nos deseños do artista. O aceno humorístico, o tono poemático, o trazo caricatural erguen á tona aos gargulantes persoaxes que poboan o taboado dos seus dibuxos. Mais chega un intre no que todas as realidades se esborrallan. A risa era só unha carantoña coa que Castelao cobría o seu narís pra escusar as súas bágoas.

Malia as sotilezas coas que gostaba de se adobiar, o galeguismo de Castelao era, de certo, moi primario. Era a súa fe unha fe de neno, a súa dór, a dór das xentes sinxelas. Un home do pobo non sentiría doutro xeito. Nas súas máis puras ideas, nos seus pulos máis afervoados, o xenial rianxeiro será pra sempre, seguirá sendo, moi pobo, homildoso pobo.

¿É cándo é o intre no que podemos imaxinar a Castelao máis Castelao? ¿Cál aquél que acorda máis coa súa figura? Dexergamos ao home sentado, por exemplo, na pedra dunha corredoira, dediante dun cruceiro; está un algo canso de percorrer os vieiros da nosa paisaxe na percura de temas pra o seu arte. Dexérgámolo tamén peleriñando polos camiños do mundo, carregado coa saudade da ausencia, esparexendo a emoción dunha fe que se non amolecéu endexamáis. E dexergámalo afundíndose nos eidos da creación pra facer carne de verdade a sustancia latexante da espritualidade galega. Albiscámolo, ao cabo, soñando porvires, predecindo mañás de libertade pra a Galicia que tanto amóu.

Esa Galicia amada por el ten que se facer un mundo de xusticia, de progreso e de paz. Concordes con este esprito, os homes

do país deberán rexeitar todo artificio encobridor da súa persoalidade diferenciada, e terán que traballar nunha discipriña de identificación cos propios valores e cos valores auténticos da cultura universal. Daquela traspirará na alma galega un afán de criación nova, de vitalísimo rexurdimento, e ampla e gozosa romaxe polas estradas liberadoras.

O leitor intelixente da obra de Castelao reconoce mesmamente nela talentos considerables e unha xenerosa indinación de moralista social, tanto na pintura dos feitos como na captación dos rasgos máis espresivos de cada persoaxe. Outra particularidade singularizadora do autor é o seu tino pra bautismar ás súas criaturas coas notas máis axeitadas e reveladoras da súa fisonomía moral.

Castelao foi, esencialmente, un grande dibuxante cun faiscar de aguzado humorismo. Dos seus sentimentos de solidaridade humá testemuña a súa obra toda. Dende o miradoiro do seu arte a súa ollada pescudadora sorprendéu as caciquerías e as inxusticias do mundo que lle tocóu vivir. Nos sobrios deseños sobre temas sociáis, de política ou de arte e literatura, atopamos decote observacións e imaxes de peculiar fondura e brillante realismo.

Persoalmente, o xenial dibuxante foi un suxeto de orixinal feitizo, de espresión intelixente, o tono efusivo e zumbón. Puxo na súa vida toda unha frebil fremencia. Tivo, además, un benéfico influxo en libertar á língua galega dos vincallos cos que tencionaban encorsetala algúns puristas. Era, xa que logo, un home íntegramente rexo, un carácter que enxamáis claudicóu, quezáis porque nunca andivo á percura do éxito minúsculo. Finóuse lonxe da súa terra, pero quedóu inmortalizado no pensamento de Galicia: polo brío do seu cerebro orientador, pola norma da súa esistencia exemplar, pola doutriña do seu apostólico credo.

A vida de Castelao atinguíu unha grande unidade, porque toda ela estivo chea de fundamentáis preocupacións, e o interesante dos anos vinte en Galicia radica en que houbo homes "preocupados". Sin eso, as sociedades e máis as épocas pasan carentes de senso histórico. Porque preocupación denota "tensión" individual que, dalgún xeito, convírtese en colectiva. Cando se non dá tal fenómeno a sociedade é flebe espritualmente: non esisten valores.

A preocupación e a vitalidade criadora que Castelao puxo de manifesto, sinala unha das xeiras máis xurdias da nosa terra. O pulo que o artista lle deu á galeguidade exercéu un trascendente influxo nos meios espritúais e sociáis da súa época e nos tempos de despóis. Cantos amamos a Galicia ben sabemos dos merecementos da grande figura desaparecida. O seu volume humán, a súa persoalidade inconfundible resistiron doadamente todos os ataques zoupóns. Impuxo a súa obra con tipos humáns de amplo vóo e desgarrado berro, e cantóu o amor como manantío fecundo de vida. Emporiso a súa obra sigue intacta, con aquel gosto lírico e humorista, tenro e humán, e coa mesma galeguidade universalizada do primeiro intre. I é que o home Castelao ten obrado, ademáis, como unha podencia unitiva, suscitadora de franca e liberal irmandade. Baixo do seu nome, ergueito xa ao símbolo puro dunha corrente moral e intelectual, todos poden folgadamente acobillarse; todos aqueles que seipan comprender o vencello que xungue ao artista coa terra natal e o mensaxe que levóu aos seus contemporáneos e á posteridade.

Imaxinamos nestora ao artista nos seus derradeiros días. A súa alma sentíase alagada entón de luz da mañá. Unha fonda soedade envolvíao, quezáis, naquelas horas desacougadas. ¿Qué agardaba Castelao do mundo? Todo debía ser intimidade, evocanza, lembranza. Cun albor desconocido debéu dexergar o gran rianxeiro a súa traxeitoria, inda que sempre fiel a uns principios, ondeante, diversa, o "corsi e recorsi" —por empregar a terminoloxía de Vico— de toda esistencia humá. Nesta ondeación, nesta sucesión de momentos diversos, ¿cáles foron os puntos onde converxía o misterioso fluír da vida interior? Todo o ollaría Castelao cunha máxica trasparencia na hora da lembranza e da derradeira despedida. O que primeiro dexergaría cos ollos húmidos sería quizáves a súa nenez. Velahí a primeira constante daquela vida: o prodixio da infancia. Pero o importante pra a historia galega foi o que da súa mocedade e da súa madurez legóu ás xentes do seu país: ideáis liberáis e ideáis de liberación, de libertade. No arte e na vida do escritor e do dibuxante estas ansias fondas, estes ideáis han persistir.

¿Qué albiscaron os seus ollos no intre final ao sentir rachada a súa alma pola acedume que lle espertaba a terra lonxana? A ausencia da patria, o sentimento da ausencia, a saudade que se fai sangue, alento e vida imperecedeira do seu arte baterían

fondamente nel. Todo debéu ser unha evocanza anguriada, un perenne anceiar do lonxano país natal. Todo o esprito de Castelao viraría darredor desa ansiedade doorosa, todo tería o seu centro nesas soedades do mundo nutricio. Hoxe, o home, o artista, o escritor, constituíndo unha rexa unidade, figuran xa inxeridos como un diamante de nidia luz no noso millor clasicismo. E o homenaxe que se lle pode rendir, como máis eficaz, é o de seguir, avivecer e anovar esa tradición por el restaurada, cos pés ben firmes na terra entrañable e os ollos postos na altura da súa lección.

TRES CARTAS DO DESTERRO

Por RAMÓN MARTÍNEZ-LÓPEZ

Os vieiros da creación artística constitúen moitas vegadas un embeleñado cadelo imposible de endereitar ou, no mellor dos casos, un problema que aguilloa o noso coñecimento ou a nosa imaxinación. O escritor narrativo, por exemplo, aproveita na súa laboura experiencias vividas ou valentes olladas ao futuro que configuran o presente. Algunhas literaturas europeas, como a francesa ou a inglesa, ricas en expresións intimistas —diarios, confesións, memorias, epistolarios— fan doado, relativamente, axexar, por veces de esguello, ao longo daqueles vieiros á descoberta do proceso creador. Non foi a Península en xeral, nin Galiza concretamente, tan abastadas nestes xéneros literarios. (A autobiografía narrativa é ficticia e emprestada ás literaturas orientales. As cartas de Sor Mariana son un caso isolado na literatura portuguesa. E Santa Teresa cree unha obriga comunicar, como unha instrucción espiritual, o proceso da súa formación relixiosa).

Todo esto ven a conta pra destacar nas cartas de Castelao que hoxe se publican algunhas "cousas da vida" que poucos meses máis tarde aparecerían parcialmente incrustadas na súa obra. O caso máis craro é o do fin da segunda carta, de febreiro de 1935, que con sorprendente fidelidade reelabora e manda no outono do mesmo ano a *A Nosa Terra* dende Badaxoz, e máis tarde reproduce no limiar (*Adro*) de *sempre en Galiza*:

> "Acompáñame un can vagamundo, que me sigue a todas partes; un can morriñoso e vedreiro, que me fita con ollos de namorar; un can agradecido até o ser-

> vilismo, que por unha pedra de zucre agarda por mín na porta do café para facerme compaña no paseio de todal-as tardes... Este cativo animal dame noxo e compaixón, e véndoo tan famento, tan luxado e tan manso, paréceme un símbolo... *Aquí se muere de asco hasta el obispo*".

Polo que fai ás circunstancias das tres misivas pouco se ten que engadir. Castelao veu a Lisboa, hospedóuse con nós no Hotel Tívoli e alí se encontróu con Teixeira de Pascoaes, un temperamento paralelo ao de Daniel. Falóuse sobor de todo da triloxía: *São Paulo* —que eu traducira facía pouco ao castelán— *S. Jerónimo e a Treboada* e *S. Agostinho*. Ouvilos foi un regalo único. Pascoaes chegóu a bicarlle a man a Castelao, craramente conturbado. Castelao falóu dun galego de Badaxoz en termos que fai pensar no persoaxe que tristemente figura nas súas crónicas a *A Nosa Terra*. Falaba tamén amargurado da incomprensión para os problemas da Galiza por parte do partido socialista e de moitos republicanos galegos.

A derradeira carta foi escrita pouco antes dos nosos viaxes. Cruzámonos á altura da Habana, el no "Argentina", camiño de Buenos Aires, e eu no "Delvalle" rumbo a Nova Orleáns. Foi o día 27 ou 28 de xuño de 1940. Sabendo a data da saída de Nova York cablegraféille ao barco e dúas horas máis tarde tiven a súa resposta. Non volvín a velo. Só as súas poucas cartas e o xeneroso envío dos seus libros.

* * *

"Café Mundial". Plaza de la Constitución
Badaxoz, 30 de xaneiro de 1935
Sr. don R. Martínez-López

Meu querido amigo e irmán: Xa sei que Pascoaes chegóu a Lisboa fuxido do frío do Marão. Iréi, pois, a Lisboa.

Agora ben; teño que facel-o viaxe de incógnito, pois non levaréi permiso oficial e compre que ande con moito tento. Sairéi d'eiquí un sábado e sairéi de Lisboa o luns pol-a noite para chegar a Badaxoz o martes pol-a mañán. D'este xeito non falto á oficiña máis que o luns e diréi que apañéi un constipado e que non saín do hotel... ¿Qué che parece? Supoño que por esta mentira non estaréi no Purgatorio nin un soio día.

Non me convén pedir permiso, pois teño que gastar os días que correspondan para ir a Galiza. Xa te decatarás das razóns.

Ofrezo, iso sí, ir a Lisboa co-a miña muller tan axiña como poida. No caso de que volte a Pontevedra ou no caso de que teña que traela a Badaxoz.

Vou a Lisboa nada máis que para estas dúas cousas: darlle unha aperta a Teixeira e ver a Nuno Gonçalvez. E nada máis.

Agora unha encarga, porque supoño que nos domingos non estarán abertas as librerías. Necesito que merques un exemplar de *O pobre tolo* de Teixeira e que o teñas gardado. Lín este libro, que me volvéu tolo, no tren, antre Elvas e Valença e antre Valença e Elvas; pero ocurréume unha desgracia espantosa... Quedéime durmido no tren e ô chegar a Elvas despertóume un policía e dous aduaneiros... Co susto e os apuros esquecéuseme metel-o libro na mala e quedóume na rexilla. Por máis que faléi co-a xente do tren o libro desaparecéu e quedéime sen el. ¡Tíñalle tanto cariño xa! E non volveréi a telo nas mans. Date conta da ledicia que ten un rapaz que logra apañar un paxaro bonito; e a tristura con que queda cando lle fuxe, a voar. ¡Nunca máis volver a telo nas mans! Velahí como estóu eu sen o libro.

Meus saudos â túa dona.

E para ti moitas apertas do teu irmán Castelao.

(P. D.)—Se podes contéstame. Ben podes mandarme a direición de un hotel baratiño (ando mal de cartos) para dirixirme a el cando chegue, que será moi de noite. Non te esquezas: Incóg-ni-to ri-gu-ro-so. Dispóis de todo, esto non cai mal.

* * *

Inferno de Badaxoz, 13-II-1935

Sr. don Ramón Martínez-López

Meu querido irmán: Estaba de Deus que non chegaría o luns a Badaxoz. Por fiarme d'un pescador de cana (digo que era tal porque levaba unha cana de pescar e fumaba c'unha boquilla de perna de polo xa queimada de tanto servir) baixéime n'unha estación e perdín o tren. Eu tiña de trocar de comboio en Torre e preguéille ô pescador de cana que me avisase. O pescador (mala centella o coma) avisóume, e por deixar saír a unhas señoras primeiro, cando estaba no andén arrancóu o tren... Aque-

la estación non era Torre senón Ponte do Sur e tiven que ficar alí deica as tres e meia da mañán. Metinme n'un fonducho, ceei ben e deitéime c'unha maldizón nos beizos. Estóu seguro que aquel pescador de cana non pescará unha troita en tod'a súa vida.

¿Sabes unha cousa? Pasáronme as frieiras das mans co-a meiciña que me dou a nai de Teixeira.

Á miña chegada atopéi moitas cartas e tres telegramas. Os republicanos galegos xuntáronse a cear con motivo do aniversario da Primeira República en varias cibdades galegas e acordáronse de mín e puxéronme telegramas moi garimosos.

O Casares estivo en Pontevedra; pero según me dín non deixóu ós amigos contentos. ¿A qué iría? Estóu co-a area na zoca.

Escuso decirche que dispóis de volver de Lisboa esto parecéume máis cortello que antes.

> *Ando preocupado porque un dos moitos cans que vagamundean por esta cibdade colléume tal cariño que anda sempre detrás de mín. Cando saio par'a oficiña xa está el agardando por mín na porta e acompáñame... Foi que un día dinlle unha pedra de zucre e xa non poderéi desprenderme d'el até que un día fuxa de Badaxoz. A mín dame vergonza, porque o can é unha calamidade. Ten a coor d'un oso dos húngaros e os ollos póñenselle tristes para namorarme. Estóu preocupado con este animaliño.*

Faille presente a Isabel as miñas lembranzas máis garimosas e para ti velahí che van os brazos do teu bó e vello amigo e irmán. Castelao.

(P. D.)—Lembranzas a tódol-os amigos.

* * *

Sr. don R. Martínez-López

Meu querido irmán: Fai dúas horas que recibín a túa carta. Non logréi comunicarme con Castro; pero faléi por teléfono con outro *direitivo*. Eu teño falado varias veces do teu caso con Castro e demáis membros do "Frente Popular Gallego" e sempre descontaron a solución favorable. Fai algúns días díxome Castro

Inferno de Badajoz, 12-11-1935

Sr. Dn. Ramón Martínez López

Meu querido irmán: Estaba de Deus que non chegaría o luns a Badajoz. Por fiarme d'un pescador de cana (dijo que era tal porque levaba unha cana de pescar e fumaba — c'unha boquilla de perna de polo ou queimada de tanto servir) baixeime n'unha estación e perdín o tren. Eu tiña de trocar de combois en Torre e preguille ó pescador de cana que me avisare. E pescador (mala centella o coma) avisoume, e por deixar saír a unhas señoras primeiro, cando estaba no andén arrancou o tren... Aquela estación era a Torre vella Ponte do sur e tiven que ficar ali deica as tres e meia da mañán. Metinme n'mu fondicho, cheí ben e deiteime c'unha maldizón nos beizos. Estou seguro que aquel pescador de cana non pescará unha troita en tod'a súa vida.

¿Sabes unha cousa? Pasáronme as ficivas das mans co-a medicina que me dou a nai de Teixeira.

A miña chegada atopei unha carta e tres telegramas. Os republicanos galegos axuntáronse a cear con motivo do aniversario da Primeira República

en varias cidades falsas e acordáronse de min
e mandáronme telegramas moi faisiveis.

O Casares estivo en Pontevedra; pero agora me
din non deixou os amigos contentos. ¿A qué iría? Estou
co-a vea na boca.

Escuso decirche que dispois de volver de
Lisboa esto parecenme máis cotella que antes.

Ando preocupado porque un dos meninos cas
que vaganumbean por esta cidade colleume tal
cariño que anda sempre detrás de min. Cando saio
para a oficina xa está il agardando por min na
porta e acompáñame... Foi que un dia dinlle unha
pedra de xeito e xa non poderei desprenderme d'el
até que un dia fuxa de Badasos. A min dame
vergonza, porque o can é unha calamidade. Tem
a cor d'un oso dos húngaros e os ollos páxenselle
tristes para namorarme. Estou preocupado con este
miniño.

Faille presente a Isabel as miñas lembranzas
meis faisiveis e pois tí velahi che van os
brazos do teu ti e vello amigo e mestre

Castelao

Lembranzas a todos-os amigos..

que o asunto do teu pasaxe estaba arranxado. Agora dínme que che mandaron unha carta por avión e para que tí foses a unha axencia de ahí a recoller o pasaxe. Supoño que cha mandarían fai poucas datas e que se cruzaría coa túa. Non sabía eu que te atopabas tan apurado, pois de sabelo recurriría a outros procedimentos e a estas horas estaría resolto o caso —o teu e o da túa muller—. Coidéi que tí non querías meter en apuros aos amigos de ahí e que preferías deberlle o pasaxe a unha entidade d-estas que se adican a pagar pasaxes aos refuxiados (cousa natural pois o diñeiro non lle sobra a ninguén e ninguén vive tan folgadamente que non lle importe desprenderse d-uns centos de pesos). A túa carta descóbreme a verdade cruamente e agora véxoa. Non-a vín así antes nin tí ma presentaches. Pois ben; eu teño uns poucos aforros para chegar ahí e vivir os primeiros tempos —aforros conqueridos con un traballo e uns sacrificios bastante serios— e ofrézoche cincoenta dólares para axuda dos que xa teñas na man, no caso de que esa carta de que me falan non estea xa no teu poder. Eu garantizo a entrega de cincoenta dólares cando chegues a Bos-Aires, a quen teña a xenerosidade de adiantalos. Como ten de ser un amigo ou un irmán calculo que abonda esta mesma carta como garantía. Dispóis tí devólvesmos, pois co que eiquí vas gañar non será un gran esforzo. Esta carta chegará con tempo âs túas mans e creo que é o mesmo que si chos xirase. Non chos xiro porque creo que podes ter o pasaxe e ao mellor non-os necesitas. Eses cincoenta dólares que che ofrezo teño-os e pol-o tanto hai a seguridade absoluta de que os entregaría en caso necesario. Vai a miña axuda en recompensa das que tí me tes prestado, en café e máis en patacas cando vivíamos en Barcelona.

Sei que se arranxóu o asunto do meu permiso para entrar ahí; pero aínda non-o teño nas mans. Estóu que non vivo agardando por el. ¡Ai, qué despedida lle vou facer â estatua da Liberdade! Non; cicáis te vea eiquí, se é que ves por Nova York.

Un saudo meu e da miña muller par-a túa. Apertas a ese home forte que se chama Núñez Búa e tí recibe unha moi forte do teu amigo e irmán Castelao.

19 abril-1940

(P. D.)—Escuso decirche que buscaréi hoxe mesmo a Castro para decirlle os teus apuros. Espero velo.

ESTAMPA DA PAIXÓN

Por J. NÚÑEZ BÚA

Eran tempos nos que un fato de mozos que tiñan por mestres a Castelao, Otero, Risco, Lousada, Villar Ponte, Cabeza de León, Lugrís..., percorrían os camiños da Terra en tarefa evanxelizadora, pra satisfacer as súas arelas de abalar as concencias, os debezos de tirar ás xentes do seu "longo sono de pedra", os degaros de soerguer a ialma galega i emproala cara o porvir. Ben poideran levar por lema, como espora da súa aitividade cidadana, as verbas do vello Whitman: "O porvir non ven, compre ir cara o porvir".

Como nos días de Xesús, eran poucos no traballo de sementeira. Esparexían idealidade, outra cousa non tiñan. Decían ás xentes: ¡Escoitade!... E nos adros e nas prazas, dende os balados rurás e dende os palcos de música vilegos espallaban o seu idearium e a súa protesta, que tiñan os alicerces chantados no cerne de vellas tradiciós i a raigame prendida en feitos históricos dos devanceiros que loitaran en percura da manumisión de Galiza. Os fitos ideás estaban en dar ós galegos pulo e inzalos en vountade de liberdade creadora, capaz de conquerir que Galiza acade a ser suxeto de Dereito, pra que nun día próisimo ningún petrucio, coma o da estampa de "Nós", teña que decir doorido e resiñado ós seus netos: "A nosa Terra non é nosa, rapaces".

Tal que na parábola do sementador, moito gran perdíase: comesto, queimado ou abafado. Mais outro prendía, agromaba i espigaba, dando trinta, sesenta e até cento por cada un... Non todo eran verbas faladas. Castelao non só metía a fala nos ouvidos, que a metía tamén polos ollos. Il facía realidade o man-

dado do Mestre de Galilea: "Mirade o que ouvides"... Os seus dibuxos con pé chegaban a cotío á xente; entraban por ollos i ouvidos. Nas casas dos probes, dos escuros, dos que padecían fame de pan, fame de xusticia e fame de luz, non había cadros nin fotos, pro adoitaba a estar pegada ou cravada con tacholas na parede —"un berro na parede"— unha caricatura de Castelao recortada do xornal. E o seu nome era por iso sabido i amado en toda Galiza.

Veleiquí un feito inxel e puro que dende fai cáseque corenta anos bule tremecente na lembranza do cronista.

No auto do Edmundo Nóvoa (uruguaio-galego que agora disfroita en Montevideo unha vizosa ancianidade, non vellice), auto que tiña sido do Arcebispo de Compostela, viaxamos un día Edmundo, Castelao e o narrador. Saímos de Vilagarcía no abrente dun día de vran. Percorrimos estradas que arrodean aquela regalía dos ollos que é a río d'Arousa, alcoube de enxeños. Xa con sol no ceo, rubimos Moimenta, encosta do Barbanza; pasamos á beira da parroquia de Fruíme, de sona e louba por gracia do estro dos dous Castro, poetas, que foron seus abades. Cruzada Noia —"do buenos navíos se suelen labrar"— por riba dos vinte arcos da ponte Nafonso ("Adiós ti, ponte Nafonso; / non sei quen te acabará; / vinte anos me levache, / fror da miña mocedá", grabóu no vento a cantiga) entramos en terra muradana ("de gente que armando bollicios e guerra / se muestra bien diestra e ardid en la mar", rimóu o licenciado Molina). Vimos Outes, berce de Añón, doído precursor... Dende Muros, pola beiramar, chegamos deica Carnota, onde, ás nove, botamos os primeiros sermós. E n'O Pindo —enganosa resoancia grega— ó pé da súa rara penedia de discutida interpretación, e dediante as escumas da fervenza do Xallas, tamén predicamos.

Foi en Lira, poético nome pra un home lído, paisaxe moi composto prá kodak dun turista, terra e mar de suor prós peixeiros de dorna que nun día de fadiga acadan a xuntar un queipo pequeno de langosta, dous cativos carabelos de percebes e, se pinta ben, un copo de sardiña... Lira é unha parroquia campesía e mariñeira, estreita fita de leiras debruzadas entre o monte e o mínimo areal veciño da punta Miñarzos e do illeiro das Arrociñas. Agardábanos alí moitedume de labregos e mariñeiros, a maioría xente moza. No ar estouróu unha ducia de

palenques e nas gorxas froreceron os versos de Pondal nos sons tecidos por Veiga.

Unha mociña loira e dereita, co seu pano de alfombra ó seo e sober da cabeza manteleta de pano sedán caíndo en bandas que lle enmarcaban a faciana, chegóuse deica Castelao. Paseniño corréuile a man polas costas. E voltándose prás compañeiras, as meixelas acesas i a man alba tremente, dixo moi amodo:

—¡Eu chiquéille!

Ás mentes do cronista viñeron as verbas que Marcos, cando Cristo vai ó pazo de Jairo pra voltar a súa filla á vida, pón na boca da doente que, en chegándose ó taumaturgo, denantes de lle tocar, dí o seu pensar de fe: "Se poño a man no seu vestido seréi salva".

AS "LERIAS DO ADRO" DE CASTELAO

Por XULIO FRANCISCO OGANDO VÁZQUEZ

Se tivésemos que siñalar un intre, fermoso e conmovedor, no que Galicia sentíu en toda a súa coleitividade humán o no cerne da súa propia esencia espiritual o estremecimento emocional e doorido da súa eterna unidade esencial, eu penso que poucos, cecáis ningún, tan fondo e verdadeiro, como o da morte de Castelao, fai agora mesmo vintecinco anos. Xa en vida, Daniel andaba entre nós aureolado con un nimbo de benquerencia popular que se trasmitía a todos, tanto coa súa presencia física como na engaioladora simpatía do seu falar, que descubrían a infinda bondade que levaba dentro de sí e trascendía ás xentes e ás mesmas cousas, que quedaban transfiguradas coa súa palabra ou coa súa pluma.

Van alá vintecinco anos e o nome, a figura e a obra de Castelao medraron en fervor popular, de tal xeito que ben podemos decir que, dende Rosalía, non se atopa, no censo dos nosos mortos máis esgrevios, outro nome que acade maiores gabanzas e que sirva máis nidiamente a coherencia humán i espiritual do noso pobo. A verdade é tamén que ninguén sentíu tanto, como Rosalía e Castelao sentiron, as mágoas e as inquedanzas do pobo galego. Agora o pobo e a mesma mocedade que non gozóu do espectáculo da presencia física de Castelao, agariman o seu nome, comentan a súa obra, ademiran seu silandeiro camiñar pola vida, sin lixos no corpo, coa alma ateigada de bondade. Ningunha bandeira convoca con tanta forza á unidade de tódolos galegos como o nome, a vida e a obra de Castelao.

Nistes vintecinco anos a obra de Daniel foi difundida, comentada, degustada de tal xeito que cecáis non teñamos outro

tema que nos ofrende máis caudalosa bibliografía. Ista miscelánea de estudos que a nosa Real Academia consagra a súa lembranza nista data é boa probanza do rastro lumioso do home, do artista e do pensador que máis identificado estivo coas arelas dun pobo de longo sufrimento, guieiro da fe nos seus gloriosos destiños.

No servicio do pobo Castelao foi artista, escribéu fermosas páxinas narrativas, e tamén tivo que facer política, como lle acontecéu a todos os homes da xeneración "Nós". Porque, deica íles, todo estaba por facer cumplidamente.

Non matino nesta miña aportación facer unha visión persoal de Castelao, aínda que, ao igual que moitos homes da miña xeneración, penso que dispoño de aquiles rasgos máis nídios e verdadeiros que son os que fan que a súa figura latexe e viva tan perto de nós. Quero facer algo millor: ofrecer a todos tres cuartelas manucritas do xenial artista, garimosamente conservadas por mín perante a longa travesía de coarenta anos corridos, nos que, se ao seu traveso me fixen vello, o longo camiño percorrido non apagóu a miña devoción por Castelao nin murchóu a fe e o alento dos anos mozos.

É obrigado que fagamos memoria dos acontecimentos políticos do ano 1934. A República fora a caír nas mans da CEDA e dos Agrarios, e Lerroux ou mandatarios seus presidiron os gobernos de aquil bienio, frente a violencia das esquerdas que, divididas, perderan o poder na loita eleitoral. Os homes do meu tempo non precisan de outras consideracións. Pra os meus leitores nada estaba ben máis novos pra ventaxa súa, xa faremos algunha puntualización máis adiante.

O ano 1934 é cecáis o ano menos coñecido da vida de Daniel polos seus aituáes biógrafos. Pero é tamén un intre definitorio dos seus futuros rumbos políticos. A Castelao, diputado nas Cortes constituíntes do novo réximen, deixárano sin aita nas seguintes eleicións. A loita faise dura, de xeito moi especial en Pontevedra, onde os radicales estaban capitaneados por quen sentía particular xenreira contra os galeguistas. Convén, pois, lembrar algúns feitos:

No campo da literatura iste ano ben poidera chamarse "annus mirabilis", seguindo a Allison Peers [1], xa que o Día de Galicia,

[1] *Historia del movimiento romántico español.* Tomo II, p. 318. Madride, 1954. Tamén CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea.* To-

gracias ao patriotismo de un home exemplar, Anxel Casal, e a maturidade acadada polas letras galegas, conmemoróuse coa publicación de catro libros fundamentales: *A romeiría de Xelmírez,* de don Ramón Otero Pedrayo, *Os Evanxeos da risa absoluta. (Anunciación do Antequixote)*, de Antón Villar Ponte, *O silenzo axionllado,* libro de versos de Ricardo Carballo Calero, e *Os dous de sempre,* de Alfonso Rodríguez Castelao, quen pechará literariamente o ano coa edición de *Retrincos,* rematado de imprentar o 19 de Nadal, no mesmo obradoiro de Anxel Casal. Como se ve é un ano fecundo nos eidos da literatura.

Na banda dos acontecimento políticos, —como xa queda encetado— é ista unha etapa dura, incómoda, de loita fera [2], que terá seu cume na revolución do mes de outubre en Asturias e a declaración da independencia de Cataluña promovida polo goberno da Generalitat.

Castelao loita agora rexa e arriscadamente. Súa millor arma é a pluma, que, como denantes na caricatura, está a prol dun ideal en guerra declarada ós que atrancan os camiños do futuro da súa Terra. Castelao crea niste mesmo intre un novo xénero literario, no que, coma sempre, se manifesta o seu fino e ás veces acedo humor e o coñecimento real da dimensión política da hora que o país está vivindo, e que cecáis, ao meu xuicio, teñamos eiquí o nacimento da nova dimensión da persoalidade de Daniel que ficará pechada nas horas silandeiras do eixilio [3]. O novo xénero literario chamarase *Lerias no adro,* das que gardamos unha forte impresión aínda despóis de tantos anos. Prestaríamos un

---

mo I, p. 175. Vigo, 1962, fai uso da mesma expresión referíndose ao ano 1880 en que se publican *Follas novas,* de Rosalía, *Aires da miña terra* de Curros, e as *Saudades gallegas,* de Lamas Carvajal.

[2] Casares Quiroga, xefe da ORGA, denantes acatado por moitos, defraudóu as espranzas que todos puxeran nil e íl mesmo abafóu os millores alentos dos seus seguidores, pasando ben axiña pola amargura da impopularidade. A antipatía que Castelao sentía por Casares Quiroga queda evidenciada nas dúas "Lerias" que eiquí ofrecemos, con máis carraxe na primeira do que na segunda. Castelao entendía que, en Galicia, ser republicán a secas era non ser nada. Pra Daniel os republicáns, se de verdade o eran, terían que ser galeguistas. Cecáis iste sería a causa de non ter Castelao concurrido a xuntanza de Madride da que nos da noticia Xerardo ÁLVAREZ GALLEGO, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda.* Edicións "Nós". Buenos Aires, 1962, páxs. 169-171.

[3] Véxase concretamente SEMPRE EN GALIZA, saída do prelo o día 10 de marzal do 1944 na Edit. "As Burgas" do Centro Orensano de Buenos Aires. A 4.ª edic. saíu do prelo o 4 de xaneiro do 1974. Tamén o número extraordinario de *A nosa Terra* do Día de Galicia de 1950 e *Alba de groria,* Buenos Aires do 1951. Non compre esquencerse da monumental edic. de *As cruces de pedra na Galiza.* Edicións "Nós".

grande servicio pra o coñecimento das angueiras de aqueles tempos e pra un millor estudo da perspectiva política de Castelao se conqueríramos xuntalas todas, pois a nós fóinos imposíbel acadar máis das que eiquí ofrecemos [4].

Dí unha delas:

—Lerroux cumpléu setenta anos.
—Pois non-o parece.
—¿E logo, a ti paréceche que tén menos?
—Non, home, non. A mín paréceme que tén cento setenta.

* * *

—¿Sabes algo dos cincoenta diputados que representan a Galicia?
—Home... eu non sei máis que de dous.
—¿E logo, qué fan?
—Cobrar dietas para escrebir parvadas no "Faro de Vigo".

* * *

—Pois eu dígoche que todo canto se fai na Hespaña ensáiase primeiro en Portugal.
—Home, non digas eso. ¿E logo coidas que vai vir unha dictadura?
—Non-o sei; pero xa hai un Salazar no Goberno.

* * *

—Disque foi Nicolau d'Olwer quen inicióu o tratado comercial co Uruguay.
—Certo; ¿pero tí sabes quén era ministro de Estado?
—Sería Zulueta ou Fernando de los Ríos.
—Non, home, non. Era Lerroux, ¿sabes?

* * *

[4] Fracasamos no noso intento de búsqueda do ano 1934 de *A nosa Terra*, mália a axuda de investigadores amigos. Non se atopa na Real Academia Galega, nin no Instituto Fr. Martín Sarmiento de E. Galegos, nin no Museo de Pontevedra. Outras persoalidades tampoco conservan a coleición.

—Si Pita Romero non estivese trabado ôs Sindicatos gandeiros de Ortigueira xa estaría entrando a eito a carne do Uruguay.

—¿E logo os diputados de agora non imitarían ôs das Cortes constituíntes?

—Agora os diputados son moi patriotas e tanto lles dá o gando de Galicia como o aceite de Andalucía.

* * *

—Maciá non foi ministro; pero logróu a autonomía de Cataluña, creóu un baluarte para a República e soupo darlle vida a un Partido endeble. Morréu cheo de groria.

—Casares Quiroga foi ministro da Gobernación; pero bulróuse dos autonomistas do seu mesmo partido, entregóu a súa Terra ôs vellos caciques e deixóu sen vida ô sector republicano máis forte de Galicia. Pero foi sen querer, ¿sabes?

—¿E agora qué debía facer para refacerse?

—Pois... confesar os seus erros e loitar como soldado raso[5].

C.

* * *

As tres cuartelas autógrafas, milagrosamente salvadas, recollidas do cesto dos papeles onde foran guindadas, son as que seguirían á anterior leria. Polos acontecimentos aos que fan referencia tiveron que ser escritas nos primeiros días do mes de abril de 1934 e denantes da crisis do día 25 do mesmo mes[6]. Ofrecémolas en facsímil como proba da súa autenticidade e pra regalía dos nosos leitores, ademiradores todos de Castelao.

---

[5] Pubricada en *A nosa Terra*. Santiago, imp. "Nós". Rúa do Vilar, 15, p. 4. Exemplar no Museo de Pontevedra, procedente da librería do propio Castelao.

[6] Veleiquí unha apretada nota de puntualización histórico-política: a) Os ministros que foron ás procesións de Semana Santa de Sevilla foron o da Gobernación, Rafael Salazar Alonso, e o de Comunicación, Xosé M.ª Cid Ruiz-Zorrilla, agrario. Chegaron a capital andaluza ás seis da tarde do miércoles, día 28 de marzal, sendo recibidos polas autoridades civiles e militares. O señor Cid dixo que estaría dous días en Sevilla para asistir aos aitos relixiosos, aínda que, engadíu, con caráiter particular. Máis explícito estivo, xa de volta en Madride, o ministro da Gobernación Salazar Alonso, quen non sóio se mostróu satisfeitísimo do entusiasmo do pobo sevillano nas festas de Semana Santa, senón que contóu aos xornalistas, a quenes recibíu o día 31 do mesmo mes de marzal, que fora obxeto de moitas manifestacións de simpatía, citando o caso de que ao pasar pola Ponte

de Triana atopóuse con unha procesión sendo recoñecido polos homes que portaban os tronos e balanzaron o paso decindo que era polo ministro, engadindo que "sin temor a hipérbole, puedo afirmar que todo el pueblo sevillano estaba en la calle". En canto á restauración da pena de morto foi unha medida que o Goberno presidido por Lerroux tivo que tomar frente á forte oposición que atopaba no Congreso, ás folgas e aos aitos de terrorismo que tiñan consternado ao país. Na reunión do Consello de Ministros do martes, día 27 de marzal, acordóuse restablecer a pena de morte, decreto non anticonstitucional pero que precisaba a modificación de dous artigos do Código Penal. Frente a semellante medida —a que deseguida se le díu forma legal— replica a C.N.T., secundada polos socialistas, declarando a folga xeral en Zaragoza. Era visto que cando o Goberno Lerroux non atopaba oposición na Cámara, aquela estouraba nas fábricas e nos talleres. A aititude política de Lerroux foi condenada polos partidos da esquerda como francamente contraria á República, e dende facía tempo, algúns prohomes de aquiles partidos viñan insistindo na comenencia de coaligarse e ir xuntos na loita pra rematar co lerrouxismo. Non foi posíbel chegar a un total entendimento das esquerdas, pois tiñan perdido moito creto diante da opinión pública pola súa aituación anterior. O primeiro entendimento comenza por Azaña e Marcelino Domingo, a quenes se sumará Casares Quiroga, disolvendo a ORGA e integrándose no partido de Izquierda Republicana. (Datos da prensa de aqueles días); b) o Goberno Lerroux constituído o 3 de abril estaba formado deste xeito: Presidencia: Alexandro Lerroux, radical; Estado: Leandro Pita Romero, independiente; Gobernación: Rafael Salazar Alonso, radical, que sustituíra a Martínez Barrio; Guerra: Diego Hidalgo, radical; Mariña: Juan José Rocha, radical; Agricultura: Cirilo del Río, progresista; Industria e Comercio: Ricardo Sampere, radical; Comunicacións: José M.ª Cid Ruiz-Zorrilla, agrario; Traballo: José Estadella, radical; Instrucción Pública: Salvador de Madariaga, independiente; Obras Públicas: Rafael Guerra del Río, radical; Facenda: Manuel Marraco, radical, en sustitución de Lara; Xusticia: Rafael Álvarez Valdés, liberal demócrata. Deixando de man algunhas outras consideracións —tales como a falla de base parlamentaria: os partidos comprometidos no Goberno dispuñan de 141 diputados, frente a 143 da CEDA e da Lliga, de Cambó, cos que tiña que contar pra sosterse—, a impopulirade de que gozaba o novo equipo, pior que o anterior, e de xeito especial á súa falla de autoridade i enerxía pra impor o estricto comprimento da lei, cousas todas elas de moita entidade, díu lugar a crisis do día 25 de abril, formándose o día 27 un novo Goberno, presidido por Ricardo Sampere, no que Pita Romero continúa na carteira de Estado, pero en Instrucción Pública xa non aparece Madariaga. Resulta, pois, claro que ista "Leria" tivo que ser escrita despóis do 27 de marzal e denantes do 25 de abril. Cfr. Federico BRAVO MORATA, *La República*, II (1933-1934-1935). Madride, 1973, páxs. 115, 128, 52, 66. Pita Romero tiña sido ministro por vez primeira de Mariña no Goberno do 9 de outubre de 1933, presidido por Martínez Barrio, co que se disolven as Cortes constituíntes. Nos gabinetes seguintes ocuparía sempre a carteira de Estado (17 decembro 1934).

1

Leria no adro

– O Goberno: Lerroux será o que ti queiras; pero é moi sensibel ôs sentimentos cristiáns.

– ¿Dilo porqué mandou dous Ministros ás procesións de Sevilla ou porqué se lle ocurreu restablecer a pena de morte en Semana Santa?

=

– A minoria galega das Cortes constituintes morreu.

– Non, home, non. Vive ainda.

– Boeno, home, boeno. Se ben se mira sempre estivo morta.

– Estás ben trabucado. Repara que denantes sostiña ôn Ministro: Casares Quiroga. Pero agora sostén a dous: Pita Romero e Madariaga.

=

– Váiolle a decir que votei por vostede nas eleicións.

– Pois fas moi mal en decirmo; porque o voto é regredo

=

(2

– ¿Como te chamás?
– Antón
– ¿E qué más?
– Cajaraville Fungueiriño
– ¿E qué ideas tés?
– Son republicano
– ¿E qué más, home? ¿E qué más?

=

– Estamos no ano 1934 dispois de tres anos de República.
– Non, home, non. Estamos no ano 1922, nove anos antes da República.

=

– Agora compre agardar pol-a reaición que ten de vir.
– Non seas parvo; a "reaición" xa veu.

=

– Casares Quiroga xustifican a súa xestión de representante de Galiza no Goberno da República e foi moi aplaudido.
– ¿Aplaudido por Galiza?



Pregamos licencia pra reproducir eiquí a dedicatoria que Castelao nos fixo de *Os dous de sempre,* fresca aínda a súa tinta, nun café de Compostela, porque gardámola coa limpa emoción de unha reliquia persoal moi amada.



As *Lerias no adro* perderían grande parte da súa verdadeira dimensión se non engadísenos aínda que elas son a probanza da loita valente, a peito descoberto, que levóu a Castelao e a Bóveda ao traslado forzoso a Badaxoz e a Cádiz, respeitivamente, por obra dos radicales emilianistas. É ista unha etapa na vida de Castelao de que lle temos escoitado algunhas anécdotas coa gracia que somentes íl poseía, etapa que sería comenente estudar

con certo deteñimento. Algo adiantaremos eiquí como obrigado remate do noso cativo traballo.

O xantar de despedida que os amigos orgaizaron en Pontevedra pra o día 17 de novembro non chegóu a celebrarse porque tres días denantes, o día 14, morrera en Vigo a nai de Virxinia, muller de Daniel, por respeto e adhesión a door do matrimonio. Marcharon no tren expreso do día 18, e foron despedidos garimosamente polos moitos amigos da boa vila [7].

Tardaron en voltar case un ano. Penso que se trabuca un pouco Xerardo Álvarez Gallego cando refire ao outono do 1934 a xuntanza en Madride de Gómez Román, don Enrique Peinador e Bóveda, sen que Castelao poidese asistir por non ter recibido o obrigado permiso de Portela Valladares, ministro da Gobernación, porque nesa altura nin Castelao e Bóveda foran desterrados aínda, según queda dito, nin Portela chegara a ser ministro [8].

Portela Valladares foi ministro da Gobernación desde o día 3 de abril de 1935, deica o 19 de setembro do mesmo ano, sobrevivindo a crisis do 3 de maio que dá entrada de novo a Gil Robles no departamento de Guerra, Royo Vilanova en Mariña, Lucía en Comunicacións, etc., pero non entróu xa no gabinete formado por Chapaprieta o 25 do mesmo mes de setembro, porque don Manuel non se entendía ben cos ministros da CEDA.

Temos algunhas noticias de Castelao perante ista longa e fecunda etapa de desterrado nas súas prosas que van no comenzo de *Sempre en Galiza*. Mais penso que o seu éxito maior no orde literario do ano 1935 foi a súa conferencia na Semana Galega do Porto, orgaizada polo Seminario de Estudos Galegos, na que Castelao —indo desde Madride e participando en sóio dúas sesións— dictóu o día 3 de abril encol de "Os cruceiros de pedra na Galiza", da que ofrecemos a proba fotográfica.

---

[7] Véxase o *Diario de Pontevedra* dos días 16, 17 e 19 de novembro do 1934. Referencias que debemos ao noso benquerido amigo Alfredo García Alén, Segredario do Museo, onde se custodia.

[8] Cfr. *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*. Edicións "Nós". Buenos Aires, 1972, páxs. 169 e 172. Non ten importancia semellante trabucamento, dadas as circunstancias en que o libro foi escrito. De feito nin os tratos políticos certos que relata poden tampouco localizarse nese tempo, se ben se repara. Portela no chegóu a ministro da Gobernación deica o día 3 de abril de 1935, nun gabinete ministerial presidido por Lerroux. A entrevista de don Enrique Peinador e Álvarez Gallego con Portela foi cousa certa, mais tampouco pudo ter lugar na data siñalada.



Castelao pronuncia o dia 3 de abril de 1935 sua fermosa conferencia sobor de *As cruces de pedra na Galiza*, na Semana Galega orgaizada na cidade do Porto polo Seminario de Estudos Galegos

¿Cándo volta Castelao do desterro? Álvarez Gallego [9], testigo da petición de don Enrique Peinador a Portela, feita no propio Ministerio, dínos que Portela contestóu que íl somentes era o ministro da Gobernación do Consello presidido por Lerroux. Mais non por iso deixóu de manifestar o vello loitador galego que Castelao e Bóveda merecían algo máis que a simple restitución aos seus antigos destiños. ¡Merecían, canto antes, deixar de seren burócratas de unha vegada! Portela engadíu, ante a sorpresa de don Enrique e de Álvarez Gallego, que cando íl fose pre-

[9] *Ob. cit.*, p. 172.

sidente xa falarían. "Peinador —remata o segundo— quixo avantar o dito ¡cando íl fora presidente! Pro Portela non dixo máis" [10].

Don Ramón Otero Pedrayo, testigo de exceición e fraternal amigo de Daniel, dínos verbalmente que, estando en Trasalba, chegóulle o xornal coa noticia do nomeamento de Portela Valladares como ministro da Gobernación, nos primeiros días de abril, e baixóu a Ourense para telegrafiar a Portela pedíndolle a volta de Castelao a quen tamén díu conta da xestión que acababa de facer, e que seguidamente chegaron Daniel e súa dona Virxinia e pasaron con iles uns días no pazo de Trasalba. A fermosa lembranza escrita que don Ramón fixo de aquiles ditosos días era merecente de ser reproducida eiquí pola beleza da evocación feita quince anos despóis [11], senón tivésemos que alongar iste noso traballo. O ambente que envolve a prosa pedrayán ten, a pesares da tristura que a motiva, un aire puro de primaveira latexante, paseando os dous xuntos polos lugares de Trasalba que o noso Patriarca ama como se fosen seres vivos e graves.

Mais o certo é que Portela non agardóu a chegar a presidente do Consello e sendo ministro da Gobernación anula a sanción de desterro o seis de setembro de 1935, e Castelao posesiónase do seu antigo cargo en Pontevedra o día 28 do mesmo mes [12].

Enfiando o rumbo que latexa nas *Lerias no adro* —repetimos unha vegada máis nosa teima— penso que asistimos ao nacimento do Castelao político, porque pra nós o que máis destaca

---

[10] Portela non chegóu a presidente deica o día 14 de decembro do mesmo ano 1935, co Decreto de disolución das Cortes no peto i o encárrego de sacar das eleicións un partido Centro de acordo con Alcalá Zamora. O seu intento fracasóu, como é ben sabido, nas eleicións do 16 de febreiro do 1936.

[11] Véxase *A Nosa Terra*. Número especial adicado a Castelao. Ano XXXIII, n.º á7á. Día de Galicia de 1950, p. 16. A lembranza dos días pasados en Trasalba polo matrimonio Castelao está fermosamente evocada na carta de Castelao a don Ramón do día 20 de septembro do 1935, xuntamente coas andanzas de Daniel e Virxinia por París e Bruxelas, onde visitaron as Exposicións Internacional e a de Arte Antigo. Cartas agora pubricadas en *Grial*. Revista Galega de Cultura. N.º 47, xaneiro, febreiro e marzal do 1975. "Homenaxe a Castelao", pp. 88-90. Como se ve, o gran Daniel fixo un longo arrodeo de Trasalba a Pontevedra, pasando denantes por París e Bruxelas.

[12] Datos da Delegación Provincial de Estadística de Pontevedra, acadados por novos e xa benqueridos amigos, non galegos. Por iso non comprendo ben cómo os artigos antepostos a *Sempre en Galiza* aparecen datados en "Badaxoz, Abril-Outono do 1935". Cito pola 4.ª edic. Edics. Galiza do Centro Gallego de Buenos Aires. Instituto Argentino de Cultura Gallega, 1974, p. 31. Castelao cesóu, por excedencia obrigada, o día 3 de abril do 1936, por conquerir o primeiro posto na candidatura trunfante nas eleicións e o comenzo da aitividade parlamentaria.

en *Sempre en Galiza* é a brilante e sistemática conceición política que o artista e o narrador chegóu a acadar a partir de entón [13].

Seu pensamento, caladamente gardado nas entranas da Terra fecunda, xermola agora con forza inmensa na alma e na mente de todos os galegos e sirve como vencello de unidade pra un pobo cheo de espranzas porque a noite fíxose crara luz. Xa íl, profeta e guieiro tiña dito fai tamén coarenta anos:

"Nós temos fe no noso pobo e moi logo o noso pobo terá fe en nós".

Iste milagre a Castelao llo debemos por enteiro.

Ourense, 11-XII-1974.

[13] Véxase o libro de Alberto Míguez, *El pensamiento político de Castelao.* Antología. Edición bilingüe. Ruedo Ibérico. París, 1965.

O Compostelanismo de Castelao

Por RAMÓN OTERO PEDRAYO

I

A sinxela proposta da temática expresada no tídoo deste artigo leva en sí, tratándose de Castelao, a cavilación sobre algunhas constantes no ser e fluír do Esprito nas terras de Arousa, as veigas do Sar e Compostela e seu giro. Un mundo de evocacións. Elas precisarían dun longo e dentro do posible dun metódico desenrolo. Teimamos neste noso estudo non ser abranguidos polos feitizos da cosmicidade e humanidade do ambente histórico, e cinguirnos á figura centrosa e senlleira de Castelao na súa vocación compostelá e seu complimento.

Pra sentir deica as raíces máis fondas do ser e persoalidade de Castelao debemos lembrar cómo de neno, xa rubindo á adolescencia, foi levado á Arxentina e polo tanto foi emigrante e moi terno escolleito pola saudade. Pro o rapaz apenas sospeitóu a grandeza de Buenos Aires. Deseguida foi levado á campaña. Daquela a Pampa era unha paisaxe auténtica e vagoenta. E o neno afeito á consumada individualidade galega —o traballo do suco, o tecido das redes, o fogar familiar, todo o concreto e madurecido dun vivir de vella nación— debéu sentir estranado o enorme valeiro apenas poboado de intencións e promesas da nova sociedade na que inmerso pensaba i ensoaba a Galicia. Foi ben neno escolleito pola saudade.

Arredor dos dezaoito anos voltóu con toda a súa xente. ¿Qué visións de Galicia acendería pra o mociño Castelao o Atlántico

nos poentes da navegación? Non era como os outros do seu tempo. Tiña cursado na Universidade da lonxanía e do mundo novo, onde case todo estaba por facer, unha das meirandes esperencias do seu pobo galego. Bogaba en procura da súa nenez. Na edade na que os máis se desembrullan dela e fanforrean de homes dereitos, Daniel voltaba ao seo quente e mol, a aniñar no pazo dos belidos ensoares e dos medos cuia proba tenta como unha froita do xardín dos espaventos e dos tesouros.

En dous anos fixo todo o bachillerato en Compostela. Atrás ficaban as noites da Pampa de cósmica soedade afonzada polos afiados e silenciosos perigos axexantes na tebra. As horas da noite compostelá arroladas polos toques da Berenguela, comprían en brazadas de rosas de ensono as arelanzas ambiciosas nadas na noite pampera. Debían enxergalo e sentido asombrados seus compañeiros mociños, pra os que era aventura unha liorta a cantazos en Sar ou un bogar con mar bravo fora da Ría. Pro o regosto da ironía e do estar de volta como home de cigarro acedo de todalas ilusións non estaba no xenio de Castelao. A dura machada da vida non lle tiña tallado a mañífica e doncel frolesta do maxinar. E na carballeira de pedra, sonorosa de fontelas leendarias de Compostela, profesóu Castelao con agradecido sentimento de home na espranzada inocencia da nenez. Era o tesouro da raza, o ouro celta do sol novo mollado nas ondas do infindo gardado pra todolos nenos galegos no seu durmir, como a terra do ermo ou do eido durmida e doncel garda o faiscar dos céltigos tesouros. Pro os máis dos nenos galegos feitos homes de presa esquencen os sonos da súa nenez e esdenan o ensoar e o tesouro gardados no seo da Terra-Nai. Castelao ao facer moi novo o aprendizaxe de home no escenario arxentino do loitar en cada intre pola vida, gardóu sin lixos o ensoar da nenez amparado pola saudade. I en Compostela sin mingua nin merma agardaba por el como gardada polas boas fadas madriñas da alma dos pobos.

II

Pra nós ten moita valencia pra a súa obra e siñificanza a carreira médica de Castelao. A xente —a xente pouco atenta ao deitar das fontes íntimas do esprito— conténtase co humorismo e rí. ¡Castelao, o ledo caricaturista, o animador das millores tu-

nas de Santiago facéndose médico compre unha chuscada máis pra rír fateado de médico a carón do doente e vagar, todo o máis un pouco hamletiano, polos vellos adrales galegos! Non exercitóu ou apenas exercitóu a carreira, a man tenta, sin ensaios, mais a Castelao se lle non entende sin seus estudos. Tiña de ser estudante de Meiciña porque o médico chega millor do que ninguén aos abisos da conciencia da xente galega, millor do que o notario, e o home enfermo ou a ramo da doenza ou saíndo ledo dela non aferrolla a súa singularidade. Pra coñocer e amar á súa xente, Castelao debía mirala no leito, no hospital, na consulta pé dos esteos do camiño, encobrindo ca maxia simpatizante da profesión médica aquela outra maxia do seu xenio que o guiaba a coñocer e espricar os fondales máis segredos das almas galegas e cachear deseguida as motivacións delas diante o mundo en cada intre do seu vivir. Pra as vellas rianxeiras, pra os barudos mariñeiros e as mociñas de leda gravedade da mariña, debía ser pracer consultar aquel mozo médico, longueirón, tenro e riseiro, grande neno fateado de mouro cos seus ollos esculcantes e furadores, o seu agarimoso falar. Pensamos que Castelao denantes de todas outras cousas foi espreitado e considerado polas xentes de Rianxo como médico, como "curador", anque non tivera letreiro na porta, nin cobrara igualas...

A súa esperencia galega do pequeno Rianxo foi enteiro coñecemento na enorme, fonda e podente materia humá abranguida na leda e xentil plástica do Hospidal. Toda a delor e a lembranza, o pavor da noite e o consóo do abrente alí latexaban. O quentor fedorento dos leitos dos febrentos tiña o recender dos eidos cando chove no esterco, os laios e queixas dos durmidos a noite do rueiro cruzada de pantasmas de ensoares. A Morte longa e esguía chimpaba os ourizos de vida dos valentes castañeiros dos patróns doentes, como santos vellos no retábulo xiraban os vellos médicos, e as batas brancas dos mociños internos tiñan pra as aboiñas de cinza a albencia do San Xoán sorrindo antre os centeos novos. De cando en cando un cantar era o frescor da foula na praia alapeada de febre, e cadaquén sentía decorrer os ensoares, legrías e tristuras do seu vivir na irmandade fonda da probanza pola delor, baixo o caroal chover compostelán. Aquel Hospidal foi a grande e xeneral Historia de Galicia, e sóio algún como Castelao soupo leer nos seus textos de cinza, febre, delor e miragre. Cecáis, case de fixo, soio Castelao. E toda Compostela

foi pra el rueiro e pazo, ermida e romaxe de Galicia. Seu lápiz foi obedente á gracia souril do románico e o follecer pantasioso do orlamento barroco. E nesta vía de pensamentos se non pode fuxir a pregunta: ¿Non pode ser o noso barroco a maxinación criadora das longas noites de delor, fame e inxusticia da nación galega?

Compostela rí en Castelao como nunca cecáis tiña rído, pro tamén a fermosura do seu destino metropolitán se defina como en ninguén no artista rianxeiro. O sorrir de Castelao loce no seu padrón Daniel no Pórtico da Groria, i entre os vellos, os 24 armoñosos vellos, míranos a faciana de Castelao e súas mans dibuxando todo o arelar da catedral do xeito en que alenta na tradición e no fondo da alma campesía. Outro motivo de irmandade con Rosalía. Entrambos foron alunos da verdadeira Compostela, a arelante e saudosa, non a cristalizada en formas maxistrales das que os dous sofriron e ríron. Paser deica a ialba con Castelao a noite compostelán, foi pra mín percorrer o mundo asulagado no mar do tempo, sin se escurecer endexamáis a outa estrela da espranza acesa riba das augas ca seguranza do renascer que sempre brillóu no locir dos ollos de Daniel, e nonos deixóu cando ceguiños.

Como voto e seguranza deste destino Castelao erguéu a frolesta, a nova versión da basílica galega dos seus Cruceiros. A idea púídolle xermolar en Compostela ou non. É o mesmo. Pois pra Castelao a cidade do Apóstolo, paisaxe fonda e vivinte de rueiros, pazos, ermidas e camposas, foi a frolación enteira do vello caracocho da lénda, a suma de todas as aldeas, a consagración e a esperanza galegas. Seus tipos caricaturescos, os primeiros os levados polo mundo nas tunas escolares cunha mesturanza de risa e amor, son esquemas composteláns ou figurados pé da taza de tinto na Raíña, e sentidos no decorrer dos soportáis. Son Montero Ríos, Carracido, Murguía, Doña Emilia, o groso tinque do abade de Salomé, o longo Casares.

Por Santiago adeprendéu Castelao, sen estudar arqueoloxía, os tempos, as proporcións, os medos e os gozos do Románico, i estudóu os tipos labregos do estilo dos Apostólos do Pórtico ou vibradoiros de legría barroca á volta da festa ou aturuxando como aturuxan os orlamentos da Berenguela... Foi Compostela como cada mañá lavada e mitoloxizada pola foula labrega, a cidade ideal pra o home de peirao con néboas mariñeiras e ron-

seles lembradoiros que foi todo o vivir de Castelao. Quen en Buenos Aires dende a fenestra da súa pre-cegueira e cegueira enxergaba no ceo porteño composicións de nubes compostelán. Súas fermosas rapaciñas teñen ca gracia de foula a beleza dalgunha das belidas donas da Catedral. Como Rosalía foi Daniel o grande Doutor compostelán dos tempos modernos, o soio dino de convocar a Concilio a tódolos cruceiros dos camiños e rueiros de Galicia.

CASTELAO EN "NÓS"

Por VALENTÍN PAZ-ANDRADE

Em meio ao som da cachoeira
hei-de ouvir-me, a vida enteira
dar teu nome.
(João Guimarães Rosa [1])

ESPRITO E IMAXE

Se tornamol-os ollos ao tempo galego de fai pouco máis de meio século, teremos de os pousar con agarimo no álbum "Nós", a primeira das obras maores de Castelao. Falo do tempo sociocultural, no que había de coallar a segunda xeración de esgrevias figuras, que fixo da Terra paixón da súa vida e bandeira da súa loita.

No álbum "Nós", compre recoñocer o decurso de dúas vidas. A primeira ao longo dos anos vinte, cando as estampas que o compoñen aínda andaban soltas. Con elas o autor orgaizóu unha exposición itinerante pol-as cibdades e vilas galegas. A segunda vida foi adequirida despóis, ao se facer a edición no formato de libro, en folio, con cubertas de pergameo, o ano 1931 [2].

Tanto na primeira como na segunda xeira, o álbum "Nós" foi moito máis que un acontecimento do arte. Foi o redescubrimento d-un povo co drama do seu vivir ás costas. Foi unha campanada na concencia coleitiva, que dende séculos se non mexía e andaba esquecida de sí mesma. Un abalo social, que tiña de vir a soerguer o esprito galego.

Castelao compuxo a obra conxugando o arte co pensamento. A vontade e a mente endexamáis obraron tan a modo artella-

[1] "Ave, Palabra", Livraria José Olympio Editora, Río de Janeiro, 1970.
[2] "Nós", por Castelao, Hauser y Menet, Madrid, 1931.

das. O artista puxo na tarefa a ilusión de quen traballa coas materias máis achegadas á súa intimidade. De quen fende na propia carne. Non en van andaba a tallar esquemas antolóxicos da súa raza.

De primeiras, no álbum "Nós" atopamos a imaxe anatómica da xente galega. Endexamáis o rascuño fora tan sobrio e tan verdadeiro. As figuras, seu modelado, seu xesto... viñan arrincadas á canteira racial, con tal autenticidade que non poderían interpretar a fisonomía de ningún outro pobo. Arrincóu á humanidade galega os exemprares máis definidos. A persoalidade somática do pobo, endexamáis adequirira no mundo do arte un senso tan verdadeiro.

E, ao mesmo tempo, tan transcendido pol-os estados do esprito. Pol-o sentimento, pol-a rebeldía, pol-a anguria, pol-a sorna... De tal xeito que a obra pudera valorarse tamén coma antolóxica da psicoloxía galega. Ao pé de cada dibuxo, as figuras poñen a súa sentencia. O xesto e a palabra responden á mesma onda de intimidade, que denantes de Castelao ninguén tiña reflexado con verismo tan fresco e sinxelo, con caracterización tan expresiva e xusta, nin con estilización tan ennobrecida.

DOCUMENTO SOCIAL

Todo o movimento da renacencia galega que arrinca dos Precursores e chega aos nosos días, conquire nas follas do álbum "Nós" unha das primeiras cimas. Por enriba dos valores artísticos, que non se poderían mellorar, a obra constitúe un documento social estrelecente. O home galego, a vida rural e mariñeira da Terra, endexamáis adquirirán unha imaxen tan expresiva, unha representación tan rezumante de autenticidade.

O drama da Terra está alí, dende a primeira á derradeira estampa. Os rasgos de cada figura e a intención con que foi redactado cada pé, responden a un orde de ideas-forza, chamadas a estalar máis cedo ou máis tarde na concencia da sociedade. Nada hai na obra enteira de neutro nin de banal. O autor carregóun-a de pensamento até nos máis miudos rascuños, sin que padecese nin migalla da súa nobreza estética.

Co álbum "Nós" Castelao veu a compoñer o retábulo de fondo, do movimento espritoal, que da Galiza fixo seu eixo. Doulle o contido social de que tería de vivir despóis. De que xa vivirá sempre mentras a Terra soporte inxusticias i-esquecimentos.

É ben certo que Galiza non loita agora c-o caciquismo monárquico, as oblatas ou os foros. Mais tamén é verdade que sigue loitando contra a emigración e a marxinación. Entramentras o álbum "Nós" seguirá sendo livro clave d-unha loita por unha Terra liberada de inxusticias e pauliñas.

LIBRO DE CABECEIRA

Por enriba d-outros merecementos, o álbum "Nós" representa algo novo na historia da nosa cultura. Un esforzo xenial de "apreensión artística de material antropolóxico". Adiántase no seu tempo, cal "un conxunto de imaxes e formas que correspondese ao esencial da experiencia enteira d-un grupo humano". (Gilberto Freire) [3].

Mais tamén atesoura valores de síntese. Recolle os rasgos do comportamento social do mesmo grupo, de cara a condicións hostís ao seu desenvolvimento. Cada estampa pon ao descuberto algunha raíz da i-alma galega, endexamáis tratada de xeito tan amoroso e penetrante. Cada figura sinte na súa carne a farpa da inxusticia ou da dóor. O drama da emigración endexamáis atopara interpretacións máis fondas.

Dentro da xeira que Castelao percorre —artista e home de pensamento n-unha peza indisociabel—, o "Nós" é tamén unha obra de anticipación. Prefigura outra, a obra de definición ideolóxica que, trinta anos despóis, viría a coallar no "Sempre en Galiza" [4]. Sempre, aínda no eixilio, onde o livro nascéu. Aínda na morte, a que o livro sobrevive.

Verdadeiros livros de cabeceira pra un pobo que sinte a obriga de rectificar a historia i-endereitar a súa cativa sorte. Nas páxinas de "Nós" o pesimismo transfórmase en alento pra novas xornadas de loita por unha Terra mellor. Tal como no prólogo deixóu dito o seu autor.

[3] Gilberto Freire, "Casa Grande e Senzala", Livros do Brasil, Lisboa, 1957.
[4] Alfonso R. Castelao, "Sempre en Galiza", edición "As Burgas", Buenos Aires, 1944.

A AUDICIÓN RADIAL DE MONTEVIDEO "SEMPRE EN GALIZA"

Por FERNANDO PEREIRA CAAMAÑO

Unha data: 3 de setembro de 1950. Oito nomes: Alfredo Somoza (xa asulagado na eternidade), Loís Tobío, Emilio Pita, Xesús Canabal, Pedro Couceiro, Manoel Meilán, Antón Crestar e Manoel Leiras.

Ao cabo de nove meses, como unha cantiga doce á maternidade, como unha louvanza á vida, agroma en Montevideo a emisión radial "Sempre en Galiza". Foron, nembargantes, uns meses de agardar acedo, de desacougos esenciáis, que se engaiolaban a unha faísca lumiosa i evocadora. Eran, sen dúbida, os latexos fondos e virxinales do guieiro, na sereidade dun sartego resoante, vidal, que alongaban o seu mensaxe, quenes abanearon a ese fato de homes deica empurralos polo camiño da Hestoria. Non era somentes o relembro saudoso, de valeiras vaguedades, quenes levaron ao xuntoiro querendoso e presentido a aqueles seres; sabían que no ar había un desexo, un sentimento feito carne, pra trocar un ideario a prol dos homildes, dos desposeídos, de xusticia e non de caridade, nun outeiro dominical e trasparente. E así foi como xurdéu "Sempre en Galiza", que comprirá o seu carto de século de vida no vindeiro setembro, no ano do pasamento de quen deixara un ronsel imborrábel, de vivenzas axustadas e axeitadas ao mundo de hoxe. Porque, en definitiva, a continuidade, a regularidade, enmáis da proieución insospeitábel da audición radial, é o refrexo, por unha banda, da profundidade dun fillo da verdade e, pola outra, a confirmación da certeira visión dos seus fundadores, que souperon escoitar un chamado e afastarse de tépedos e murchos pesimismos. Foi unha

tamén longa noite, pro non de pedra, cos seus vagalumes, co seu recendo especial, de seu, devalando ensoñacións, abranguendo todo o feitizo do intre e acoutando, pra sempre, a morte agasalleira, de vida estrelecida. Os anceios, as sedes nobres, patrianas dos seus destiños, proletarias e cernes, atopan a corredoira limpa e buscada. Aberta, conselleira, acariñante, sen silveiras, co bulir perto dos latexos de Daniel.

Co tempo, paseniñamente, outras voces e outros sentimentos (sentimentos pendurados no mesmo albre ergueito), avencéllanse, reatópanse e palican no adro aberto de CX 16 Radio Carve: Xosé Lois Villaverde, Yolanda Díaz de Rodríguez e F. Pereira. Interpretar un mensaxe, non enguedellarse con cantigas de serea, comprometerse coa pureza, velahí un xeito de homaxe, sen trégolas, ao guieiro. Non axionllarse diante da noitebra, da vaidade ou da mentira. Ser xordos aos barulleiros ideolóxicos, que coidan que a bondade básica de Daniel é algo emocional (ou un sentimento astrauto) e non un feito refresivo e revolucionario, é, asemade, un xeito de homaxe permañente. Pois todo iso é "Sempre en Galiza" no Uruguai, que ten o privilexio, enmáis, perante media hora os domingos pola mañán, de trocarse nun froito da sementeira, non serodia, aitual, descarnada, non estupefacente, de quen dera orixe, de quen sigue sendo o "santo e seña" dun quefacer que se inza a eito, que se cisca lumiosamente polo espacio. Percorrede a intimidade dun fogar, ou lugares de aparencia allea, de nove e media a dez, no día da folganza somanal. No Uruguai e na Arxentina (a onde chega o seu rumoroso petar). E veredes facianas aterecidas pola friaxe dunha bágoa quente. Seres con corazóns apaixoados e feridos de amor. Fatos humáns axexantes á fala xeneradora da poesía de hoxe. Milleiros e milleiros de radio-escoitas, que saben escoitar. Galegos medulares, que non se engruñan. Varales. De pelo en peito. Cecáis (ou sen cecáis) estaranlle bicando as mans ceibes, limpas e bariles do home-mito. E tales aititudes, tales rebumbios do esprito, son a caixa de resoancia natural dunha presencia viva e dinámica. De quen se metéu no rueiro da Hestoria. Que sabe seguire connosco e que nós sabemos palpalo, coa fervenza dos novos tempos, que aínda non son chegados. Pro que están chegando, pra ledicia doutros pobos amigos e irmáns, que tamén saben de noites de inverno, de xiadas e trunfalismos escorregantes. Será mester poñerse dacordo e desbotar aos litúrxicos, aos

servos e a quenes empregan os botafumeiros pra botar fume. De leña verde. Que pode trabucar.

Hai unha simbiose entranábel antre o espacio radiofónico "Sempre en Galiza" e o seu mítico xestor. Do seu xestor, do seu nidio precursore de roteiros, sen mácula, recibe a prédica e o alento definitorio e definitivo. O pulo áureo, acochado i espontáneo dun 7 de xaneiro do ano 1950. Dunha xornada preñada de pesares, que, daseguido, idealízase e convírtese nun fito que fende nas entranas populares e soergue concencias no mundo infindo e potencialmente rebelde da emigración. Desa emigración, desa masa que vive e pervive nestes ceos, dimpóis de saltar mares e valados, cavilosa, calada, homilde, axada e, nembargantes, protagonista e peza vivente dun relucente porvir. Como resposta, "Sempre en Galiza", abre a súa cancela en galego, somentes en idioma galego, sempre mesturando novas, verbas, cantigas, saúde e Terra i el (tamén sempre el) recolle ese pan ben amado, con sabor a regueifa, sabendo que é o prodixioso pago a unha conduta frolida, de río espellante, sen reviravoltas. Pra honra, pois, d-el a emisión nace co el e pra el. Alóngase co el, coa súa parola, cos seus pareceres, co seu humor crasista, coa súa intransixencia idiomática. Dixemos ben: coa súa intransixencia idiomática. Intransixencia, á que se dá o comprimento máis melindroso e que el sabe degustare, que está degustando. Neste intertroque, neste ire e vire de afervoados azos, queda, coma un reiseñol enxaulado, o noso pobo. E na meiguice da hora, de certo agoa-mel, queda estabrecido un solene feito: a audición radial "Sempre en Galiza" é a pioneira, no mundo da emigración e metropolitán, dun espacio falado enteiramente en galego, que fai xurrar, físicamente, tódolos domingos, a figura encamiñante e interminabre de Daniel. Dun Daniel xuvenil, cheo de craridade, crebando o tempo, debuxando nas areas nadales, delgadeiro, con pampeana señardade, zoándolle xa nas ourellas o vento mareiro do amore aos demáis, aos semellantes. A eses semellantes, que aínda, dín, que non son semellantes. Mergullado nos seus pensamentos, escoitando o rechouchío das gaivotas rianxeiras, profundando na ialma mariñeira. E na labrega. E na obreira. Na ialma do mundo. Pousándose, afincándose na Terra, pra sere ecuménico. Solidario.

A verdade non é verdade senón atopa receutividade. Senón fura vontades adurmiñadas. Senón fai trimbilicare a mentira.

Senón troca a escuridade en alborada. Senón camiña ergueita. Senón abre sulcos. Senón sirve como vibradoiro. Senón escrarece concencias. I eso é "Sempre en Galiza". I eso será "Sempre en Galiza". Pra ben de tódalas Galizas. Pra ben do seu ideólogo. Pra ben de quen nos guióu, do noso guieiro. A quen soupemos escoitare. A quen seguimos escoitando. A quen seguiremos escoitando. E por elo, "Sempre en Galiza" é escoitada. Por Daniel. Por galegos. Por uruguaios. Por arxentinos. Polas Galizas. A da diáspora. A da que fai vida nómada. Pro tamén pola que amaba tanto o chán que o víu nacer e medrar, que non se movéu. Que se quedóu, en silenzo, agardando tempos millores. Que virán. Que xa están a vire. Pra que, dese xeito, poida voltar Daniel. I entón producirase a comunicación ideial antre a Galiza presentida e a "Galiza ideial". I entón as augas serán xa cristaíñas, de semántica enxebre, sen riscos, de xurdia fraternidade. I entón os criollos destas terras de promisión, que fixeran a descoberta dunha Galiza iñorada a traverso dunha radio, a traverso dun ideario, a traverso da presencia viva e latexante de Daniel, recibirán a aperta máis tenra, cinguida e perdurabre. Porque eles, que nos acolleran con quentor, axudáronos a non morrer, a seguire no fiadeiro das ilusións, a manter en pé a bandeira da diñidade, a sere nós mesmos.

MESTRE DA CONCENCIA GALEGA

Por RAMÓN PIÑEIRO

A conciencia colectiva de Galicia como pobo foise deteriorando progresivamente ao longo dos séculos modernos. A presión constante das poderosas forzas que dominaron o seu destino histórico non se limitóu á centralización do poder político na dinastía que reinaba desde Castela —que ao cabo foi un fenómeno histórico xeral—, senón que exercéu o seu influxo erosivo dentro da propia Galicia. Ademáis da concentración do poder decisorio na Corte castellana, na mesma Galicia levóuse a cabo un enérxico proceso de castellanización cultural que terminóu por quebrar a unidade espiritoal dos galegos.

A incorporación política do Reino de Galicia á coroa de Castela, feito inevitable polo decorrer da historia, podíase producir de dúas maneiras: ou incorporar o Reino como tal, respeitando a súa personalidade histórica e cultural e avencellando o seu potencial á política dinástica, ou, desdeñando a súa personalidade histórica e cultural como tal Reino, proceder á súa "castellanización", ou sexa, á súa desgaleguización.

O camiño que se seguíu foi o da castellanización, o da desgaleguización. Así, a Administración, a Eirexa e a burguesía urbana actuaron en Galicia como si non existira unha língua e unha cultura galegas. En lugar de percuraren a coexistencia das dúas línguas e das dúas culturas, como sería o natural para un maior arrequecemento do patrimonio cultural hispano, procederon á implantación unilateral da língua e da cultura castellanas. Mas como na realidade existían a língua e a cultura galegas, enfrentáronse co feito mediante a agresión política da súa exclusión e mediante a agresión social do menosprecio.

A eliminación do galego como língua escrita e o menosprecio social aos galego-falantes deron lugar a unha brutal discriminación segundo a cual falar galego era sinal de atraso, de incultura, de inferioridade, e falar castelán era sinal de cultura, de boa crianza, de superioridade. Esta discriminación quebróu a unidade cultural de Galicia, dando lugar á existencia de dúas Galicias, unha Galicia *galega* e unha Galicia *castellanizada*, coa total hexemonía da segunda sobre a primeira. Esta foi a primeira grave fractura interna da unidade galega —a súa unidade espiritoal de pobo con personalidade propia—, fractura que había de ter tremendas consecuencias deprimentes na nosa psicoloxía colectiva.

Si a primeira fractura grave producíuse na nosa unidade como pobo, a segunda producíuse na nosa unidade como país ao dividir a Galicia en catro provincias independentes entre sí e cada unha delas direitamente avencellada a Madrid. Coa nosa cultura abafada durante séculos e co noso país fragmentado en parcelas, aos galegos non nos quedaba máis sentimento de unidade que a emoción do noso folklore e a emoción da nosa paisaxe.

Frente a esta depauperación espiritoal, que séculos de adversidade foran producindo, do seo da nosa comunidade foron xurdindo voces inconformistas. Xurdiron, claro, entre as xentes de cultura superior, as únicas que nesas circunstancias podían comprender o alcance do dano e reaccionar contra as súas consecuencias. Así, por exemplo, no XVIII o P. Sarmiento, o Cura de Fruíme e algúns dos nosos ilustrados, e no XIX Faraldo, Vicetto, Murguía, Brañas, Rosalía, Pondal e Curros, entre outros. Mas foi no noso século, coa creación das "Irmandades da Fala", cando a minoría culta fiel ao país cobróu conciencia plena de que a língua e a cultura eran o núcleo fundamental da nosa personalidade de pobo. Foron os homes das "Irmandades" os que comprenderon que os estragos depauperadores producidos na nosa conciencia colectiva por séculos de centralismo, de absolutismo e de castellanismo unilateral, somentes podían ser superados mediante a revitalización da nosa personalidade xenuína, mediante a recuperación e a afirmación da nosa capacidade de creación cultural.

Os homes das "Irmandades" proseguiron a tradición dos nosos ilustrados e dos nosos románticos no tocante á reivindicación do noso pasado histórico e ao estudo da nosa realidade

presente, así como ao cultivo literario da nosa língua. Mas nesa liña tradicional de lealtade a Galicia, eles dan un paso radical e decisivo: o da plena galeguización da actividade cultural galega. Deica eles, salvo na poesía e nalgúns intentos de prosa narrativa ou dramática a língua cultural dos intelectuáis galegos seguía sendo o castelán. A esmagadora presión social dunha tradición secular, impúñalles esa contradicción íntima, que só os poetas quebraron con forza exemplar. Os homes das "Irmandades" déronlle plena vixencia cultural á revolución iniciada polos poetas no XIX. Recollen, xa que logo, a doble tradición anterior: a tradición investigadora do noso pasado e da realidade contemporánea e máis a revolución cultural iniciada polos poetas. Recollen esta doble tradición anovándoa, actualizándoa, profundizándoa. E, apoiados nela, percuran que a conciencia colectiva de Galicia, ao descubrir a súa propia identidade, cobre confianza en sí mesma.

Castelao é un deses homes das "Irmandades". É un dos homes que levan á súa plenitude a revolución espiritoal da galeguización da cultura galega. Todos eles, cada ún desde o seu campo intelectual propio, acometéu con entusiasmo a realización desa empresa trascendente. Pola eficacia do seu esforzo pódese decir que son os mestres da Galicia do século XX, xa que eles foron quenes lle deron o pulo e a orientación que a había de configurar na súa fisonomía peculiar.

Dentro do maxisterio colectivo exercido polos homes das "Irmandades" Castelao desenvolve un labor notablemente orixinal. Tomados en conxunto, son homes de formación humanística e, nalgúns casos, de ampla cultura europea, que saben expresar na nosa língua. Ora, Castelao distínguese do conxunto por dúas características personáis: por se valer do dibuxo como medio de expresión —además da palabra, como os demáis—, e por partir fundamentalmente da cultura popular.

Soupo identificarse íntimamente coa mentalidade popular e expresala con gran eficacia artística, tanto por medio da palabra como por medio do dibuxo. E foi sobre todo a súa actividade de dibuxante a que lle deu rápida e grande popularidade. Por eso foi el, entre todos, o que máis amplamente contribuíu ao despertar da nosa conciencia colectiva. Por eso foi e sigue sendo un verdadeiro mestre da conciencia galega.

ALGUNHAS LEMBRANZAS ENCOL DE CASTELAO NO VINTECINCO CABODANO DO SEU PASAMENTO

Por RODOLFO PRADA

CANDO CHEGÓU A MONTEVIDEO

N-unha mañán fría do 15 de xullo do 1940, estivemos no porto de Montevideo, ollando impacentes o atraque do vapor "Argentina", no que viña dende Nova York a esgrevia figura de Castelao. Pra recebilo, fóramos unha ducia de delegados da colectividade galega de Buenos Aires. Con nosco, estaba alí a comisión de receución composta por presidentes das entidás galegas de Montevideo. Tamén estaba un coro galego, ca vestimenta crásica e un fato de nenas, belidamente adobiadas de galegas, portadoras de ramalletes de frores. E enchendo o grandeiro peirao, unha moitedume de mulleres e homes galegos.

Cando se ollóu na borda do barco a outa nobre figura de Castelao, produxose en tudos, unha estrana inhibición emozonal... Fíxose un impresionante silenzo xeral... Foi cousa de segundos. E, de súpeto, o xentío reaucionóu e estralaron estrondosos berros de "Castelao"... "Castelao"... ¡Viva Galicia!... ¡Terra a nosa!... E castelao, tendo á veira, á súa dona Virxinia, saudábanos cos seus longos brazos erguidos; e ás vegadas os cruzaba no peito, dándonos simbólicas apertas.

E neso, o coro ó pé do barco, con ardencia patriótica, rompéu a cantar o Hino Galego, que foi coreado por la multidume circundante. E víuse, como un brazo de Castelao erguía deica os ollos un pano branco, pra enxugar o lagrimexar que lle arrincaba a sagra canzón patria; namentras que, co outro, abrazaba á súa Virxinia, coma si nela quixer apertare a lonxán Nai Galicia.

* * *

Polas once horas serían, cando Castelao e Virxinia desembarcaron. Ele, a recibir apertas e máis apertas —pra miña honra, dínlle a primeira—; e Virxinia a recebir os ramalletes das nenas, que ela pagaba con bicos e máis bicos.

Bo traballiño costóu rescatar a Castelao dos centos de brazos que puxaban por darlle garimosas apertas. A comisión uruguaia de receución, conqueríu, ó fin, metelo con Virxinia no automóvil que lle estaba destiñado. E nós a seguilo, noutros. De primeiras, levóuse a Castelao a visitar as dúas máis importantes entidás galegas de Montevideo; e logo dun paseio pola cibdade e polas praias, foi agasallado cun banquete. E alí foi que, dispóis de vinte anos, poideron xuntarse, trocar apertas, lembrar vellos tempos de xuvenís ensonos, de belidas espranzas, de rexas loitas... os tres redaitores do tan sonado periódico de Rianxo "El Barbero Municipal" que dirixía don Xosé Arcos Moldes, adicado a afeitar cada sábado o cacique da comarca; os tres redaitores, que alí se atoparon, eran: Castelao, o esgrevio escritor uruguaio Eduardo Dieste e o direitor-médico da Sociedade Española de S. M. de Buenos Aires, doctor don Ramón Rey Baltar. ¡Era de ver, a ledicia que xurdía dos ollos e dos xestos daquiles tres vellos amigos e compañeiros de románticas campañas redentoras!

* * *

Ó fío das oito da noite, Castelao, Virxinia e os delegados que fóramos de Buenos Aires, embarcamos no "Argentina", rumbo á capital bonaerense. Dende o peirao de Montevideo, de novo, os bós galegos uruguaios, atronaban o ár, cos berros afervoados de "Castelao"... "¡Viva Galicia!"... "¡Terra a nosa!"

A BORDO DO "ARGENTINA"

Os tripulantes e pasaxeiros daquil barco norteamericán, amostrábanse solprendidos de ter levado de compañeiro de viaxe dende Nova York, a quen había pasado casi desapercibido a bordo, e que lles resultóu sere un gran persoaxe ó ver o recebimento que se lle fixera en Río de Xaneiro e o cramoroso que unha moitedume, con cantos e gaitas, lle acaba de facer en Montevideo.

* * *

Namentras o barco iba saíndo do porto e viraba ó redor do faro do Cerro, pra remontar o grandeiro Río de la Plata cara Buenos Aires, puden, ao fin, falar a soias e con vagar con Castelao. Xa non era aquil Castelao ledo, xovial, outimista, con belidas inxeniosas ocurrencias a fror de beizo, que coñecera en Pontevedra no ano 1934, apresentado polo inesquecente Alexandre Bóveda, e que despedira en Compostela un mes dispóis. Inda que físicamente víaselle varil, e dende logo con plenitude de lucencia mental, notábaselle que fondas pesadumes acugulaban o seu esprito.

—"Dende a miña derradeira salida de Galicia —díxome—, nos primeiros días de xullo do 36, ca ledicia do plebiscito do noso Estatuto... ¡Cántas vicisitudes, cántas ilusións derrubadas, cánta dóor...! E non por mín, que persoalmente saín con moita sorte dos perigos da guerra e das rixezas do eisilio, senón polo rexurdimento integral da nosa Terra tronzada de súpeto, e polos pasamentos de tantos amigos e irmáns... Calóu uns intres, visibremente conmovido, e seguíu decindo: "A pesares de tudo elo, a miña fe no porvir ventureiro de Galicia, mantense ben ergueita, aínda sabendo que eu non chegaréi a velo... Fortece a miña fe, as garimosas acollidas que tiven dos galegos de Cuba, de Norteamérica e de Río Xaneiro, e a mainífica de hoxe en Montevideo".

—"Pois isas acollidas —lle dixen—, ha de velas estraordinariamente superadas pola que lle farán os galegos da Arxentina".

—"Elo me proba, —engadíu Castelao—, que o sentimento patriótico galego se mantén con rexa firmedume. A sementeira dos precursores, dos seguidores e da nosa xenerazón, sigue froitificando".

Dispóis da cea, inda seguimos falando. O corazón de Castelao, cal fonte cantareira, deitaba craras e abondosas augas de apaixoados sentimentos encol da sagra Terra... Seu falar era doce, cordial e aleizoador, sen espresión algunha de acedumes, sen xenreiras polos moitísimos sofrimentos aínda latexantes... Eu sentíame abraiado pola grandeira moral humán, cristián e pola serea espritoalidade de Castelao, naquela hora todavía desasosegada, de feridas, aínda aberta, de odiosidades incontidas, de cramores de impracabre xustiza... ¡Castelao non parescía ser

xa diste mundo atolado, impiedoso, coallado de imperfeicións. Castelao, diríase que estaba por riba do ben e do mal...! Alá nunha ideábele galaxia, onde sóio reinase a beleza e a bondade.

CHEGADA A BUENOS AIRES

Eran polas nove da mañá do 16 de xullo do 1940, cando o vapor "Argentina" atracaba no porto de Buenos Aires. Xa, dende unha hora denantes, estábamos erguidos. Dende a borda de estribor albiscábamos o inmenso xentío que agardaba ao Guieiro da galeguidade.

Castelao xa non era o home apouvigado, esmorecido e atristado que víramos en Montevideo. Ollábaselle en milagrenta trasformación. Rexo, sorridente, ledo e ca vivacidade daquil Castelao que eu coñecera en Pontevedra. Por lle espresar dalgún xeito a miña solpresa, díxenlle: "Parés que pasóu boa noite; que durmíu ben...". E Castelao, co seu caraiterístico surrir abelencioso, díxome: "¿Por qué mo pergunta?". "Pois, porque o vexo moi rufo, como mozo que vai de festa", lle respondín. Castelao ceiba un fondo sospiro e me dí con radiosa ledicia: "E non é pra menos, querido Pradiña. Istase facendo realidade o meu grande anceio: O de pasar meu eisilio na Arxentina, non sóio porque nela estiven de neno, senón por ter a maior colectividade de galegos emigrados, por ter eiquí moitos amigos e compañeiros de loitas patrióticas, e por sere Buenos Aires o máis grande cacho de Galicia no esterior".

* * *

Chegóu o intre do desembarco e déuse, multiplicado, o cramoroso recebimento de Montevideo. Por especial xentileza das autoridades marítimas, tiveron aceso á plaia dianteira da Alfandega, a comisión de receución, as autoridades do gran Centro Gallego de Buenos Aires, de un núcreo de damas e de figuras sobresaíntes da Colectividade Galega. Abrazos e máis abrazos pra Castelao e frores e máis frores pra doña Virxinia. E a fonda emoción de Castelao, foi recibir as apertas de esgrevios e queridos irmáns de recentes tarefas patrióticas en Galicia, eisilados en Buenos Aires: Xosé Núñez Búa, Gumersindo Sánchez Guisande, Lois Seoane, Elpidio e Lois Villaverde, Xermán Quintela

Novoa, Rafael Dieste, Antón Baltar, Arturo Cuadrado e outros.

A apoteose alcendida déuse, cando saíu Castelao da Alfandega e o acramaron estrondosamente milleiros e milleiros de galegos.

* * *

Alí se encetóu pra Castelao a groria do Monte Tabor. Que tal foron os nove anos vividos por íl en prena saúde en Buenos Aires.

A colectividade galega o decraróu seu hóspede de honor e o colmóu de agasallos e agarimos. Aos poucos días de chegar, ó Centro Gallego —máisima entidade da colectividade de cen mil socios—, lle ofrecéu un grandeiro banquete de máis de 2.000 comensáis, baixo o lema de: ¡Benvido Castelao! E foi alí, que o orador de fondo, o esgrevio ex-decano da Facultade de Meiciña da Universidade de Zaragoza, o profesor Gumersindo Sánchez Guisande, acuñóu, pra historia, a frase de corte cicerián, coa que rematóu seu ispiradísimo e patriótico discurso: "Castelao é úneco. O molde no que foi fragoado rompéuse, e endexamáis Galicia terá outro fillo da mesma escelsitude".

* * *

A popularidade, prestixio e agarimo de que gozóu Castelao antre os 400.000 galegos da Arxentina, foron esceucionáis. Tódolos domingos, tiña que aceder a requerimentos pra presidir banquetes ou actos culturáis dalgunha das 300 sociedás galegas, e botar o conseguinte discurso que lle era cramorosamente pedido pola concurrencia. Moitos domingos houbo, nos cales, pra non desairar, xantaba nunha sociedade e iba a tomar café ó finar o xantar de outra. Daí a súa donairosa frase: "Niste Buenos Aires, síntome coma si andivera en Galicia en xeiras políticas: Un domingo vou a Betanzos (referíase ao nome da sociedade invitante), outro vou a Corcubión, outro a Rianxo, outro a Ourense, outro a Pontevedra... a falar en mítins...". Mais, o certo era, que seus semanáis discursos non eran de propaganda electoreira... ¡Eran emozoantes exortacións de amore a Galiza e a o seu pobo, eran brilantes leicións de patriotismo galego! E non somentes en Buenos Aires, senón que tivo que acodir a chamadas

dos centros galegos de Montevideo, de Rosario, de Mendoza, de Pergamino, da Plata, de Bahía Blanca, etc., o cal supuña desprazamentos de centos de kilómetros, ou de máis de mil como o de Mendoza.

Aición tan esgotadora, non lle impedía traballar afervoada e metódicamente nas súas maínificas creacións artísticas e literarias, atendendo parellamente as moitas obrigas do seu liderazgo patriótico-político.

Castelao pudo facer todo elo, pola virtude do bó ordenamento da súa vida. Vida decorosa sí, pro verdadeiro modelo de rigurosa austeridade. Era home de pouco comer e abstemio. En canto á mantenza, súa preferencia era o caldiño branco e patacas cocidas... Vivía nun pequeno apartamento dun 7.º piso, o cal, por dar á rúa, e ter amplos ventanáis, era moi lumioso. El chamáballe, donairosamente, o "meu farol". Erguíase cedo e se deitaba deseguida de cear. Aproveitaba así, ao máisimo, a lús do día pra poder dibuxar, pintar e escrebir, loitando, con rexa vontade, contra das témeras dificultades da súa vella teimosa semicegueira.

* * *

Alí, no "seu farol", en fadigosas xornadas, creóu os tesouros que legóu a súa adourada Galicia:

— O lumioso libro "Sempre en Galiza", editado polo Centro Ourensán de Buenos Aires, libro xa consagrado como a Biblia dos galegos.

— A serie de catro grandes dibuxos de cegos, que hoxe locen no Museo de Pontevedra. A serie, a tiña proietada Castelao de seis, mais non tivo tempo de a compretar. A ises dibuxos de cegos, que tiña enmarcados adobiando o seu fogar, chamáballes: "Meus compañeiros..." ¡Compañeiros da súa, cada vegada máis avantada, semi-cegueira!

— A curiosa e belida serie de acuarelas tiduada "Faunalia".

— Dibuxos e acuarelas, a moreas, que regalaba a sociedás galegas e a amigos.

— A maravilosa coleición de "Dibuxos de Negros", merescidamente donada por doña Virxinia ao esgrevio patriota galego don Álvaro Gil Varela, que foi luxosamente publicada pola benemérita Editorial Galaxia, de Vigo.

— A belida obra teatral "Os vellos don deben de namorarse".

— As ilustracións do libro "Jacobusland" do poeta Emilio Pita.

— As moitas ilustracións de libros da Editorial Atlántida, de Buenos Aires.

— Artigos, conferencias e discursos, a eito, antre eles o antolóxico "Alba de Groria", que pubricóu o Centro Gallego de Buenos Aires en belido caderno diseñado polo sobresaínte artista Lois Seoane, membro de número da Academia Arxentina de Bellas Artes.

— E por derradeira, o moimental libro de investigazón e de arte "As cruces de pedra na Galiza", editado con esceucional categoría, mesmo na presentación como na parte gráfica, por un fato de amigos e baixo direición artística de Lois Seoane. Castelao non chegóu a ver totalmente impresa isa súa derradeira obra. Somentes pudo ollar uns primeiros cadernos que acadóu tamén a firmar, pra regalía dos afortunados que teñen os poucos exemprares nos que foron incruídos. Tan mainífica obra, foi o valioso mensaxe de amore que, no intre de morrer, lle envióu a Galicia seu máis esgrevio fillo eisilado...

* * *

Castelao gozóu en Buenos Aires, perante uns nove anos, a groria do Monte Tabor. Mais, cando voltóu de París, de cumprir unha histórica misión patriótica, chegóu ca saúde moi crebada. E non embargantes o ceoso tratamento de outas figuras da cencia médica, tivo de camiñar pola tristeira Vía Crucis dunha doorísima doenza, que o levóu ó suplicio do Monte Calvario na noite, que ha ser por sempre moi negra pra Galiza, do 7 de xaneiro de 1950.

O molde en que foi feito, rachóuse... Castelao morréu, mais íl vive e supervivirá polos séculos dos séculos na súa impar obra artística e literaria e por ter estado o seu esprito "Sempre en Galiza"...

"OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE"

Por LUÍS SEOANE

Fai cinco anos publicóuse un libre meu tidoado "Castelao artista", que sigue o torto camiño das edicións das colectividades galegas en América, que chegóu tarde, ou nunca, a Galicia. En el escribín sobre Castelao como pintor, dibuxante e gravador. Tamén como escritor encol de custións artísticas, e analicéi, do xeito que soupen, a súa obra de teatro que tanto ten que ver coa pintura, pola influencia en Castelao dos ballets rusos, porque ela mesma é unha mixtura de teatro e ballet, dada a importancia dos decorados, das máscaras, da mímica e a danza. Lémbrome de "Pimpinela", a primeira fase de "Os vellos non deben de namorarse", leída por Castelao a un grupo de estudantes, entre os que me contaba, no Café Español da rúa do Vilar, de Santiago, (tertulia de estudantes da que un día teráse de escribir, pois axudaron a facer hestoria en Galicia) amostrándonos os bocetos de decorados e figuríns. Entón, cando xa a maioría dos contertulios tíñase marchado, ficamos xunto a Castelao no café, Carlos Maside, R. Suárez Picallo, diputado xuntamente con Castelao, i eu. Díxonos unha de esas frases que logo escribíu a propósito de "Pimpinela". "Esta é unha obra maxinada por un pintor e non por un literato", e falóunos da importancia dos decorados, das caretas, dos traxes, da composición das esceas, poñendo como exempros as representacións do ballet ruso de Diaghilev. El matinaba un teatro galego onde os recursos folklóricos se mesturasen ós literarios, e que tivesen na súa parte plástica o valor que tivo a color no ballet ruso. Refiríuse a Bakst, a Benois, a Larionov, a Gontcharova... O úneco que calaba era eu, o máis mozo dos catro. Maside falaba tamén da obra deses

grandes esceógrafos cuia obra en xeral el coñecera en París, e Picallo referíase ás obras que tiña visto de ballet ruso en Buenos Aires. Cada un deles propoñía temas, e Castelao sorrindo afirmaba que dende o seu nascimento o teatro foi rexido pola plástica denantes que polo concepto, e aludíu á Paixón sentida popularmente máis que de outro xeito polo espectáculo que se facía dela. "Os vellos non deben de namorarse" tiña escomenzado con "Pimpinela" en Pontevedra, logo seguida navegando polo Báltico perante a guerra civil e rematada en Nova York no nadal de 1939. Polas mesmas datas aproximadamente que editóu o seu caderno de dibuxos "Milicianos", cuia reedición debéu facerse en Buenos Aires conxuntamente con "Galicia Mártir" e "Atila en Galicia", pois xuntas constituien un corpo indivisíbel na totalidade da obra de Castelao. Trátase do mesmo tema, dunha nova face do seu dibuxo e das leendas que os acompañan, máis desgarradas, con unha ironía ácema. Castelao matinaba xuntar algún día os tres álbumes conservándoos estructurados cos seus tídoos, levando os prólogos que fixera pra eles, mais o tomo que os totaliza tería por tídoo o primeiramente pubricado, "Galicia Mártir". Quería facer algo similar ó seu álbum "Nós", ou os seus tomos de "Cousas". Os tres da guerra compoñen unha unidade.

"Os vellos non deben de namorarse" estrenóuse en Buenos Aires o 14 de agosto de 1941. Foi unha noite de trunfo pra os galegos de Buenos Aires. Castelao dirixíu a posta en escea da obra. Os actores estiveron á outura da obra. Os decorados, os traxes, as caretas (hoxe no Museo de Carlos Maside, no Castro), constituíron un grande éisito. O actor Tacholas, (Fernando Iglesias) na actualidade trunfador no teatro arxentino, fixo cos persoaxes dos vellos a máis importante obra da súa vida de actor. Asistiron ó seu estreno moitos intelectuales arxentinos. Autores como Gómez Macía e Nalé Roxlo, directores de teatro, entre eles Leónidas Barletta, do Teatro del Pueblo, que quixo representala en castelán; actores e actrices que tamén aspiraban a representala, etc. Castelao non quixo entón que fose traducida ó castelán. Eu penso que ese foi o trunfo que lle produxo máis ledicia. Con el sinalóu un camiño pra un teatro auténticamente galego que xungue literatura, mímica e danza.

LEMBRANZA DO CASTELAO ARTISTA E DA SUA DERRADEIRA OBRA

Por X. TRAPERO PARDO

Castelao —abonda esa sola verba pra dar noticia dun home e dunha vida— escomenzóu a aitividade artística dibuxando ilustracións e portadas de revistas. *Vida Gallega*, que dirixía o pulido Xaime Solá, deu a coñecer algúns dibuxos, que tiñan ao pé lendas con muita intención, maiormente encol dos probremas da xente galega. Xa daquela amosaba a sinxeleza dos trazos cos que facía aparcer volumes ou daba eispresión a unha cara, ou deixaba ver en só unhas liñas a sicoloxía dun rapaciño.

Entón os dibuxos de Castelao viñan a ser o impresionismo, como os de Federico Ribas —outro bó artista galego— eran o academicismo e os do vivariense Bujados un orixinal barroquismo. Tres figuras epónimas do arte na nosa terra, que o tempo axuntóu nunha mesma época.

Castelao foi un dos primeiros dibuxantes que en España empregóu a liña continúa pra faguer unha figura con todo o valor de volume e perspeutiva casi sin erguer a man. Hoxe é dado apreciar a téunica do artista —hai edicións das súas obras— tan percisa e firme que, con liñas elementáis, sabía poñer amertume ou ledicia, e, sober todo, un feitizo de tenrura; e mentras unhas veces deixaba amosar nas súas criaturas a resiñación co "fatum" que lles tocara vivir na terra nativa, outras daba testemuña da socarronería con que un cego decía cómo "vía" íl o mundo, ou cómo un labrego, debruzado por enriba do lombo da súa "Marela", que iba vender á feira, parolaba con outro sober das contrebucións, dos cregos, dos caciques... ou de mulleres.

Pasados os anos dos primeiros dibuxos, Castelao, dono xa dunha téunica e mestre nas vivencias e voltas e revoltas dos recunchos da alma do pobo galego, botóuse a andar polo mundo. O seu lápiz ou a súa pruma aprenxían a ledicia dos gabletes góticos dos pinos novos, ou convertían en estrelas e fachas alcendidas as polas dos vellos pinos, que deixaban ver, por entre as agullas da súa poma, a lús esmorecente do solpor.

No papel quedaba a faciana tráxica de homes que, coas concas dos ollos valeiras ou con ollos abertos, nada podían ver, agás o que nos engramas da memoria iban xuntando pra soñar e ver as paisaxes interiores, muitas veces millores que as paisaxes reales. O artista deixóunos tamén, porque foi dos primeiros en apreciar o valer que no arte tiñan, a beleza prástica dos cruceiros galegos e a dos cruceiros bretóns, somellantes muitas veces entre sí. Todo pra Castelao era como un miragre, que íl daba a coñecer do xeito millor que podía facelo: pintando ou dibuxando.

Eu sempre seguín con ademiración a obra do artista, que tamén colléu por voltas o pincel pra perpetuar no lenzo algunha paisaxe galega. Ouservéi como, ao ir pasando o tempo, os trazos eran máis firmes, máis dados a curvar os contornos das feguras. Pro un día tiven que sentir a fonda emoción, tinguida de malinconía, cando no fogar que o artista tivera en Buenos Aires, a súa dona Virxinia —que fixo da propia vida un culto ao seu Alfonso morto— me iba amosando os debuxos que ela conservaba. As mans tremíanlle ao apreixalos, mentras os erguía diante os meus ollos como si oficiara un sagrado rito. Os debuxos ao lápiz, á auga ou ao pastel eran as derradeiras amostras da laboura artística do seu home. ¡Ai, con qué devoción tiven eu na man aquiles útiles que empregara o artista cando xa os ollos iban perdendo luz!

Alí estaban os debuxos en color dos nenos da Negridá; nos seus grandes e abertos ollos casi se apreixaba a dór e a desespranza da raza, pro tamén ese senso de tenreza que hai en todo neno e que poucos artistas como Castelao souperon recoller. Pro alí estaban tamén os nenos brancos, asimesmo con "ojos abiertos como flores de lino", como dixera Rey Soto. Alí tiven a ledicia de ver unha augada, na que nenos e nenas aparecían xugando "á roda-roda" ao redor dunha cerdeira en fror. No conxunto dos rapaciños había un ritmo perfeuto. Sobre dos tonos amare-

los da herba collían vida os brancos das frores e os verdes das sombras dos arbres. ¡Cómo desexéi ter pra sempre conmigo aquela pequena obra!

Non podía entón saber que un día —e disto fai pouco tempo— había de vela fidelmente reproducida a todo color nunha carta de Nadal, espallada por toda a rexión, nunha laudábel iniciativa, polo Museo de Pontevedra.

Lémbrome tamén, polo valor sentimental que teñen, dunhos grandes debuxos ao lápiz, derradeiros traballos do artista. E lémbrome de que aos ollos de dona Virxinia acudían as bágoas ao decirme que Castelao os fixera cando xa a vista esmorecida non lle servía pra faguer debuxos pequenos. Aquiles foron feitos co lápiz do esgrevio artista e tamén cos ollos de súa dona, que tiña que ir dicíndolle até a onde debía alargar o debuxo dun brazo ou si a boca cadraba onde debía cadrar.

Tamén vín no Centro Ourensán de Buenos Aires os orixinales dos decorados que o artista de Rianzo desinóu pra súa obra *Os vellos non deben de namorarse*. Eran trazos firmes de quen sabía o que quería, pro tamén sabía cómo facelo. E aínda alí mesmo puiden ver, coa mascarilla do artista, a coleución de debuxos, somellantes aos do belga Raemaekers, que nos afamados "cartoons" de propaganda aliada deixóu lembranza gráfica do que nalgúns aspeutos siñificóu a primeira guerra mundial. Mais o debuxante galego excedía ao belga na perfeución do debuxo e no movemento das feguras.

Cadra ben agora, cando a Real Academia Gallega rinde homaxe a Castelao, que se faga o estudio do que íl foi e siñificóu como artista na nosa rexión. Pro sería tamén bón que os que entenden de arte destacaran a carga emocional prástica que hai na obra do noso artista; como íl soupo abstraer das liñas do corpo humán as que son a base da súa arquiteutura física pra facelas ser a trabe en que se asenta a eispresión dunha ideia, que trascende a materialidade do que é somentes físico, e que dá o verdadeiro valor antropolóxico a iso que chamamos "representación", que pouco ou nada representaría si non levara consigo un contido, como o que Castelao puxo sempre na súa obra.

Que, cada día que pasa, vai acadando máis intrés, porque tamén cada día se vai valorando máis.

IN MEMORIAM

Por FEDERICO ZAMORA MOSQUERA

Polo que máis quero, xuro ser dos bós e xenerosos. (CASTELAO).

O 7 de xaneiro do 1950 finaba en Buenos Aires o gran patricio galego Afonso Daniel Rodríguez Castelao. Choróuno Galicia entón e sígueo chorando hoxe. Día de loito pra tódolos galegos que naquel intre, como noutrora, percuraba ser na vida dos bós e xenerosos tal e como aconsellaba o que pra sempre nos deixaba. Agora, co gallo do vintecinco cabodano do seu pasamento, a nosa Real Academia Galega hónrase en lembralo.

Lembranza do home e da súa inxente laboura, pra que sirva de azo ás vellas xeneracións e de ventureiro espello pra as novas.

Castelao non precisa de gabanzas nin de mitificacións. Os seus traballos, coa sinxeleza propia do que sae das entranas do pobo, son senlleiros, xeniales. Válense por sí mesmos.

Os seus dibuxos, os seus contos, as súas farsas son estampas vivas do chan galego, dos homes galegos, vistas, pintadas, contadas por un galego. Porque Castelao non pensóu nin vivéu máis que en galego e todo canto fixo foi en galego, pensando e sintindo como tal. Finalmente, estóu ben seguro, tamén morréu en galego.

Fincóu as raíces hasta o máis fondo na terra e todo o seu pensamento mantíñase dela. Pola súa obra vai un impresionante desfile de persoaxes de carne e oso, esceas, paisaxes..., toda a problemática do agro e do mar, a retrancuda filosofía galega, a ledicia festeira, a cobarde conformidade de algúns, o valente arruallo de outros, a cursilería dos "señoritos", a cobiza dos poderosos, a fame dos probes; a tristura dos meniños sin nenez,

das casadas sin homes, das nais sin fillos; as arelas dos que se iban e o desamparo dos que xa se foran; a desolación dos cegos, eses ceguiños de Castelao, tan patéticos, que "por corredoiras e romarías aínda vivían da caridade..."

Home do pobo fuxía do tópico, do rexoubo e da trangallada, da gaita e do tamboril. Por iso, coido eu, cultivaba a caricatura, de dibuxo craro e sinxelo e pé certeiro, ás vegadas ríndo, ríndo e outras laiando ou rabeando. Neles están a acedume toda da súa anguria, os fungueirazos da súa carraxe, a surrisa tristeira da súa desespranza e a lostregada da súa fe no destino de Galicia; angurias, carraxes, desespranzas e fe que eran os do seu pobo pasados pola fina peneira da súa sensibilidade. Abondaban unhas poucas verbas ó pé do dibuxo pra fixalo senso dil: "A mín paréceme que sae diputado don Mengano. ¡Canté, se saíse... pero é que entra". Dise xeito, ó tempo que retrataba ó pobo, chegaba a íl, á súa ialma, facéndolle ollar os seus defectos, valorar as súas virtudes, decatarse da circunstancia do seu arredor.

A tarefa de Castelao está ahí; abonda conque nos acheguemos a ela pra poder beber nas mellores fontes da galeguidade.

Castelao, home, coñocéu máis días de amargura que de ledicia, máis de inquedanzas que de trunfos e cuáseque tantos de crara visión no seu íntimo ollar como de semicegueira nos seus ollos. Mália todo, foi xeneroso e bó, sinxelo, modesto nas aicións da súa vida e na propia valoración do seu arte. De fondos valores humáns, infantil ás veces, intolerante outras, coa santa intolerancia do patriota cando de Galicia se trataba, hasta facerlle tornar a súa bondadosa surrisa por arriscado xesto ofensivo. Na súa ialma non cabían xenreiras nin envexas. Sóio había nela un inmenso amor por Galicia, amor que o levóu a unha fera loita na que ofrendóu a súa vida. Vida exemprar e laboura abundosa que constitúe a meirande herdanza que un home pode deixar a un pobo. Como galegos témola obriga de recollela e arrolala, e acochadiña como un tesouro inefábel, non deixala esmorecer endexamáis.

Eu, como un dos bós e xenerosos, cumpro coa miña obriga e poño o meu grao de area, facendo unha vez máis canto nos dí que fagamos a nosa Real Academia Galega.

Unhas líñas de lembranza daquel noso chorado irmán Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

CASTELAO NO URUGUAY

Por CARLOS A. ZUBILLAGA BARRERA

Ao longo de máis de medio século, o nome, a presencia e a obra de Castelao estiveron xunguidos ao Uruguay de xeito entranábel, como é costume estalo os termos dun binomio irmán. A poñer de releve os intres rematantes desa comunión espritoal, están dirixidas estas páxinas, escritas ao esconxuro de lembranzas herdadas, de vívidos parrafeos con vellos emigrantes galegos eiquí radicados e dun premonitorio alcontro co xenial rianxeiro que marcóu indelebremente as vivenzas da miña nenez.

A amistade fraterna

Nos primeiros anos do século, Castelao curso os seus estudos de Meiciña na Universidade compostelán. Coñece entón á un uruguaio mozo de raigame rianxeira, Eduardo Dieste, quen logo dunha estanza no Seminario Conciliar de Sant-Iago, ten abordado con entusiasmo os craustros da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade xacobea. A comunión de ideiales e de aptitudes apousa axiñamente nunha parella estudantil de recordo inestinguibre, que abanea no ambente compostelán, con conferenzas ilustradas, con teorías e polémicas, co *Archivo Humorístico*. En 1909, Castelao e Dieste, xunto con Xosé Arcos e Ramón Rey Baltar, fundan en Rianxo o semanario ilustrado *El Barbero Municipal,* co que arremeten axeitadamente escontra os sólidos reductos do caciquismo galego. En 1912, Dieste ha de voltar á súa terra uruguaia pra cumprimentar unha trascendente laboura política, educacional, literaria e dipromática, pro a súa amistade con Castelao e a ademiración pola súa obra han de manterse, non somentes no cerne recordo dos ledos anos es-

tudantiles, senón no cotián maxisterio que dende o fato *Teseo* de escritores e artistas e dende a revista homónima desenrola en Montevideo, do que deixóu reiterada testimuña Esther de Cáceres, a súa amiga e discípula.

Un recoñecemento

En novembro de 1927, o entón presidente do Centro Galego de Montevideo, doctor Constantino Sánchez Mosquera, bota a ideia de adicar un homaxe dos galegos emigrados a Castelao, co gallo da grave doencia á vista que faguía perigrar a súa carreira creadora. A proposta é comunicada ás entidades galegas da Arxentina e Cuba, nos seguintes termos:

> "Trátase dun homaxe coleutivo, de senso e de caráuter práutico, que enmáis de que sirva pra louvar a grande persoalidade artística de Castelao e facerlle presente a nosa devoción e amor pola súa obra, arrequente os positivos e abondados beneficios pra que a cencia esgote coa vista do noso xenial artista tódalas posibilidades e tódolos seus medeos pra salvala."

O primeiro contaito do púbrico uruguaio coa obra de Castelao

En 1929, por primeira vegada no Uruguay, reprodúcese parcialmente a obra literaria e artística de Castelao, nunha edición estraordinaria de "Galicia" (revista do Centro Galego de Montevideo). No número 151 desta pubricación, correspondente ao mes de agosto, engádense algúns anacos de *Cousas,* tomados da primeira edición desta obra, levada a cabo pola Editorial "Lar", na Cruña, no ano 1926. Os testos escolleitos son os tiduados *O Rinfante, O Profundador, Na vellez, Martiño* e *Siñá Sinforosa.*

Esta parciae reedición da obra de Castelao, ten daquela un grandeiro espallamento no ámeto uruguaio e latinoamericán, asegurado polo outo tiraxe da devandita revista, que acadóu neste número estraordinario a vareos milleiros de exemprares.

No mesmo ano, Montevideo coñece unha mostra artística galega de grande envergadura. Co gallo do seu 50.º Cabodano, o Centro Galego orgaíza nos seus salóns no mes de outubro, unha *Exposición de Arte,* da que participan con óleos, grabados, au-

gadas e debuxos, antre outros, Castelao, Imeldo Corral, Xulio Prieto Nespereira, Xoán Lois López, Carlos Maside, Xoán Mejuto Leis, Carlos Sobrino, Francisco Lloréns, Roberto González del Blanco e Felipe Bello Piñeiro. O remesamento de Castelao comprende unha serie de augadas integradas polas chamadas *Cegos, Mar avalado, Vento mareiro* e *Terra de Lobos*. A crítica especializada de Montevideo, gaba a obra de Castelao como unha das máis ricaces no conxunto dos creadores galegos contemporáns.

Teórico do arte e galeguista

Unhas páxinas de singular valor, debidas á pruma do artista rianxeiro, recolle a revista "Galicia", do Centro Galego de Montevideo, daquela baixo a direución do poeta Xulio Sigüenza, no número 166, correspondente a Nadal de 1930. Agroman baixo o tíduo de *Habla Alfonso R. Castelao* e conteñen refresións encol aos seguintes temas: "El universalismo", "La defensa de la turaleza", "El artista y su obra", "La esperanza celta", "La fuerza simpática del arte", "Lo que debemos al centralismo". Trátase de ideias que Castelao ten desenrolado xa, ou desenrolará máis adiante, en traballos como *Arte e galeguismo* e *Humorismo. Debuxo humorístico. Caricatura,* ou nos artigos pubricados en "Nós" baixo o tíduo *Do meu diario*. Neste caso, o prantexamento xornalístico das súas refresións, outén un tono didáutico de notabre eficencia.

Unha edición "pirata" da obra de Castelao

En 1937 xurde baixo o selo editorial "Mar", de Valencia, unha edición castelán —a primeira nesta língoa; a segunda da obra— de *Os dous de sempre*. A portada dí así: "Alfonso R. Castelao / Los dos de siempre / Traducción directa de la edición original 'Nós', de / Santiago de Compostela, hecha expresamente para esta Editorial 'Mar', con prólogo y notas, por / Arturo Carril / (45 grabados, dibujos del autor) / Editorial 'Mar' / Valencia / 1937". A pesares de tódalas constancias bibriográficas, que semellarían descartare calquer vencello co Uruguay, o certo é que esta edición de *Os dous de sempre* fíxose no noso país. Coidamos que por primeira vegada dase estado púbrico ao feito, que constituíe unha máis das espresións ricaces do anecdotario da Ga-

liza emigrante. Ao promediare os anos 30, un fato de anarquistas —antre os que se contaban algúns hespañóes— pubricaba en Montevideo materiáes da súa ideoloxía, nunha imprenta semiclandestina, que se atopaba na rúa Río Branco. Un cruñés de abondosos quefaceres, Arturo Carril —nado en Malpica e con moradía no Río da Prata dende mozo—, autor teatral, xornalista, linotipista, convencéu ao fato da oportunidade de reeditare en castelán a obra de Castelao, que xurdera en Sant-Iago en 1934. Motivamentos de militancia política, levaron aos responsabres da empresa a facer figurare a Valencia como fogar da editorial. O exemprar galego de que se valéu Carril, pra levar a cabo a traduzón direutamente na linotipo, perteñecía a un militante galeguista de largacía radicación en Montevideo, Antón Crestar Faraldo, que foi o axeitado informante deste episodio. Castelao enteróuse desta traduzón i edición "pirata" da súa novela, sóio anos máis tarde, cando ao voltar ao Río da Prata, coñecéu a obra e o tradutore.

As visitas a Montevideo

Na década dos anos 40, Castelao ven de novo á Arxentina da súa nenez emigrante, como un dos esilados de máis esgrevia traieutoria galeguista. O 15 de xullo de 1940 chega por primeira vegada a Montevideo, de paso deica Buenos Aires, recibindo a quente adhesión de galegos e uruguaios. Daquela, coinciden no homaxe que a coleitividade galega tributa ao grandeiro artista, os outros responsabres do "Barbero Municipal" rianxeiro: Rei Baltar e Dieste.

Castelao voltará á capital uruguaia tres anos máis tarde, en abril de 1943, integrando —xunto a Antón Alonso Ríos i Elpidio Villaverde— a delegación galeguista que participará nun trascendente aito político no "Estadio Centenario" de Montevideo. Diante de cincoenta milleiros de asistentes, Castelao bota un discurso que constitúie o atallamento máis logrado do seu idearío galeguista, reivindicando os valores nacionáis da súa patria, nunha vocación de respetuosa comunidade con casteláns, cataláns e vascos.

O 15 de novembro de 1944, Castelao, Elpidio Villaverde, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, suscriben en Montevideo a aita de fundación do "Consello de Galiza", que fará a súa presentación púbrica no ano seguinte.

Co gallo delo retorna Castelao a Montevideo, onde permañez perante tres semanas, antre os meses de xunio e xullo de 1945. Desenrola entón unha importante aitividade artística e política, que ten ao Uruguay e as súas xentes, como garimoso ámeto receutivo.

O 13 de xunio de 1945, inaugúrase no Ateneo de Montevideo, unha "Exposición de Estampas de Castelao, coa asistencia do presidente da Repúbrica, doctor Xoán Xosé de Amézaga, e dos ministros de Instruzón Púbrica, doctor Adolfo Folle Joanicó, do Interiore, doctor Xoán Xosé Carbajal Victorica e de Defensa Nacional Xeneral Arq. Alfredo R. Campos. A exposición intégrase con corenta e nove debuxos do álbume "Nós" e trinta dos álbumes adicados á Guerra Civil. A crítica especializada destaca o trascendente acontecimento e as principáis figuras do ambente artístico de Montevideo —Arzadum, Baroffio, Baitler, Schenone, Puig, Herrera Mac Lean— arrodean ao creador galego, facéndoo ouxeto de xuicios cheos de louvanzas.

O 30 de xunio, Castelao participa dun aito púbrico no Ateneo de Montevideo, ao celebrarse o noveno aniversario do prebiscito do Estatuto Galego. Pronuncia naquel intre un cerne discurso político, no que fixa a posición dos elementos galeguistas, ao carón do futuro institucional da súa patria.

Ao ano seguinte, o 28 de xullo de 1946, volta a Montevideo, de paso deica a París, a onde se dirixe en comprimento de importantes deberes políticos. Efeutúa entón decraracións ao xornal "El Día", nas que amostra a súa emoción pola fonda solidaridade dos emigrantes galegos destas latitudes:

> "Dimpóis do remate da Guerra Civil estiven en Francia, Inglaterra, Estados Unidos e, derradeiramente, no Río da Prata, que é como unha metrópoli dos galegos, pois antre Buenos Aires e Montevideo debe habere perto de medio millón dos meus paisáns. Así, pois, que *non sentín o desterro porque si me fallaba a terra, tiña aos meus irmáns.*"

Unha sorte de testamento galeguista

O 25 de novembro de 1948, Castelao suscribe en Buenos Aires a que habería sere a súa derradeira colaboración xornalística destiñada a órgaos da coleitividade galega de Montevideo. Trá-

tase dunha páxina tiduada *A nosa innata xenerosidá*, que aparez en "Alma Gallega", órgao oficiae da Casa de Galicia. Xa ferido de morte, verque nesta refresión o seu irrenunciábel galeguismo e formula un xeito de testamento espritoal, no que agroma o auténtico caráuter do seu pobo, que tan ben tíña interpretado e defendido:

> "Galiza leva dado tanto e recibido tan pouco, que apenas ten que agradecer aos estranos. Pero a nosa innata xenerosidade sigue derrochándose, porque nono podemos remediar."

O prelo uruguaio diante da morte de Castelao

Ao coñecerse a morte do artista rianxeiro, os xornáis montevidáns manifestan unánimemente a súa solidaridade co pobo galego, do que tiña sido a voz máis fidel e representativa. "El Plata", xornal nacionalista independente da serán, espresa: "*Co el foise un anaco da ialma galega*". Pola súa banda "El Día", órgao xornalístico do batallismo ortodoso, asinala baixo o tíduo *Ha muerto Castelao*: "*O bronce sonoro das campás galegas cala de pena pola morte do seu esgrevio e querido fillo, cuia voz endexamáis soupo de esmaios dediante a loita pola libertade da súa terra*". "Marcha", semanario independente de ezquerda nacionalista, na pruma do escritore Anxel Rama, traza unha axustada sembranza de Castelao, de quen afirma: "*Ten xa algo de símbolo; interpretóu o sentire do seu pobo nun intre en que durmitaba e axudóuno na tarefa do seu rexurdemento*".

O tempo da gabanza

O percorrer dos anos, vareos xeitos de homaxe van pautando en Montevideo a gabanza da obra artística, literaria e política de Castelao. A Casa de Galicia dá o seu nome á Bibrioteca Sociae; o Centro Cruñés, o Centro Galego e o Patronato da Cultura Galega, erguen sendos bustos do *guieiro* —obra do escultore cruñés Xosé Escudero Couceiro— nos seus respeutivos lares.

Pola súa banda, a Asociación Uruguaia de Fillos de Galegos orgaiza en xaneiro de 1964, a primeira *Muestra Bibliográfica y Documental de Castelao* que se leva a cabo no Río da Prata, espoñendo a cáseque totalidade da obra de i encol Castelao, enmáis

de pezas documentáis autógrafas, i editando un catálogo ilustrativo.

En 1969, a instancias do Patronato da Cultura Galega, a Xunta Departamental de Montevideo —órgao lexislativo comunal—, logo do informe favorábel da súa Comisión de Nomencratura, desiña con nome de Alfonso Rodríguez Castelao a unha rúa da cidade. Trátase do primeiro homaxe desta natureza que se lle tributa ao insiñe rianxeiro, no mundo. En xaneiro de 1970, o Patronato da Cultura Galega pón unha praca de mármore na devandita rúa, coa seguinte lénda:

> "Alfonso R. Castelao / Nacéu en Rianxo (A Cruña) o 30 de xaneiro de 1886 / Finóu en Buenos Aires o 7 de xaneiro de 1950 / Pintor e debuxante / Escritore e político / Defendéu a súa terra e o seu pobo da inxusticia seculare / Soñóu no esilio a Galiza ideial."

Ó aito asiste unha importante delegación galeguista de Buenos Aires, encabezada polos amigos e colaboradores de Castelao, Antón Alonso Ríos e Rodolfo Prada.

* * *

No Uruguai, Castelao é hoxe un nome e unha obra. Por sobor de todo, un símbolo: o da Galiza inmorrente. Símbolo que se fai vivo a cada intre, na nomencratura cidadán, no libro, no prelo, no quefacer cultural. O pobo uruguaio —que en grado tan importante leva nas súas veas sangue galega— sinte por Castelao unha emocionada e sinxela ademiración. Porque sábeo e recoñéceo como un home diño, como un patriota auténtico, como un loitador sen trégolas nin renuncios, como un fillo do pobo fidel ao destiño de seus irmáns na sangue e na espranza.

ACTO CONMEMORATIVO

ACTO CONMEMORATIVO DO PASAMENTO DE CASTELAO, ORGANIZADO POLA REAL ACADEMIA GALLEGA

O día 24 de xaneiro, ás oito da noite, no salón nobre da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos da Cruña, a nosa Corporación celebróu un brillantísimo acto adicado ao esclarecido autor de "Sempre en Galiza", en ocasión do XXV aniversario da súa morte.

Nas páxinas seguintes insertamos os traballos que na devandita solemnidade foron lidos polos numerarios don Marino Dónega Rozas, don Rafael Dieste González, don Ricardo Carballo Calero e o presidente deste rexio Instituto, don Sebastián Martínez-Risco e Macías.



ACTO LITERARIO EN HOMENAXE A CASTELAO, ORGANIZADO POLA REAL ACADEMIA GALLEGA

Mesa presidencial: De esquerda a dereita, don Marino Dónega Rozas; don Sebastiáns Martínez-Risco e Macías, Presidente da Corporación; don Francisco Vales Villamarín, Secretario; don Ricardo Carballo Calero, e don Rafael Dieste González

VERBAS LIMIARES PRONUNCIADAS POLO PRESIDENTE DA ACADEMIA

Celebra iste acto a Real Academia Gallega en honra do que foi seu esgrevio numerario don Afonso Daniel Rodríguez Castelao, non pra recordalo, pois o recordo ven a ser unha resurreición momentánea do pasado e íl tén posto sobranceiro nas lembranzas da Corporación e de todos e cada un dos seus membros, senón pra anovar a nosa ademiración deica a súa xurdia obra, ofrecendo unha sinopsis temática dela, e pra facer patente a perdurante gratitude que por ela Galicia lle debe.

Don Afonso Daniel Rodríguez Castelao ingresóu na nosa Corporación o día 25 de xullo do 1934, da man do numerario e fraternal amigo seu don Antonio Villar Ponte, e permanecéu vencellado a ela espritualmente deica o intre mesmo do seu pasamento. Pola súa parte a Academia, durante o cuarto de século decorrido dende aquil tristeiro acaescer, máis tristeiro aínda porque o eisilio da súa vida corporal culminóu no eisilio da súa morte física, durante ise tempo, a Academia non descoidóu o cultivo dos eidos creacionáis do gran escritor e artista: pubricóu os seus traballos *Humorismo-Dibuxo humorístico-Caricatura,* e *As cruces de pedra na Galiza,* e rescatóu, pola xenerosa e dilixente mediación de un dos seus membros numerarios, don Isidro Parga Pondal, dous grandes óleos con temas de cegos, que enfeitarán os muros do novo edificio da Real Academia Gallega cando o atranco económico que hoxe tén paralizada a súa construción alcontre o remedio da axuda —eu diría "obrigada", porque a Galicia da cultura que a Academia coida, ou cando menos anceia representar, merécea e, máis aínda, eisíxea—, alcontre, digo, o remedio da axuda de quenes, podendo prestala, queran cumprir os deberes a que estean vencellados verbo do desenrolo espritual da rexión galega. Ningunha ocasión máis axeitada pra facer iste apremiante e púbrico requerimento que

ista de unilo á memoria de quen todo o deu polo ben da nosa Terra. E quenes queiran entender, que entendan.

Debo, por cabo, agradecer —e agradezo, moi compracido— á Xunta Direitiva dista prestixiosa sociedade, na persoa do seu dino presidente señor Souza Hernández, a acollida que, unha vez máis, dispensa a ista Corporación académica, abríndolle as portas diste nobre salón, de brilante e densa historia cultural, no que a Real Academia Gallega veu á vida púbrica en solene inauguración nil celebrada fará setenta anos no que decorre; salón que coiste acto cerra, ao parecer, o longo ciclo dos nil celebrados, pola construción do novo edificio social, no que desexamos a ista popular entidade longos anos de vida tan vizosa e fecunda como a que tén gozado deica agora.

CASTELAO, ARTISTA GRÁFICO

Por MARINO DÓNEGA

O tíduo e o tema da miña comunicación non debe chamar a engaño. Non se pode falar dun Castelao, artista gráfico, como tampouco se pode falar dun Castelao novelista, dun Castelao dramaturgo, dun Castelao contista, dun Castelao investigador, dun Castelao orador ou dun Castelao político. ¿Por qué? Porque Castelao é un. Porque Castelao é Castelao. Parece unha perogrullada, e nona é. Reparar somentes nunha das facetas da súa esgrevia persoalidade, sería tanto como despedazala, desnaquizala. Todas e cada unha son aspectos da súa persoalidade, e en todos e en cada un deles a súa persoalidade bule enteira e verdadeira. E aínda máis. Poderíamos decir que a obra literaria ven animada polo deseño; que o dibuxo e o pensamento están en función dun ideal; e que no ideal redentor está a razón de ser de Castelao como home.

É de agardar, xa que logo, a obra que, recollendo as diferentes pezas deste maravilloso mosaico, proceda a xuntalas morosamente e, ordeándoas equilibradamente, compoña a figuración global, total, desta xenial obra galega que é Castelao. Porque, si como o propio Castelao dixo, *o arte é un, e a literatura, como a música e a pintura galega non poden ser máis que xeitos de expresión dunha mesma beleza: a da nosa terra,* así tamén Castelao —engadimos nós— sóio pode ser un: a espresión do xenio da propia Galicia.

Nacemento dunha vocación. Desenvolvemento

A primeira faceta creadora de Castelao no tempo é a de dibuxante. E do dibuxo fixo a súa primeira arma de loita contra os prexuicios, as teimas e as incomprensións que tollen a un pobo e o levaron a unha desfeita moral e material. ¿Mais cáles foron os principios de Castelao como dibuxante, como artista gráfico?

Castelao nacéu o día 30 de xaneiro do 1886. Fillo de pai mariñeiro, o neno ao pouco de nacer fica no seu Rianxo natal xunto coa nai, porque o pai, pra millor se valer —e como tantos e tantos galegos— vese na triste precisión de emigrar á Arxentina. Según Núñez Búa —autor da biografía máis completa e xeneralmente seguida de Castelao— "o neno medraba e adeprendía moi depresa, e as súas mans sorprenderon axiña pola habelenza: bonecos de pau, graburas en táboas e *dibuxos* de barcos e mariñeiros tal cual". É ista a primeira alusión que atopamos verbo do Castelao dibuxante.

O Castelao neno, que se iniciara na escola pública da súa vila natal aos sete anos, cando conta nove, xunto coa nai, emigra tamén á Arxentina, porque o pai mandáraos chamar por se ter aberto camiño na vida cun negocio que tiña montado na Pampa. Estamos no 1896.

O Castelao rapazolo bota catro anos na Pampa facéndose home cabo do pai, axudándolle no negocio e agardando por dúas irmás que alí naceron. E —según o mesmo biógrafo— nese período de tempo espertóuselle ao Castelao rapazolo a súa afición polo dibuxo por influencia da revista *Caras y Caretas* que dirixía en Buenos Aires o gran dibuxante galego, lugués de nacencia, Xosé Cao. Esta é a segunda alusión que Núñez Búa fai verbo dos oríxenes dibuxísticos de Castelao. Mais sigamos coa andadura vital do noso artista.

No 1900 Castelao, xunto coa nai e as irmás, regresa a Rianxo namentras o pai demora o seu regreso en agarda de liquidar o negocio e apañar os cartos que alí ganara. Pra Castelao a emigración quedaba atrás. Logo, co paso dos anos, viría un desterro e, pra rematar, un esilio.

Castelao contaba 14 anos no 1900, data —como dixemos— do seu regreso. E nese mesmo ano, no mes de setembro, aproba o seu ingreso no Instituto de Santiago de Compostela pra cur-

sar o bachilerato. E ingresado xa no Instituto, no mes de xunio do seguinte ano esamínase, antre outras moitas asignaturas, dos dous Dibuxos, 1.º e 2.º, que figuraban no plan de estudos. E, ben fora por non andar moi solto de lápiz, ou ben por non concordar o seu criterio artístico co canon estético do profesor, Castelao foi calificado con dous simples "aprobados". O cual non deixa de ser elocuente polo moito que di a prol do ensino oficial. E haberá que lle dar a razón ao biógrafo de Castelao cando remata afirmando que o noso artista nunca tivo mestres de dibuxo, porque os que había eran profesores de academia que somentes ensinaban a dibuxar narices, orellas, iesos, e a pintar frores, arboriños e vaquiñas.

Pois ben; rematado o bachilerato en dous cursos e medio, na convocatoria do mes de setembro do 1903 aproba Castelao o curso preparatorio de Meiciña na Facultade de Ciencias. E no ano académico 1903-1904 vémolo convertido en universitario nun Sanitago, pailán e frívolo, que soio sona coa zarzuela e coa Porta do Sol, de Madrid, e no que somente dous coengos, Amor Ruibal e López Ferreiro, mantiñan o prestixio e a seriedade cultural de Santiago.

Castelao incorporóuse á vida estudiantil dun xeito activo e deuse a conocer deseguida como caricaturista, acadando moita sona antre os seus compañeiros. Caricaturizóu, ridiculizándoos, a moitos dos seus profesores, o que lle custóu moitos disgustos académicos, custándolle ferro e fouce o aprobado de Anatomía. Non faltaba en ningunha tuna estudiantil pra tocar a guitarra e facer caricaturas nos escenarios cara o público e diante dunha pizarra coa tiza na man.

Manuel Lustres Rivas, veciño, amigo e contertulio de Castelao neste tempo, dínos que namentras os demáis discutían a berros calquer tema literario, artístico ou sociolóxico, Castelao, calado, dibuxaba sobor do mármore das mesas caras, albres, animáis, peixes e todo o que lle viña á man; e que cando enchía o tableiro cos dibuxos, chamaba ao mozo e mandáballe limpar o mármore pra seguir dibuxando. E remata Lustres afirmando que "nesa academia tan lonxana do concepto académico, empezóu Castelao a se formar artista."

Dediante deste concorde testimonio de dous amigos prósimos de Castelao teremos que concluír, resumindo, que Castelao foi o mestre de dibuxo do xenial dibuxante que foi Castelao.

Quérese decir, que Castelao foi un autodidacta, como cáseque todos os homes que neste país fixeron algo que pagara a pena.

Remata Castelao a súa carreira de médico no curso académico 1908-1909, e aínda coa inercia da súa mocedade rexoubeira e vertolán inicia a súa colaboración na revista viguesa "Vida Gallega", con estampas costumbristas, chocalleiras moitas delas, e alleas sempre á temática grandiosa de Castelao e ás preocupacións patrióticas que o habían levar a morrer no esilio e a vivir para sempre no corazón dos galegos.

Neste tempo, estamos no 1910, Castelao inicia as súas colaboracións gráficas como caricaturista no semanario "El Barbero Municipal", pra combatir a política caciquil —minúscula, torpe e noxenta— do seu Rianxo natal daquel intre. Nembargante, estas colaboracións —que habían cesar no ano 1914 coa morte do semanario— apuntan xa o nacemento dunha nova estética, como logo veremos.

Mais como fora, a grandeza moral de Castelao levóuno a confesarse culpable de estravíos como caricaturista na súa xuventude, como autor dos seus primeiros dibuxos humorísticos de monicreques noxentos propios "dun humorismo de taberna". Foi no ano de 1920, nunha conferencia que dictóu neste mesmo salón, e dende esta mesma tribuna, sobre "Humorismo". Dibuxo humorístico. Caricatura" na esposición das estampas do álbum "Nós". E Castelao rematóu a súa severísima e pública autocrítica con ista solemne e conmovedora declaración: "Abafado de vergonza confésome culpable e renego da miña primeira mocedade."

A línea, espresión anímica do artista

¿Qué tiña ocurrido pra que Castelao en público fixera tan arrepiante confesión? Algo tan simple, e pra algúns tan difícil, como é saberse membro dunha comunidade humán con acusada persoalidade de seu e, nembargante, esmagada e abafada por malfadados avatares históricos. E dando xa un pasiño máis, decatóuse el —fillo de mariñeiro— da imperiosa necesidade de correxir o rumbo dunha nave ao pairo.

Despóis desta toma de concencia e como consecuencia da crisis que padecéu, posiblemente Castelao reflesionóu sobor de sí mesmo e, seguindo imperativos éticos indeclinables, púxose

ao servicio do seu pobo. E puxo nese servicio, coma arma de loita, o seu arte gráfico perfilando unha nova estética que atendera con eficacia e rigor ás novas esixencias que o combate a entablar demandaba. E por este camiño, Castelao chega á "caricatura social" e ao "dibuxo humorístico", con valoración da línea configuradora nunha e noutro.

A línea, esa sucesión de puntos definida pola xeometría analítica, ven sendo o elemento configurador do dibuxo. E o dibuxo configurado pola línea é o xeito orixinal de espresar ideas. Agora ben; a línea informativa do dibuxo espresa, como grafismo, situacións anímicas do artista do mesmo xeito que o trazo na escritura —líneas que configuran letras— revela grafolóxicamente a persoalidade do escritor, o seu carácter, temperamento, formación, impulsos, e mesmo o funcionamento do seu fisioloxismo.

Esto, por unha banda. E por outra, a temática do espresado ao traveso do dibuxo chama tamén por un especial e específico movemento da línea, que pode se axustar a trazos amplemente circulares; formar ángulos agudos apoiados os úns aos outros envoltos en curvas parabólicas; ondularse, quebrarse, e mesmo desaparecer sustituídas por manchas limitadas sobor de sí mesmas.

Pois ben; esta docilidade da línea pra rexistrar o estado anímico, ou pra se axeitar ao que o dibuxo espresa, dáse superlativamente, como logo veremos, na obra gráfica de Castelao.

Unha nova estética. Ideario artístico

Na vella e escolástica polémica antre a línea e a cóor na pintura, Castelao inclínase decididamente pola primeira. Entende que a línea é o sustantivo, porque ven sendo o esquelete da pintura, e por el terá ésta unha forma e unha forza.

A caricatura, que ven sendo pra Castelao "unha abreviatura do dibuxo", non é máis que "a media matemática das líneas dun dibuxo". E debe escoller, xa que logo, "os rasgos esencialmente espresivos, e fuxir de todo o que sexa ausiliar ou accesorio", simplicidade que debe levarnos á supresión do que non sexa espresivo.

A caricatura debe reflexar, según o propio Castelao, "unha bela calidade psicolóxica", "a actitude e a espresión dun intre psicolóxico", a súa idiosincrasia, e todo elo "coa máis pequena

cantidade de líneas. As indispensables pra que se comprenda a espresión."

Avanzando un chisquiño máis, Castelao sostén que o dibuxante humorista ha ter senso crítico pra desfrangullar canto ve, e despóis de descompór e analizar, esteriorizar o seu análisis.

E xa pra rematar, Castelao entende o humorismo como un xeito interpretativo, sinxelo e forte, da vida, non somente plástica, senón ideolóxica; porque así como no dibuxo puro a forma é o fin, no humorismo "é un medio pra espresar ideas". E logo de poñer en duda que a sátira ou a ironía sexan humorismo, pensa "que diante das mágoas da Terra asoballada calquera humorista de boa cepa galega ten de convertirse en satírico ou ironista". E que si nun país ben gobernado, onde hai fartura dabondo, os humoristas non choran nin firen e "abanéanse antre un pesimismo burlón e o máis acougado optimismo", non poderá haber optimismo "nos humoristas galegos, enraizados na Terra, namentras escoitemos os seus laios de dolor". Mais con todo, Castelao pensa, ou maxina, que o seu pesimismo é ceibador, liberador.

Castelao é, xa que logo, consecuente cando na dicotomía línea/cóor, da que denantes falamos, refuga a cóor por entender que a súa regalía sensual distrae e "desfai a espresión moral e a significación fonda que debe ter toda obra de arte."

E vede ahí —miñas donas e meus señores— esquemáticamente esposto o ideario estético de Castelao: *a línea,* como sustantividade; o *dibuxo,* como media matemática resultante das líneas; a *caricatura,* como abreviatura do dibuxo, espello de espresión psicolóxica; o *dibuxo humorístico,* como esteriorización crítica da realidade; e o *humorismo,* como xeito interpretativo da vida e medio pra espresar ideas. E o *Arte,* en definitiva, como espresión moral de fonda significación.

E Castelao, con este ben artellado aparato estético, que ha termar do seu Arte, de fonda significación e nidia espresión moral, pónse ao servicio do seu pobo, tomando partido polos humildes, polos oprimidos, polos que padecen inxusticia, e enceta a súa prédica patriótica tanxendo na corda máis sensible de quen contempla o dibuxo e lé a lenda posta ao seu pé. Con toda elocuencia acada, nun afán utilitario de síntesis, meter no pé dun dibuxo, unha idea que doutro xeito custaría páxinas enteiras desenvolver literariamente, como observóu Luís Seoane.

O álbum "Nós"

Os dibuxos do álbum "Nós" foron compostos, asegún confesa Castelao, antre os anos 1916 e 1918. Pois ben; o primeiro dos devanditos anos pódese indicar como data certa da incorporación de Castelao ao galeguismo militante, reflesivo e coherente. Proba delo nola suministra o propio Castelao cando, co gallo do sepelio de Antón Villar Ponte na Coruña, o día 4 de marzo do 1936, escribíu: "Nós asistíamos ao enterro de vinte anos da nosa vida", aludindo, sin dúbida, aos vinte anos transcurridos dende a súa inmediata adhesión ao movemento do nacionalismo galego propiciado polas "Irmandades da Fala", nacidas na propia Coruña catro lustros antes —precisamente no ano 1916, no mes de marzo—, como consecuencia da chamada feita aos galegos "bós e xenerosos" por Antón Villar Ponte no seu folleto "Nuestra afirmación regional."

Castelao incorporóuse, xa que logo, á loita do nacionalismo galego coas estampas do álbum "Nós". E "non pra cantar as ledicias das nosas festas, nin a fartura dos casamentos, sinón as tremendas angurias do decotío labrego e mariñeiro", pra desacougar a conciencia adurmiñada e insensible daqueles que vivían coas costas viradas a tan moura e tristeira realidade, cegos a tan arrepiante, estarrecente realidade.

Dixemos antes que Castelao, cando tomóu conciencia do verdadeiro "ser" e "estar" de Galicia como comunidade nacional e pobo diferenciado, foi quen tamén de advertir que, antre as causas que tollían o libre e normal desenvolvemento daquela comunidade e daquel pobo, figuraba a esistencia dunha estructura socio-económica, inxusta e desaxeitada, que trouxera a fame aos membros daquela etnia.

Foi tamén Luis Seoane quen fixo notar ter sido Castelao o primeiro na Península en introducir nas lendas dos seus dibuxos os problemas da economía, porque el sabía da importancia que estes problemas teñen para o pobo, como tamén conocía o xeito de servir a uns ideáis presentando as contradicións económicas da sociedade galega. Non se trataba sóio de reflexar a miseria do labrego e do mariñeiro —concluíe Seoane—, senón tamén de establecer de xeito gráfico os motivos dese empobrecemento e a dependencia política e social á economía.

Si reparamos afincadamente e de vagar nas cincoenta es-

tampas que compoñen o álbum poderemos comprobar, en efecto, que, amáis de falar de seu elocuentísimamente cada unha delas aillada das demáis, todas elas pódense considerar como outros tantos capítulos ben artellados dun tratado de teoría socio-económica. E do mesmo xeito que na infraestructura da obra literaria de Castelao —na novela *Os dous de sempre,* poño por caso— está o dibuxo —como dixemos noutro lecer—, eiquí poderíamos decir que na infraestructura do álbum de dibuxos está a composición literaria, entendendo a literatura no senso máis elevado e nobre da palabra. Abondaría, pra comprendelo así, coa ordeación das estampas seguindo secuencias lóxicas encamiñadas á composición dun argumento, exercicio pro que non temos vagar neste intre.

Pois ben; consecuente co ideario estético e coa filosofía de Castelao, de certo que non hai optimismo nestas estampas, porque, como xa dixera, "nos humoristas galegos enraizados na Terra nono pode haber namentras escoiten os seus laios de dóor". Mais no prólogo que escribíu pra o álbum no ano de 1931, que foi o da súa publicación, sigue entendendo "que o pesimismo pode resultar liberador cando esperta carraxes e cobizas dunha vida máis limpa."

E, pra remate, a línea nestes dibuxos denunciadores vémola alporizada por momentos, quebrarse ás veces coa conseguinte perda de continuidade en procura da claro-escuro, e outras faise zigzagueante e rápida, como lóstregos fulminadores. Unha línea, en suma, axeitada á meirande parte da temática denunciadora.

Fase intermedia

Castelao mantivo a súa colaboración gráfica en diferentes xornáis do país ao longo dos anos vinte, e parte dos trinta, especialmente en "Galicia", "El Noroeste", "Faro de Vigo" e "El Pueblo Gallego", baixo o rubro xeneral de *Cousas da vida,* que acadaron unha enorme popularidade no país. Son dibuxos, con lèndas ao pé, que non firen coma si foran coitelos, empregando unha espresión súa. Con eles fai reflesións humorísticas encol dunha temática variada, onde falan petrucios, mulleres, nenos, e mesmo tamén animáis persofinicando neles sentimentos humáns.

Publica no 1926 o primeiro libro de "Cousas", equilibrando xa o dibuxo ca prosa, verdadeiras abreviaturas de contos humorísticos, tinxidos dun fondo contido sentimental. E no 1930 dá á estampa o álbum *Cincoenta homes por dez reás,* que veñen sendo outros tantos retratos realistas e satíricos duns arquetipos humáns que se poden atopar en calquer comunidade.

A línea nestes dibuxos é, polo xeneral, pura, espida, preponderantemente ondulada, acariñante, e con ela acada a meirande espresividade coa maior economía de medios que Castelao buscaba afanosamente. Unha línea, en suma, amable e sosegada e ben axustada ao pensamento que nestes dibuxos desenvolve Castelao.

Etapa final

E chegamos aos álbumes de guerra. *Atila en Galicia, Galicia Mártir* e *Milicianos.* Os dous primeiros aparecidos en Valencia no ano 1937 e o derradeiro en Nova York no seguinte ano. Estas estampas acadaron sona universal. Algunha, ampliada, presidíu congresos internacionáis. E dúas delas, *Supervivintes* e *A derradeira lección do mestre,* foron reproducidos en sellos de Correos de Campaña no ano 1939, con valor postal de 10 e de 90 céntimos, respectivamente, figurando recollidos nos catálogos filatélicos.

Son estampas xusticieiras, anatematizadoras, implacables, terriblemente condenatorias. Eiquí a conciencia moral de Castelao, alporizada, convírtese en belixerante. As estampas pechan en sí un ataque e unha dóor. O *ataque* dirixido contra dos autores da traxedia desencadeada, e a *dóor* sentida polas víctimas inocentes desa traxedia. Nos pés dos dibuxos xa non hai humorismo. As lendas son estarrecentes e arrepiantes requisitorias en contra dunha barbarie inútil.

A línea, que nos dibuxos da fase anterior era pura, simple e graciosa, que no álbum *Nós* era ás veces rápida e zigzagueante, agora québrase violentamente, desaparece na mancha negra que suliña, dándolle patetismo á macabra escena representada. A carraxe que sinte Castelao é simultánea á carraxe da súa línea.

Xa no esilio, Castelao compuxo os seus *Dibuxos de negros.* Castelao púxose, unha vez máis, a carón dos magoados, dos

esquecidos, dos marxinados. Dos negros. Non hai lendas. Co que se ve abonda. E vense as tristuras, as ledicias, as agardas, os traballos. A canción, a eterna canción.

A línea nestas estampas desconxúntase seguindo os ritmos das danzas afro-cubáns. E tamén unha línea danzarina, de ondulacións rítmicas, movéndose no claroescuro.

E veñen, por último, as seis estampas tiduadas *Meus Compañeiros*. Son dibuxos de cegos, de concas orbitarias valdeiras, de mirada morta, de ollos pechos. Dibuxos de xenerosa e sentida emoción, e acugulada comprensión.

Ás liñas curtas, de pequenos zig-zás, insistentes nos sombreiros, nas caras e nas mans tanxedoras de violíns, e apenas insinuadas dos corpos, dos cegos que denantes dibuxara en Galicia, as que conforman os dibuxos de agora siguen xa a técnica que Castelao iniciara nas estampas da guerra.

* * *

E velahí —miñas donas e meus señores— nunha apretada síntese ao Castelao como artista gráfico. Mais nin como tal, nin como artista plástico en xeneral fica esgotado, nin moitísimo menos, o estudo da súa figura xenial. Facetas súas tan importantes como as de pintor, acuarelista, grabador, afichista, escenógrafo, ilustrador e mesmo diagramador de libros, nin siquera aparecen mencionadas. As limitacións de tema —o dibuxante— e tempo —15 minutos—, así o impoñen.

Mais, resumindo, remataremos afirmando que Castelao foi sempre responsable co seu propio criterio estético; que tíña unhas pautas conceptuáis encol do arte e, fidel ao seu pensamento, elaboróu a súa obra con método e coherencia; e que arte, obra e vida púxoas ao servicio dunha terra e dun pobo. Este foi o herdo que Castelao nos deixóu, e que ningún galego poderá aceptar a beneficio de inventario sin incurrir en gravísima responsabilidade cara ao seu país.

POESIA E POLÍTICA: UNHA PERGUNTA SOBRE O AUTOR DE "COUSAS"

Por RAFAEL DIESTE

Era eu mozo daquela, inda que ceibe xa de obrigas militares, e traballaba nun xornal de Vigo... No intre, entón, de faguer —en cinguido artigo— o meu homaxe ao libro "Cousas", de Castelao, que aparecera coma un sol por aqueles días, tiven o honor (así o sinto hoxe) de sinalar a beleza exemplar da fala escrita do autor, e en termos, ademáis, que non perderon actualidade, quero dicir, vixencia crítica. "Escrito por íl —díse alí moi sucintamente— o galego é unha língua viva e, ao mesmo tempo, disciplinada. Sen moitos artifizos de sintaisis, mais con boa e rigoroso sintaisis galega". (E non somente a que rexistran as gramáticas, senón tamén a que de cote fai frolecer o pobo nas súas millores improvisacións, aquelas en que se sinte o celme da *convivida* tradición)."A verba é sempre xusta i a frase ben endereitada. Lembranzas e pensamentos, quizáis despóis de moitas voltas que o leitor non presencia, veñen a se encaixar, como o pelouro da ruleta, no estuche da frase única. Todo niste libro está ben dito, coísa puntería dos mestres do apotegma e dos bós dialoguistas".

Sen me deter máis, agora, no campo da Estilística, faré aínda outra cita daquil mesmo artigo, encamiñada xa ao que axiña diréi... "Si Castelao quixera chamar ás súas *cousas* poemas en prosa, estarían moi ben nomeadas". Deseguida o autor do comento deixa paso ao seu propio lirismo, con certa economía de palabras, mais todas quentes, entusiastas, pra eisaltar os valores poéticos do fermoso libro. Somente unha pequena mostra: "Unha tristura serea, sombra de piñeiro soedoso baixo enfariñado luar,

alóngase na ialma cando finan as verbas derradeiras". Coísto abonda pra caraiterizar o artigo, a un tempo ergueito e inxel, que entón xurdíu do meu sentir como pregón de "Cousas". Tanto do libro como da súa exemplaridade, do que nil (inda que non adrede) val como consello.

Pois ben: non foi aquela a única oportunidade en que me referín a Castelao *como poeta,* mais somente agora me decato disa tendencia miña a velo e a sentilo así. Aínda que digo "miña", presúmoa amplexamente compartida. Val, pois, a pena deterse un pouco nela.

Luís Seoane (en "Castelao artista") ten o especial acerto, antre outros moitos, de celebralo como acuñador do xuício popular —enténdase galego—, principalmente no caso do xornalismo gráfico, viva unidade, en Castelao, de dibuxo e lénda; Ramón Piñeiro (n.º 12 de "Grial"), descobre nil, moi agudamente, ao moralista; outros —e iles mesmos tamén, no senso máis xustificado e escrarecido— veno como guieiro (mais polo exemplo, conviría engadir, que por ningunha cras de preceitiva); algúns como "símbolo", sen que se poida saber concretamente o que queren dicir. Aténdome agora aos calificativos millor fundados, topo que ningún diles contradí a miña visión —volvo a dicir que a supoño compartida—, e que ista, en troques, pode axudar a darlles o toque de singularidade que convén a unha semblanza, xa que non perfeita (non hai Plutarco que a deseñe), *orientadora.* Mais non quixera un consentimento por demáis apurado. O que quero dicir require aínda algúns pasos.

Veleiquí unha pergunta que me axudará a abrevialos. ¿De qué maneira o Castelao *político* pode ser —entrañadamente, non por aicidente— o autor de "Cousas"?

Xurden eiquí moitas respostas que, aínda concordando con feitos, rexistro de talentos, tempos, situacións, non *sintonizan* co esprito da pergunta.

Eu estóu vendo ou albiscando, dende o comenzo, esta resposta, que primeiro diréi e despóis, até onde poida, espricaréi:

O castelao político pode ser o autor de "Cousas" —exemplo nidio de fonda e libre poesía— porque ise Político, ao marxen das pequenas falas, compromisos, enredos, é, sigue sendo, Castelao poeta.

Ninguén topará dificultade en recoñecer que o Castelao humorista, o satírico —e coil o moralista—, o intérprete do pobo

(gráficamente tanto como nos ditos da súa longa galería de figuras galegas), o doente, tráxico honorador dos mártires, o pintor que ve sempre na paisaxe algo máis, moito máis do que se ve... son sempre o Castelao poeta. En chegando á política empezan as vacilacións. Certamente, hai, houbo sempre, o poeta civil; e tamén, como agora se dí, o "contestatario"... Pro iso non abonda pra nos conformar, non sendo no terreo (que non é agora o noso) das xeneralidades, das catalogacións. A palabra Política, posta eiquí no cimo que lle corresponde, acena a máis largacíos —e en certo senso máis "comprometidos"— horizontes.

E ben, a Política que pula manifestamente por se abrir camiño na obra de Castelao e, tomado en conxunto, no seu comportamento, deita das mesmas fontes que a súa Poética.

Pódense, por exemplo, discutir ou clarexar ou poñer ao día, ditos, pasaxes ou capíduos de "Sempre en Galiza"; mais o autor diste libro sigue sendo —no seu esprito, amor e distincións— o mesmo que nos seus contos e lembranzas se nos aparez como poeta. Dahí, que é tanto como dicir do ser galego —tal como soubo íl sentilo e comunicalo—, veñen as súas previsións *políticas* no tocante ao porvir da nosa terra.

Lembrándose de "Cousas" e do mundo galego que alí tan viva e fondamente espella, quizáis haxa quen diga: Iso pasóu...

O que o dí é mal ouservador, ou ten pra a súa ouservación un campo moi estreito, que deixa ao marxe, como simple vestixo do pasado, todo o que non casa ben coa súa probe ideia da modernidade. Pro, ademáis, ao dicir "pasóu" pensa no aicidental dos costumes i as modas —sen distinguilas entón máis que polo encalmado ou fuxideiro da súa vixenza. Pensan somente niso, non no máis entoñado i esencial que o Castelao poeta vai descobrindo no fondor estremecido do recordo ou do que ten diante dos ollos.

¿Quén podería negar a Castelao a ousesión da inxusticia, o anceio de prosperidade, de ordeación xurídica —tan xusta e natural que no se sinta como enliado reglamento e viveiro de pleitos— e todo o que pode ser ouxeto de preocupación pra xuristas, economistas, sociólogos, etc.? Con todos conta... O que lle inqueda é o temor de que a empresa galega se esfrangulle por falla de atención ao que lle pode dar verdadeira integridade, que é Galicia mesma, co seu ser propio (propio non quer dicir pechado) i as súas longas, infindas perspeitivas.

Mais entendámonos. Non se pretende, nono pretende Castelao, escomenzar, a maneira de premisa, por definir o noso pobo. É cousa certamente ván querer definir un pobo, cinguir a súa tradición —viva, tensa, arelante— e o que dela raiola, en termos de "definición". Sempre o lúcido amor e a concencia poética van moito máis alá, sen poñer couto a ise alén, a ise máis alá.

Naquel mesmo artigo sobre "Cousas" que lembréi ao comenzo, aínda nos dí, por sorte, o seu autor: "Hai niste pequeno volume, breviario pra ler máis dunha vez, algo que impón silenzo como unha noite estrelecida, chea de adiviñanzas e de señas distantes".

Xunto á máis inmediata, urxente demanda de xusticia, e en forte compenetración con ela, hai que ver sempre en Castelao isas "señas distantes".

Mais a íl móveno, pídenlle previsións, téñeno alerte, indícanlle camiños... E velaí polo que eu digo que a súa Política, ou o máis nidio, permanente e raiolante dela, recibe alento e fundamento da súa Poesía.

CASTELAO E A SÚA LÍNGUA

Por RICARDO CARBALLO CALERO

Un carto de século pode ser tempo dabondo para sitúar na necesaria perspectiva unha figura inmovilizada pola morte. ¿Inmovilizada? Dálle, Señor, o repouso eterno. Esta piadosa deprecación non é atendida amiude polo seu alto destinatario cando o home desparecido foi un home de escepción, un home de vida pública intensa, que teña suscitado ao seu redor adesións entusiastas ou discusións agudas. Aínda vivo na lembranza, a súa conmemoración pode ser un intento de comprendelo tal como foi, afastando agora —superando o nivel a rentes do chan, se cadra inevitábel cando andaba antre nós— o irrelevante do significativo. Ésta será fidelidade á súa memoria. O herói repousa sobor dos seus loureiros definitivos, e se o resustamos é para fixar a súa historia, para interpretar a vida que viviu. Mais esta piedade pode ser sustituída pola profanación. Hai quen non acha na morte dimensión de sacralidade. Asistimos entón ao macabro espeitago dun morto disfarzado de vivo, dun morto violentamente sustraído á augusta serenidade da paz que coroóu a súa guerra, e sacrílegamente utilizado como arma —lanza, escudo, bomba, refuxio— nas nosas proprias guerras. Un home reificado, un home cousificado, un home que queremos que sexa como nós somos, e non como el quixo ser.

Castelao non é de ninguén. Nin xiquera de Galicia. Galicia non pode ser unha desas entidades suprapersonáis perante a ara de quen temos visto nestes tempos o sacrificio cruento de tantos escravos, xa nados na escravitude, xa caídos nela como prisioneiros de guerra. A alma é de cada un, e o amor non a allea, pois o amor é libre comunión, e non obscena absorción

monstruosa. Castelao foi o que quixo ser, o que puido ser. E decir o que puido e o que quixo, enceta e remata a nosa liberdade de reinstalalo antre nós. O demáis sería egoísmo, individual ou colectivo, disfarzado ou mesmo dobrado de veneración e de respeito.

Con este espírito temos de encarar o que Castelao foi como escritor galego, e, cando deso se trate, o que foi como escritor en galego. Como para todos os galeguistas, a língua non era para Castelao unha arma táctica, senón unha realidade sustancial de Galicia. O galego non podía ser para Castelao a língua da pastoral ou a lingua da arenga ou a lingua da poesía. Se non hai catequese —porque todos sexamos santos—, se non hai combate —porque teñamos conquerido a victoria—, se non hai lírica —porque vivamos na enxebre epifanía da beleza—, haberá galego. Porque para Castelao o galego non era un medio, senón un fin.

De aquí, a escrupulosa atención con que forxóu a súa língua literaria. O que ve o galego como unha fala de grupo, o que usa o galego como unha forma de loita, o que concibe o galego como unha técnica de producción artística —e todas estas posturas teñen hoxe representantes— pode apoiar a súa teoría ou a súa praxe na teoría e na praxe de Castelao; pero a condición de que non confunda o parcial co total, o episódico co permanente, o estormento coa obra. Aquel para quen o galego sexa só unha ferramenta coa que construír un dispositivo favorecedor dunha finalidade non sustancialmente unida ao mesmo concepto de Galicia, pode desbotar esa ferramenta en calquer momento, ou porque o ouxetivo está logrado, e xa non é necesario o medio; ou porque éste se revele, polo contrario, como menos eficaz do desexábel, e se troque por outro que promete maiores oportunidades.

Tal oportunismo era, naturalmente, inconcebíbel en Castelao, e esto ten importantes consecuencias para a caracterización da súa fala. Aquel para quen a lingua é somente unha panca para movimentos que a trascenden, no se para a luíla coa delectación que a Castelao merecía. Escribirá o galego de mogollón do que tantas mostras atopamos nos xornáis do intre. Acentuará ora o diferencialismo cara o castelán, abandonando ao irmán parte do herdo familiar; ora o diferencialismo cara o portugués, como o paifoco sacristán para quen a cristiandade se limita ao sino da súa parroquia; percurará torpemente no vulgarismo a

espontaneidade ou decolorará coa neutralidade do cultismo o vizoso sangue da fala, facéndoa palidecer ata a anemia. Castelao, que vía no idioma a alma mesma do pobo, prestóulle miuciosa atención, pois era un espírito clásico para quen a forma non era contorno, senón sutancia.

Como os outros grandes prosistas da súa xeración, Castelao defronta o problema de convertir o galego en estormento de espresión literaria total. Éste foi o logro do grupo "Nós", que en grande medida realizóu o que o ahistoricismo dos priguiceiros e dos desnortados propugna que agora se realice. Tampouco foi Castelao un mesías que encetase un novo testamento, abolindo unha vella lei. Está dentro dunha tradición, e cando se faga un estudo diacrónico da súa linguaxe, veráse o que debe aos seus precursores. Xebrar a Castelao dos seus devanceiros e dos seus irmáns e curmáns, é fanar a súa figura, aínda que se pretenda empoleirala. Aparte dos poetas, Valladares, López Ferreiro e Labarta decruaran a leira que el ía labrar con xugada de seu. E tales mozos como Risco, Otero e Cuevillas son á vez discípulos e mestres do seu contemporáneo, pois todos aprenderon de Castelao, e Castelao aprendéu de todos.

No tarreo lingüístico é Cabanillas o máis achegado a el. A base da fala literaria de ambos é o galego meiriño, o galego arousán, o galego suroccidental. Partiron, pois, o rianxeiro e o cambadés da língua popular da súa comarca. Mais cicáis ningúns outros dos escritores de primeiro renque do seu tempo souperon ser á vez fieles ao xenio natural da fala e á necesidade histórica de constituíla como língua culta. O gran problema que se lles presentaba era o da urbanización do galego rural. Neste sentido, Cabanillas e Castelao procederon con análogo tacto, evitando todo estremismo. Cando o rianxeiro se dirixía a un xefe político local acrarando que o facía na lingua que o destinador falaba por galeguismo e o destinatario por ruralismo, formulaba unha grave decraración de principios. Nesta distinción, que ten un evidente carácter valorativo, Castelao revela que para el o uso pasivo do idioma como simple veículo de comunicación, tal como se conservaba no depauperado medio campesino, non é suficiente. O crego —despóis da misa—, o alcalde —despóis da sesión—, o mestre —despóis da clase— falan en galego. Mais non teñen a menor intención de mellorar o seu galego, nin de ampliar a súa área de difusión, nin de convertilo en ouxeto de docencia e

discencia. Teñen na boca palabras moribundas que non pretenden reavivar. Esto é ruralismo. Así usa do galego o cacique. Ten que usalo para impartir as súas ordes, como Cicerón falaba en *sermo rusticus* aos seus servos da *villa Tusculana*.

Ésta era a situación que rexistraba e combatía Castelao. Esto é o que chamaba ruralismo. A pura estormentación, a pura práctica, a pura *utilización* do galego. Tamén hoxe coñecemos esa conducta, mais, curiosamente, o cacique ten descoberto que o galego serve para dar consignas por escrito. Esto é *criptoruralismo,* e, anque supón un progreso na valoración ouxetiva do idioma, continuamos confinados no soterraño da mediatización.

O *galeguismo* supón inconformismo verbo do galego. Non aceptará Castelao, como non aceptará Cabanillas, a marca de vulgarismo, real ou imaxinario, que constitúen rasgos dialectáis de tipo da gheada e o seseo. Pode ser que tal proscripción semelle lamentábel ao dialectólogo que colecciona —é o seu oficio— particularidades diferentes. Mais o idioma é unha cousa demasiado seria para ser confiada esclusivamente aos especialistas. Castelao está condicionado por unha tradición traballosamente formada que orienta os seus esforzos a liberar o galego do ruralismo e a integralo no galeguismo. Castelao non é un revolucionario da língua escrita, senón que representa o cimo da moderación e do eclecticismo. Dunha banda, a diferencia de outras figuras da literatura galega, é un falante galego espontáneo, ben que teña sido sempre prácticamente bilingüe. Así, a súa fala literaria apóiase nunha firme base de autenticidade. Mais non é, en absoluto, unha fala dialectal. A súa morfoloxía é a do galego suroccidental, pero a súa fonética é a do galego central. Temos de ver nesto derradeiro o peso da tradición da escola de Murguía, que interpretaba a gheada —como hoxe mesmo o profesor Pensado— non como un rasgo de sustrato prerrománico, senón de superestrato castelán. O noso autor, pois, aspira a facer da lingua popular unha lingua culta, da fala dialectal, unha fala común. Son os mesmos ideáis de Cabanillas. Ún e outro, baixo o influxo da nacente erudición filolóxica galega, avantaron cara un galego cada vez máis culto; pero por camiños distintos. Cabanillas principalmente pola incorporación dun lésico escolmado, en parte arcaizante, como se pode ver na súa obra mestra neste aspecto, a *Antífona da cantiga*. Castelao principalmente pola preocupación, tamén arcaizante, verbo da morfoloxía, na

que quer rectificar as deformacións castelanizantes. Neste sentido, a lingua de *Sempre en Galiza*, ao menos na parte didáctica e polémica escrita sobre a marcha dos acontecimentos, perde moito da espontaneidade que dá limpidez á fala das *Cousas*.

O lésico de Castelao é relativamente reducido, porque o escritor rianxeiro non percura a riqueza, senón a precisión. Nesto contrasta con Otero Pedrayo, pola obra do cal decorre unha vea lésica tan abondosa como variegada. Dos maiores escritores do grupo "Nós", é Cuevillas quen no aspecto lingüístico se achega máis a Castelao, porque aquél ten un instinto da língua semellante ao déste polo que se refire a seguridade e equilibrio. Cuevillas dá tamén a sensación de escribir desde dentro do idioma, de construír a súa lingua literaria sobre a súa fala oral. Risco non dá esa sensación. Seméllanos que houbera podido ser escritor sin ser falante. O caso de Otero é máis complexo, porque na súa língua concorren instancias diversas e diverxentes, e a trituración de todos os elementos afluíntes para decantar o plasma que se estructure na forma definitiva, constitúi un drama de creación o estudo do cal terá que ser iluminado cos lumes fornecidos polos coñecimentos que se poseen sobre a xénese da obra barroca e romántica.

Anque Castelao ten chegado a render a Otero a homenaxe de imitar o seu estilo, o contido lingüístico da obra daquél supón unha opción estilística distinta. De algún xeito semella estar presente a mariña na fala de Castelao. Non se quer significar que unha parte sustancial do vocabulario esté tomado do lésico vivo de Rianxo, o que é obvio, e estadísticamente comprobábel, senón que a forma interna do falar literario de Castelao é mariñeira. A língua de Castelao está dominada pola craridade, pola gracia, pola viveza, pola regularidade. É unha resposta limpa, nidia, valente e optimista ao reto que para calquer escritor galego supón a lingua literaria. Non é a única resposta posíbel, pero é unha das respostas máis prudentes, e polo tanto máis viábeis, que se teñan dado a aquel reto. Endebén, como Castelao era fundamentalmente artista, anque polo xeral ideolóxicamente aliñado —pero non en ningún rebaño de rinocerontes—, os seus logros lingüísticos son especialmente vizosos na súa prosa máis poética. A prosa didáctica reclama unha fala máis tersa, máis lisa, máis funcional da que Castelao usóu cando se aventuróu nestes tarreos. Non se movía neles coa naturalidade de

que facía gala como lírico ou como narrador. A súa lección neste campo é moito menos maxistral que a que nos dictóu como artífice da língua na súa obra de ficción ou no comentario poético. Téñense dado algúns pasos para a consagración do galego como lingua didáctica que superan, evidentemente, as conquistas de Castelao neste orde.

É verdade que a súa fala propriamente literaria, de estrema coerencia —anque moi luída polos anos de esperiencia e rectificada por miudo— dentro do seu mundo semántico e estilístico, tampouco pode servir sin máis como código espresivo universal. Cada escritor ten que forxar a súa fala, porque cada escritor ten un mundo de seu, e a ninguén lle cai ben a roupa axeitada ás medidas de outro. Mais para o mundo literario que Castelao tiña que espresar, a súa linguaxe é estraordinariamente axustada. A lección de naturalidade e instinto de elección que Castelao dou, conserva sempre a súa vixencia. Endebén, o mundo noso xa non é o mundo de Castelao, e esa lección oriéntanos, non nos asoballa. O mundo de Castelao foi literariamente un mundo de significados reducidos en número, un minifundio intensivamente cultivado. Como a vida se arrequentóu e complicóu desde aquela, temos asobardado os límites da leira, e, anque se cadra con máis toscas aravías, cómprenos decruar gándara nova. Esto esíxenos un uso do galego que non se lle planteóu a Castelao. Mais moitos aspectos da súa lingua —o manexo seguro dos pronomes átonos, por exemplo; a ponderada dosificación de popularismos e cultismos—, nos que as solucións adoptadas superan infinitamente en acerto ás dos primeiros camaradas de Castelao —os homes das Irmandades— e compiten ventaxosamente amiude coas dos seus afíns da segunda hora —os redactores de *Nós*—, deberían ser máis meditados por todos, especialmente polos mozos, improvisadores ás veces cunha xuvenil confianza no seu estro ou sinxelamente desleixados no seu oficio, eivas que Castelao, como escritor clásico, artista e artesán por temperamento e por honestidade profesional, refugóu decotío.

Compre estudar de perto a lingua de Castelao. O vocabulario das *Cousas* e o dos *Retrincos* están sendo hoxe ouxeto de clasificación semántica e de comentario estilístico en diversas teses de licenciatura. Os cambios morfolóxicos e lésicos que se ouservan en edicións sucesivas dunha mesma obra, teñen sido tamén ouxeto de análise. A multiplicación destes traballos permitirá

no futuro un acceso verdadeiramente científico á faia deste grande mestre da lingua. E son precisamente os traballos científicos —que nos dán a verdade de Castelao—, e non os discursos retóricos —que nola desfiguran e enmascaran—, os que debemos, como galegos, a Castelao e a Galicia.

O IDEARIO SOCIAL NA OBRA DE CASTELAO

Por SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO MACÍAS

Si a producción artística e literaria de Castelao merece ser analizada e xusgada polos seus valores estéticos, nos que sobrancean as cualidades espresivas, a súa obra total ven presidida por un pensamento que é coma o motor dunha conduta: manter e fomentar os valores culturáis e económicos da rexión galega, defendendo a peculiaridade da terra, do idioma e de seu xeito habitual de vida. Íl mesmo cifra o deber dos galegos na obriga de "conservar e desenrolar a tradición galega na fala, no arte, no pensamento, no dereito, no traballo..." [1].

Anque ise pensamento pode catarse na singularidade das súas creacións, das que ven a ser inseparábel, acádase de sorte máis nidia ollándoas no seu conxunto; ollada que nos levará ao coñecimento dos seus anceios de conquerir o respeto ás realidades vidáis de Galicia, de imprimir a súa obra un destino popular que a tingue dun marcado sentido social merecente de seren considerado.

Veñamos, pois, a pescudar, en cinguida esposición, as notas que demostran a sustantividade do seu ideario social, a operatividade das súas ideas nas realidades do pobo galego. As que de xeito principal o caraiterizan son, ao noso parecer, as seguintes: *ruralismo, defensa do idioma* e *ataque contra das pragas económicas e sociáis de Galicia.*

---

[1] Caselao, *Sempre en Galiza*, ed. "As Burgas", Buenos Aires, 1944, páx. 291.

1. RURALISMO

Aquela adicación das súas ideas ás realidades vidáis de Galicia, da que deixamos falado, descóbrese na obra de Castelao por unha manifesta preocupación ruralista; mais non é o seu un ruralismo pechado, de sino ausoluto nin de sentido meramente tradicional ou folklórico, senón progresivo e con cobiza de porvir.

Certo que nalgún intre tén deixado falar á voz do sentimento, decindo cousas tan belidas coma istas, dun aparente fondo romántico: "A Terra, que cría frores nos campos para regalía dos ollos, e albres para que canten os paxaros; onde atopamos sombra fresca no vran e quentura garimosa no inverno; onde sofrimos a inquedanza das sementeiras e gozamos a ledicia das colleitas; onde o vendaval brúa nas ponlas dos carballos e funga nas cordas dos barcos; onde canta o vento nos piñeiraes; onde esboufan as ondas do mar nos cons da ribeira e runxen nos areaes; onde por primeira vez ollamos a choiva, a brétema, o sol, o luar, o "arco da vella" e "a noite estrelecida" [2].

Mais xunto a isa efusión de romanticismo ou, millor, de idealismo, que en fin de contas descóbrenos o pulo cordial creador da súa obra, deita demoradamente os seus xuicios encol da orgaización do campo galego, dirixindo deica íl seu pensamento, nunha aititude nidiamente sociolóxica. E así, espón o seu conceito da ordeación xurídica da propiedade rural, incruíndo os montes e as augas, e da propiedade familiar, defendendo a vella institución da casa labrega; loita pola restauración e recoñecemento legal da parroquia; sostén a peculiaridade de hábitos psicolóxicos refrexados nunha comunidade de cultura galega [3]. Desenvolve, en fin, colocándose nunha posición tan doctrinal coma pragmática, o seu *ruralismo*.

E máis aínda; dende o punto de ollar do arte, defende a primacía do pobo aldeán, cando dí: "Desviados da terra por non querer ser miñocas, faguémonos monas, e aos nosos paisanos, que teñen un arte de seu, máis verdadeiro e máis outo, fitámolos dende a nosa maxinada outura cultural, sen reparar que iles viven e que teñen un arte que é a "espresión do sentido da súa

[2] Castelao, *ob. cit.*, páx. 46.

[3] Castelao, *ob. cit.*: Lib. 1.º caps. V (o territorio), VI (a economía), VII (os hábitos psicolóxicos), XXVII (a parroquia), XXX (a ordeación xurídica da propiedade rural).

vida". E teimando niste mesmo xuicio, comenta: "...na nosa terra tamén temos dous artes: o do pobo aldeán e o dos homes sabidos e lidos da cibdá. Nas aldeas resoan os alalás saudosos namentras nas vilas e cibdás fan fume nos corazóns tocatas tan feiticeiras como aquela habanera dun músico de Betanzos, que se chamaba "Ay, que me se pierde el gusto" [4].

Nun senso último e verdadeiro, o *ruralismo* de Castelao non é nin simpremente sentimental ou estático, nin escruínte dos valores lexítimos da vida cibdadá. Súa esencia consiste en que, pensando no intrés de Galicia, na comparanza entre o campo e a cibdá prefire o campo, cecáis por estaren máis necesitado de axuda e defensa e porque, sin rexeitar a vida urbá, ve níl a clave do rexurdimento de Galicia. Non deixa, emporiso, de criticar con acedume a vida urbá, como cando fai falar así a dous vellos esmoleiros dun dos seus dibuxos: "—Nas cidades prohibiron os probes—. Sería millor que prohibiran a probeza" [5]. Mais imos ver cómo no sosteñemento dista tesis de pravalencia do campo, vai en moi boa compaña; vai na compaña do filósofo Oterga, co que niste punto mantén un paralelismo esacto. Dinos verbo deso Ortega:

> "Violentando os xeitos íntimos do noso pensamento e nosa economía —traducimos do filósofo castelán—, temos creado unhas cantas ficcións de urbes oitocentistas, coma illas de modernidade arrodeadas de deserto por todas as partes: Ao esprito disas cibdades que eran a esceición, temos entregado o goberno moral e material de España. Dunha banda, unhas cantas rúas con tranvías eléitricos e unhos cantos milleiros de cibdadáns que niles van e veñen. De outra, as légoas de campía e os millóns de españóis que aran a súa veiga, escardean a súa horta e empuxan seu gando na devesa. E para aquil pouco están arranxados todos os estormentos de socialización: códigos, palramento, prensa, escola... E para ista imensidade española, para o campo, para os homes do campo, para os pensamentos e os nervos do campo, nin ren. Seme-

[4] Castelao, *Arte e galeguismo*, conferencia pronunciada na esposición de obras do pintor Imeldo Corral, celebrada na Cruña o 25 de outono do ano 1919.

[5] *En cousas da vida*, ed. "Galaxia", Vigo, 1971; t. V, p. 3.

llante desequilibrio é fadal. E non é que vaia eu agora —prosegue Ortega— a cantar unha vez máis a melopea do probe labrego desamparado. Non se trata de compadecer ao labrego, senón todo o contrario. Trátase de esplotalo socialmente, nacionalmente, humanamente. Un pobo é unha suma de desexos, de intreses, de paixóns e de intelixencias. Canto maior sexa a moitedume de concencias vivas que aitúen en intertroque, en forma de solidaridade ou en forma de loita, dentro de unha unidade social, máis fortes serán as potencias de ísta. Eu —remata— que son profesor da Universidade, preciso da colaboración dos pensamentos aldeáns moito máis que íles dos meus..." [6].

O traballo ao que pertencen istes pasaxes, foi escrito no ano 1915. E fixémonos na nota que lle pón Ortega seis anos despóis:

"Isto escribía eu —seguimos traducindo— no ano 1915. Compráceme agora atopar no libro de Spengler *Der Untergang des Abenlandes*, 1918, sostida a tesis de que dende fai cen anos canto acaece históricamente é, en sustancia, a magna contenda entre a cibdade e o campo. Mais, a diferencia de Spengler —concruíe Ortega— eu creio que vencerá o campo e que voltaremos a íl para restaurar as nosas almas, que a gran cibdade tén esterilizado".

E aínda engade Ortega no mesmo traballo:

"Iñoro cándo poderéi facelo (refírese a espoñer o seu pensamento sobor do ruralismo asturián); mais trátase, en resume, de que non creio posíbel outro camiño pra chegar á prosperidade de España que o que pasa polo campo. A cibdá moderna é unha forma económica e ideolóxica creada polo capitalismo dos derradeiros séculos".

Spengler e Ortega. Non fica, certamente, isolado o pensamento social de Castelao en canto á súa valoración do *ruralismo*.

[6] Ortega y Gasset, José, "De Madrid a Asturias", o "Los dos paisajes", na revista ESPAÑA, 1915; *Obs. Comps.*, ed. "Revista de Occidente", Madrid, 1954, II, páxs. 263 a 265.

A prol disa idea fixo o esgrevio galego toda unha construción teórica, mais de doada apricación práitica, e pode decirse que erguéu todo o edificio do seu arte. Antre as probas que podemos poñer verbo disa direición do seu pensamento, da incrinación ao *ruralismo,* recordemos que a definilo e ponderalo adica un capíduo enteiro do seu libro *Sempre en Galiza* —fonte principal dos seus xuicios encol dos problemas do país galego—, capíduo que enceta decindo: "Quero eisaltar o nobre ruralismo de Galiza frente á retrasada urbanidade de Castela" [7]. E reparemos nos temas de algúns dos seus dibuxos:

Aquil no que un vello petrucio instruie a un neno, que o escoita fitándoo, moi prantado, da súa esperencia das idas á cibdá; e, coma un Sócrates labrego, dille ao picariño: "—Cando baixas á vila, ou levas diñeiro ou levas comida—". É decir, á vila hai que se dispoñer a levar e non pensar en traguer.

Aquil outro no que falan dúas mulleres, no esceario da aldea, da viaxe que unha delas ven de facer á vila. Arrodeadas da facenda, a vella volve cos cestos dos froitos, valeiros, ao brazo e na testa, e a moza sostén no colo á crianza. A moza pergunta: "—¿Qué viches na vila?" E a vella respóndelle: "—O señorío de sempre". É decir, no campo, o traballo; na vila, o vagar.

E aquil moi divulgado pola súa elocuente sinxeleza, no que un labrego, a contemprar o cartel que anuncia corrida de touros nunha cibdade galega e no que campea o "astado" locido e podente, escrama, doéndose: "—¡Lástema de bois!" Non pode darse escea de máis craro e fondo contraste antre o xeito de vida na urbe e no campo.

Mais onde isa antinomia acada termos de viva espresión é na peza en dous lances que en *Cousas* dinos que escrebería se fose autor teatral —¡íl, que o foi de certo e maxistralmente!—: O lance nunha corte onde hai unha vaca morta arrodeada da xente da casa, que lle fai o pranto; escea pra que rían os do patio de butacas. E o lance nun estrado elegante, da morte dunha cadeliña coma "unha folerpa de neve" ao redor da que choran unha fidalgona e dúas fidalguiñas; escea pra que a xente do galiñeiro se farte de rír a cachón.

Non perdoa Castelao ocasión de facer saír ao bico da pruma ou do lápiz o fruxo do seu xenial inxenio pra cantar, coa voz do

[7] *Ob. cit.*, páxs. 260 a 264.

seu caletrante humorismo, coma un Frai Luís da prosa e da liña, os méritos e gozos da vida do campo galego; mais tampouco deixa de bater nin un intre na negra pedra dos malfados da Terra.

O *ruralismo* é froito madurecido no árbore do seu pensamento. Tan madurecido, que íl mesmo se revestíu coas prendas do labrego e, conxugando nunha espresiva estampa aquiles complexos sentimentos de gozosa gabanza e de sombriza mágoa pola Terra, dando unha proba definitiva de afervoada e sinceira homildá, dibuxóuse a sí mesmo cuberto con coroza e portando un paraugas, poñendo ao pé do seu retrato istas verbas de fina ironía: "—Respetable público: Perdoádeme que me presente así; pero como estamos no inverno..."

2. DEFENSA DO IDIOMA

Sendo a língua, en dito de Unamuno, "un certo modo de concebir, de sentir a vida", natural é que Castelao coidase con verdadeiro afincamento, non somentes de empregala íl na súa produción literaria e no trato cotián, senón tamén de que o seu uso fose mantido e arrequentado como espresión enxebre da vida do pobo galego, da maneira de "sentir a vida os galegos". Disa preocupación ven a dar fe o demorado e persuasivo estudo que da nosa língua fixo na súa citada obra *Sempre en Galiza,* estudo no que defende a sustantividade histórica e aitual do seu idioma propio, e combate aos que o descoñecen ou subestiman [8]. E amostra tamén isa mesma preocupación cando confesa e sostén que o idioma é un estormento esencial, non somentes para o exercicio da convivencia social, senón tamén para o "conquerimento do Arte galego":

"O arte —decrara íl— é un, e a literatura como a música e a pintura galega non poden seren máis que xeitos de espresión dunha mesma beleza: a da nosa terra. E sendo eu un dos que traballan polo conquerimento dun arte galego, teño que defender a fala dos nosos abós" [9].

Nista afervoada teima reivindicadoira da língua galega, asemade de empregar a dialéitica de escritor, coma no seu devandito estudo, adoita valerse da arma incisiva do seu arte. E faino,

[8] *Ob. cit.*, lib. primeiro, caps. IV, XXIII e XXV.
[9] Na conferencia citada, *Arte e galeguismo.*

orientando o seu laborío de dibuxante deica ise fin, nunha dobre direición: dun xeito espreso e nun sentido tácito.

Seguindo a primeira disas direicións, fai falar *do* galego aos seus persoaxes, en dibuxos nos que trasparece o despropósito ou asoma o absurdo. Por exempro:

Baixo dos soportáis dunha vila, a criada fala cun home da rúa: "—De andar a servir se me esquenció del todo el jallego". E o home responlle, bulreiro: "—Vaites, vaites" [10].

Un señor de ventre aventaxado, fundido nun sillón, brandindo un cigarro puro, dille a un vello señor: "—Yo nunca sentí la necesidad de saber gallego". O vello, descargando o seu abraio: "—Es que esa necesidad no se siente en la barriga" [11].

* * *

O paisano rico, leontina no chaleque, madeira de cacique, atusando o bigote confésalle a un rexo aldeán: "—Eu quixera falar en galego nos mítins; pero non sei". E o aldeán retróusalle: "—O que non sabes tí é o castelán" [12].

* * *

Manténdose nisa mesma aititude de defensa espresa da língua galega, adica á utópica simpreza do "idioma universal" dibuxos dista afiada donosía:

Roda de cabaleiros paseantes. Un diles axiomatiza: "—¡Yo!, yo les aseguro que con el esperanto se arreglaría el mundo". Outra voz, asinte: "—¡Ni más ni menos!" [13].

* * *

Nunha trinca de vellos señores arrellanados en sendos sillóns, sentencia un diles sin apelación, por debaixo dos seus finos bigotes: "—Miren ustedes: con el sistema métrico decimal, el turno riguroso de antigüedad y un poco de esperanto... ya no se necesitaba más nada" [14].

* * *

Na segunda das indicadas direicións, de defensa tácita do idioma, fai falar e non falar *en* galego aos respeitivos persoaxes

[10] *Cousas da vida, ob. cit.*, III, p. 40.
[11] *Cousas da vida, ob. cit.*, III, p. 43.
[12] *Ibid.*, IV, p. 29.
[13] *Ibid.*, III, p. 46.
[14] *Ibid.*, III, p. 45.

dos seus dibuxos, empregando a fórmula espresiva do contraste. Cando acarea nos seus dibuxos ou nos seus diálogos literarios a labregos con "señoritos" ou a uns labregos con outros que queren ser "señoritos", fai falar aos "señoritos" en castelán. E ao topeñar ise xeito de espresión co ambente da escea e coa condición dos persoaxes, québrase o sentido da naturalidá e lostrega o ridículo. Veleiquí algúns exempros en dibuxos que se nos ofrecen coma testemuños disa aititude:

Un mozo apouvigado, acobillado nun sofá, decrara a dous vellos: "—Yo no fuí al servicio porque libré por inútil". E un dos vellos reprícalle: "—Librarías por parvo, porque outra cousa non vexo" [15].

* * *

Un neno farrapento, axionllado no chán, fita abraiado os chafaricos que leva a nena rica. E a nena dille ao picariño: "—A ti no te pusieron nada los Reyes porque tu papá es republicano, ¿sabes?" [16].

* * *

Os persoaxes disa escea trócanse agora en dous cans faladores: unha cadeliña de lás, moi aseñoritada, e un can de aldea. Dí a cadeliña: "—A mí me gustas una barbaridad, ¿sabes?, pero como eres *can de palleiro*..." E o can limítase a rosmar, prosmeiro: "—Vaites, vaites..." [17].

* * *

O ourador político, representado nun loro, diríxese a unha moitedume campesiña: "—Yo os juro bajo mi palabra de honor... (Risas)" [18].

* * *

Dous señores de vila, moi postos, dialogan: "En París hay de todo". "¡Qué va!... ¿Cánto apostas a que non hai sardiñas con cachelos?" [19].

* * *

[15] *Ibid.*, III, p. 44.
[16] *Ibid.*, I, p. 11.
[17] *Ibid.*, II, p. 11.
[18] *Ibid.*, II, p. 29.
[19] *Ibid.*, III, p. 61.

O alcalde, severo e autoritario, ergueito no salón do concello, rifa a un cativo, sumiso e apouvigado, que ven, sen dúbida, de cometer unha *terríbel* trasnada: "—Es usted un sirvengüenza, un miserable, un canalla... ¡Una vergüenza de la sociedad!" [20].

* * *

As esceas e o ambente refrexados en todos ises dibuxos, e noutros máis que ao respeito poderíamos traguer eiquí [21], chaman de tal forma pola fala galega, que ao contemplalos recebimos a impresión certa de que sin usala os persoaxes non poden entenderse e, sobor de todo, están fora dunha realidade social inviolábel. Ise é, de seguro, o fin derradeiro que o seu autor se propuxo ao crealos, poñendo o seu humorismo ao servizo do idioma da Terra, ao que íl concede un valor cuia medida pode xugarse por iste pensamento seu: "Noso idioma é unha obra de arte... Creouna o xenio inviolábel do noso pobo e labrouna o amor, a door e a ledicia de moitísimas xeneracións. Unha língua é máis que unha obra de arte; é matriz inagotable de obras de arte".

3. ATAQUE CONTRA DAS PRAGAS DE GALICIA

Pra nós, na persoalidade e na obra de Castelao sobrancea unha condición que nalgún outro lecer temos calificado: a de *xuez da sociedade galega;* pois que xusgóu, poñendo ao descoberto e *sentenciando* con dureza as sete pragas que de antigo viña padecendo. E non tomóu isa postura con gratuidade temática que, de outra banda, sería lícita no artista, senón pra contribuír co seu labor á defensa —veleiquí cómo, asemade de xuez foi abogado da súa terra— do xeito peculiar de vida dos galegos, ao erguemento da súa economía e da súa dinidade social. A confesión disa vontade encérrase nista refleisión que íl se fai: "Certo que a Terra que amamos tanto aínda é un "val de bágoas"; pero nós, os galegos, superaremos a predición relixiosa e trocarémola en Paradiso" [22].

De acordo coiste pensamento, aspirando a *botar do Paradiso* aos "anxos rebeldes", proieita seu arte deica un terreo social,

[20] *Ibid.*, I, p. 5.
[21] Vid., por exempro, na mesma coleición *Cousas da vida* os dibuxos obrantes nos vols. I, p. 5; III, pp. 17 e 27.
[22] *Sempre en Galiza, ob. cit.*, p. 46.

servindo a dobre finalidá de sinalar e combater isas sete pragas asoballadoras da nosa Terra: o caciquismo, a inxusticia, a probeza, a usura, a emigración, a iñoranza, o door; labor que, encadrado xa en parte na perspeitiva histórica, conserva aínda eficacia con respeito de aquelas que podan subsistir e de feito subsisten. Doado seríanos traguer eiquí, si a ocasión o permitise, abondosas mostras disa aititude crítica. Ben manifesta está na obra de Castelao, por exempro, a súa teimosa xenreira contra da emigración, que combatíu poñendo ao descoberto as catro caras dise mostro demográfico que parece ter sete vidas: a marcha do emigrante; a terra abandoada; a estada no país de destino e as laceiras do regreso. E ben manifestos están na súa produción de dibuxante e de escritor os asañosos ataques a todas as demáis lacras de Galicia, que parece quixo personificar nos tipos que desfían pola súa narración *Memorias dun esquelete*: o "pataqueiro" con mausoleo de mármore; o "americano" que, farto de engaiolar aos indios do Chaco con adoas de vidro, morréu en recendo de santidade; a "criada de servir" que "fea viviu, mallada e batida, e agora pode durmir"; o "vampiro que no mundo dos homes fora cacique, e saía da campa polas noites e iba á cibdade pra seguir zugando o sangue das vítimas..."

* * *

Nestora en que se cumpre o vintecinco cabo de ano do pasamento do xenial escritor e dibuxante galego, coidamos que a máis vizosa e máis frorida coroa que podemos adicarlle en honra da súa memoria, é traguer a colación iste aspeito do seu herdo espritual, que deixamos simpremente apuntado: os seus anceios e traballos pra diagnosticar e sandar os males do corpo social de Galicia. Porque é isa a leición máis eficaz que nos legóu e que temos a obriga de seguir, coidando do erguemento espritual e material da nosa Terra. Porque é ahí onde está a deuda cecáis máis cuantiosa que coa súa persoa e coa súa obra temos contraído os galegos.